
Farruco, Paco, Fran: datos históricos e evolución dos hipocorísticos en Galicia

Ana Isabel Boullón Agreló
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo:

Os hipocorísticos, ou formas afectivas dos nomes persoais, apenas foron obxecto de estudo en Galicia ata agora. Neste traballo comézase reflexionando sobre a súa delimitación conceptual e as dificultades metodolóxicas para o seu estudo. Logo, examínanse os rexistrados en Galicia ao longo dos séculos, desde a Idade Media, os Séculos Escuros e o século XX ata as tendencias máis recentes. A partir deles faise unha análise dos procedementos de formación dos hipocorísticos máis tradicionais (a adxunción de sufixos, a supresión de sons, o uso de certas consoantes palatais, e outros) e considérase a influencia que sobre eles tiveron os cambios nas tendencias onomásticas dos últimos anos. Ao final reproducécese a compilación das máis de 400 formas rexistradas.

Palabras chave:

Antroponimia, hipocorísticos, lingua galega.

Abstract:

Hypocoristics, or affectionate forms of personal names, have scarcely been the subject of study in Galicia until now. In this work the author reflects upon their conceptual delimitation and the methodological difficulties posed by their study. Hypocoristics registered in Galicia during the course of several centuries are examined, from the period of the Middle Ages, to the so-called Dark Centuries and the twentieth century until more recent trends. Processes associated with the formation of more traditional hypocoristics are analyzed (the addition of suffixes, suppression of sounds, use of certain palatals consonants, etc.), with especial emphasis places on the influence that changes in naming trends have exercised upon them in recent years. Finally, the compilation of the more of 400 forms is reproduced.

Key words:

Personal names, hypocoristics, Galician language.

1. Delimitación do concepto de hipocorístico

Os hipocorísticos son variantes formais dun prenome, que se comezan a usar no ámbito familiar e teñen orixe nos hábitos articulatorios da linguaxe infantil.

Comparten características cos alcumes, por seren ámbalas dúas denominacións alternativas á oficial, non sistemáticas, que se dan nun ámbito máis ou menos reducido ao redor do portador. Pero os alcumes son propios das áreas rurais e vilegas, motivados ao principio e moitas veces hereditarios; pola contra, os hipocorísticos están estendidos a tódolos ámbitos sociais e poboacionais, créanse a partir das características formais do prenome (ou repiten unha forma xa consabida), e raras veces son hereditarios, porque, con frecuencia, deixan de usarse máis alá da adolescencia ou fóra do ámbito familiar. Isto non significa que algúns deles non poidan converterse propiamente en alcumes que acompañan o portador durante toda a súa vida, e nalgúns casos, coma os alcumes, tamén se fan hereditarios, ata esquecerse a motivación ou o nome último que os orixinou.

Este carácter ‘cariñoso’, ‘diminutivo’ que está na orixe etimolóxica da palabra¹, pode obstaculizar a súa identificación, porque tódolos nomes propios son, en principio, susceptibles de portar sufixos de carácter expresivo que reflicten unha actitude de tenrura cara á persoa que o leva; nese caso está, por suposto, o sufixo diminutivo por excelencia, *-iñalo* (*Carmiña*), pero tamén outros que practicamente só se usan cos antropónimos (como en *Quicocho*, *Xanzolas*), e que se poden empregar de maneira asistemática, só en determinadas ocasións. Esa é a razón, seguramente, do uso de certos diminutivos, normalmente expresados co sufixo *-iño*, que se observan nos textos literarios, como o *Barbuliña* co que se refire Sarmiento [1746] á princesa portuguesa esposa de Fernando VI, Bárbara de Braganza. Nesta recollida procurei ter en conta non tódalas posibilidades do sistema de aplicación de sufixos ás bases antropolónicas, senón só aquelas formas que semellan ser usadas como a denominación principal da persoa no seu ámbito social máis próximo.

Por outro lado, hai hipocorísticos que foron considerados como as formas galegas do nome correspondente, posiblemente por un certo afán diferencialista. O propio Saco, na súa *Gramática* (1868: 235-7), só indica propiamente como “diminutivos” *Perucho* e *Maruxa*, pois para o cast. *José* propón como equivalentes *Pepe* e mais *Xepe*, *Farruco* e *Fuco* para *Francisco*, ou *Chinto* para *Jacinto*, aínda que parece facer unha distinción entre *Xan* (equivalente a *Juan*) e o nome do santo, que é san *Xoán*. Estando a lingua galega asociada durante tanto tempo ao ámbito estritamente familiar ou rural, tampouco é de estrañar que estas formas, as usadas realmente pola xente, fosen consideradas as autenticamente galegas. Así o demostra Vicente Turnes, quen en 1846, no seu poema “Aos augustos desposorios de Isabel II e Luísa Fernanda de Borbón”, chámalle *Sabela* e *Sabeliña* á raíña, e ao seu desposado, *Farruco de Borbón* ou *Farruco de Asís* (Dobarro Paz 2000). E aínda antes, nos poemas das *Fiestas Minervales* (1697: 47), Joseph Guerrero Lasso de la Vega chámalle *dona Sabel* á raíña católica.

¹ Do gr ὑποχωριστικός ‘acariciativo’, ‘diminutivo’, derivado de ὑποχωρίζεσθαι ‘falar á maneira dos nenos’, ‘chamar con diminutivos ou expresións cariñosas’, e este de χόρη ‘nena’ (DCECH s.v.).

Esta perspectiva, que xa foi corrixida nos últimos tempos, ao conseguir a lingua outros ámbitos e outros usos, mantívose, porén, nalgúns casos: hoxe está moi estendida a crenza de que *Catuxa* ou *Sabela* son as formas galegas estándares², como tamén o entendía Saco (1868: 235), aínda que en orixe son as formacións hipocorísticas de *Catarina* e *Isabel*, respectivamente. A máis antiga mención de *Catuxa* localizada ata agora, en 1756, dá luz ao respecto: o cura de Fruíme dedicáballe a “D^a Catalina Garinverti y Cárdenas” un poema onde lle chamaba *Catuxiña*, con ocasión do seu santo: “Dios che dè por muitos anos / os días da túa santa / miña santa Cataliña” (Pardo de Neyra 2002: 170); daquela, usa unha forma en castelán, *Catalina*, unha galega, posiblemente considerada hipocorística, *Catuxa*, e outra, tamén galega, como nome da santa, *Cataliña*³. En realidade, a mudanza da consideración sociolingüística de certas formas non é un fenómeno estraño: é relativamente frecuente a conversión de hipocorísticos en nomes “formais”, isto é, aptos para o rexistro civil, e, de feito, constitúe unha das maneiras actuais de renovar o corpus onomástico (véxase, por exemplo, DNG 1992: 31 e Boullón Agrelo 2007: 106).

2. Dificultades metodolóxicas para o estudo dos hipocorísticos

O carácter non oficial destas formas dificulta en boa medida a súa colleita, pois non se consignan nos catastros antigos, nos censos oficiais das oficinas de estatística nin nas guías telefónicas, por citar algúns lugares usuais de recompilación de datos antroponímicos. Cómpre recorrer, logo, a fontes indirectas, que se detallan na relación bibliográfica final. En primeiro lugar, á literatura: para o séc. XVIII, é cita inexcusable Sarmiento (que nos ofrece unha relación dos nomes e hipocorísticos galegos que el consideraba máis representativos no seu *Coloquio en mil duascientas coplas galegas*). No XIX, os textos das Tertulias ou Parolas⁴, as alusións feitas nas gramáticas decimonónicas (especialmente a de Saco (1868), pois Valladares reproduce practicamente as súas apreciacións) e mais outros textos literarios da época, como advertiu Fernández Salgado (no prelo):

² De feito, no Censo do Instituto Nacional de Estadística (Madrid) do ano 2001, hai 120 ocorrencias de *Catuxa* fronte a 114 de *Catarina* e 780 de *Catalina*; e 1.276 de *Sabela* fronte a 12.534 de *Isabel*. Non hai, porén, ningunha ocorrencia de *Farruco* –quizais moi asociado ao ámbito rural–, aínda que si 3 de *Fuco*. Tódolos datos onomásticos citados de aquí en diante están tirados das bases de datos da Sección de Onomástica do ILG.

³ Esta variante está tamén documentada en textos medievais do s. XV, en DocDevOurense, CDRamirás, LNotasRianxo e CDNoia, se ben a maioritaria era *Catalina* (aínda que o grafema <n> podía nesta época tamén indicar nasal palatal, como é sabido); a forma con *r* documentámola só unha vez (*Katarina*, nun texto escrito en latín en CDRamirás). Ademais, *Cataliña* perviviu na toponimia e como advocación relixiosa: *Santa Cataliña* (Muros-C), *A Cataliña* (Salvaterra-P), *Santa Cataliña de Armada* (Santa Comba-C), *Santa Cateliña* (Cartelle-Ou).

⁴ Moitos destes textos foron recollidos na colectánea *Prosa galega* da Universidade de Santiago (1976).

Fixemos un relato dos nomes dos personaxes que aparecen en 30 narracións dos 16 primeiros autores que figuran na colectánea dirixida por M. Hermida (2003) *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*, e estes son os resultados. Os nomes de home que aparecen en máis de dous personaxes, por orde e agrupados sen ter en conta o hipocorístico, son: *Farruco*, *Francisco* ou *Fuco* (que o levan 8 personaxes), *Pedro* ou *Perucho* (7 p.), *Pepe* ou *Xosé* (5 p.), *Antón* (5 p.), *Xan* (4 p.), *Caietano* ou *Queitano* (2 p.), *Bertoldo* (2 p.) e *Andrés* (2 p.); estraña que *Manuel* só sexa o nome dun personaxe. Entre as mulleres, os máis frecuentes son: *Marica* (nome de 6 personaxes), *Pepa* (4 p.), *Rosa* (2 p.) e *Xoana* (2 p.).

Como fontes modernas, acudimos ao espolio de varias obras de recollida da fala popular, coma *A nosa fala* e o *Cancioneiro popular*⁵. Despois, fóra de traballos de campo específicos (moi poucos deles publicados, salvo os de Iglesias González 2005, ou Hafner 2004, que só parcialmente se ocupa de Galicia), recollidas de alcumes (como as de Torres Regueiro / Cuns 1989; Santos Gayoso 2002), ou a relación do DNG (1992: 593-598), o lugar impreso onde se rexistran é nas necrolóxicas dos xornais, que son especialmente útiles, pois dan datos moi precisos (idade e mais lugar de residencia) e, ademais, con elas tense a constancia de seren efectivamente as formas que máis identificaban o finado no seu contorno, tendo a mesma funcionalidade cós alcumes.

Por outra banda, unha dificultade engadida, que se ten tamén con outras formas lingüísticas procedentes de rexistros coloquiais (como a fraseoloxía), é a de distinguir formas que proceden do castelán das xenuinamente galegas, pois moitas non se poden xerbrar foneticamente (como *Lalo*, *Chencho*). Quizais se deba facer valer aquí o criterio cronolóxico, pois posiblemente as máis recentes se deban ao influxo do castelán. Por exemplo, os hipocorísticos tradicionais de *Francisco* en galego eran *Farruco*⁶ e *Fuco* (e así aparecen nos textos decimonónicos); a forma *Paco*, se

⁵ Os datos onomásticos desta fonte foron amablemente proporcionados por Antón Santamarina, a quen llo agradezo desde aquí.

⁶ Pensado (1991) pensa que é de orixe castelá, por figurar desde 1791 nos dicionarios da Real Academia Española, aínda que a partir de 1852 veña coa marca “provincialismo de Asturias y Galicia”, e de que as atestacións máis antigas, que el mesmo proporciona, foron feitas por Fr. Pereira de Novais, “que escribe en Santiago entre 1662 e 1690”, quen explica que “oy en día estemos corrompando el nombre de Francisco en Farruco y el de Fernando en Fernanduco”. Na Idade Media funcionaba unha forma moi semellante tamén como hipocorístico (*Stephanus Petri miles dictus Ferrucus* a.1253 CDOeira 704 = *Stevao Perez Ferruco* a.1298 CDOeira 1271), pero non correspondía a *Francisco*, porque este nome, se ben se documenta na Idade Media, por causa do santo de Asís (*Frâncisco* Lopez notario publico de Lugo a.1308 CDMaia 84, *Francisq<u>o* Marino a.1422(or.) DocNoia 74nº35), acadou a súa popularidade grazas a Francisco Xavier (morto en 1522); de feito, no XVIII era o 2º nome máis popular en Galicia (véxase o cadro do punto 7). Actualmente tamén é voz común: “**farruco** -a *adx.* 1. Que manifiesta insolencia, arrogancia e atrevemento na maneira de comportarse ou pola actitude que adopta.

non era orixinariamente galega, adaptouse plenamente, como nos mostra o derivado *Pacucho*; porén, as formadas ca reduplicación da última sílaba, como *Quico* ou *Queco* parecen moito máis recentes, e aínda máis *Fran*, formada por apócope, procedemento fonético que nos últimos anos está suplantando os demais.

A secuencia cronolóxica que se seguiu aquí foi a de distinguir tres períodos, coincidentes coas tres etapas fundamentais que distinguimos na antroponimia galega: unha primeira de conformación, coincidente coa Idade Media; outra correspondente aos Séculos Escuros e que chega a finais do século XX, caracterizada pola intrusión do castelán e a forte influencia da Igrexa católica; e, finalmente, a terceira, que comeza a finais do séc. XX, tralo remate do franquismo, o cambio das leis e as mudanzas das condicións sociolóxicas. Desta maneira veranse as primeiras (e escasas) mostras de hipocorísticos nos primeiros textos; comprobarase que os procedementos de formación, xunto co sistema nominal, permaneceron case invariables nos séculos seguintes, e, finalmente, que non é ata final deste período (s. XX) cando se deron maiores cambios na elección de nomes e, por ende, tamén dos hipocorísticos.

3. As primeiras atestacións: os alcumes na Idade Media

Se ao principio apuntaba os problemas da recolleita actual dos hipocorísticos, estes problemas aumentan, loxicamente, se o campo de estudo é a lingua medieval. Nestes casos, o único que podemos consignar é a constitución morfolóxica, é dicir, a presenza ou non de sufixos diminutivos. Xa teño dito (Boullón 1999: 69-71), que as máis antigas atestacións de segundos nomes, introducidos pola fórmula latina *cognomento*, estaban en bastantes ocasións constituídas por hipocorísticos, que se formaban de maneira semellante aos actuais: por aférese (exemplos a, b, c), sufixación (d, e), coa combinación de varios destes procedementos (f, g), con sufixos diminutivos a partir de nomes diferentes (h, i, j), ou por reduplicacións dunha sílaba (k); este parece ser o caso de *Pepe*, antigo nome medieval que aquí parece funcionar como hipocorístico de *Pedro* en dúas ocasións (l, m).

a) *Geldemiro* cognomento *Mira* a.918 TSobrado I 124,

b) *Segesinda* cognomento *Sinda* = *Segesinda* cognomento *Sindina* a.932 TCelanova 103

Píxoseme farruco e tiven que ameazalo. CF. *valente*. 2. Que se aferra con enerxía e empeño a unha idea ou a unha maneira de actuar, persistindo nesa actitude. *Como se poña farruca non hai quen lle faga cambiar de idea*. CF. *cazorro*, *obstinado* (máis culto), *teimoso*, *teimudo*, *testán*, *testudo*. 3. Que se mantén áxil, con saúde e con bo aspecto [persoa], mesmo a pesar da idade. *Está moi farruco para os anos que ten*. SIN. *rufo*. 4. Cheo de fachenda e con moita satisfacción de si mesmo. *Puxo o seu mellor traxe e saíu á rúa todo farruco*. SIN. *rufo*” (Diccionario da RAG, dispoñible en <http://www.edu.xunta.es/diccionarios>).

- c) *Belfonsus* cognomento *Fonsu* a.963 TSobrado I 119
- d) *Mariam* Cipriani *Mariolam* cognomento a.[1152] TSobrado I
- e) *Petrus* Stephani dictus *Perroch* a.1202 TSobrado II 409
- f) *Isilo* cognomento *Sisina* a.803 TSobrado I 110
- g) *Marinam* Froile de Balone cognomento *Riolam* a.1220 TSobrado II 358
- h) *Uistragildus* cognomento *Gotinus* a.842 TSobrado I 110
- i) *Guduildi* cognomento *Nunina* a.905 TSobrado I 98
- j) *Clixovara* cognomento *Gotina* a.963 TCelanova 140
- k) *Teodildi* cognomento *Titi* a.937 TCelanova 130
- l) *Pepi* = *Petrus* cognomento *Pepi* a.953 TCelanova 77
- m) *Petrus* cognomento *Pepi* Arias [notario] a.991 TCelanova 28

Cómpre ter en conta, no entanto, unha prevención sobre o valor destes sufixos, pois non temos constancia absoluta de que fosen afectivos. De feito, o sufixo *-inus* era usado, en época latina, con valor patronímico, e este valor aínda parece estar en uso nalgúns dos nosos exemplos medievais, tal como se ve en *Palumbina filia Pelagii Palumbo* (a.1190 TSobrado I 217). En todo caso, dado que a partir do século XI se xeneralizou o uso do patronímico, expresado ben polos sufixos propios (con fachuqa latinizante primeiro, *-iz*, *-ici*, *-izi*, *-it*, e finalmente coas formas romances *-ez* e *-es*), o sufixo *-inal-us* e outros máis (como *-ulal-us*, *-ellal-us*, *-olal-us*, *-ital-us*), foron habilitados para a formación de numerosos nomes de orixe case sempre latina. Nestes nomes, lexicalizados xa co sufixo integrado, xa non se pode advertir unha función hipocorística clara. Son formas como *Abbatinus*, *Guntinus*, *Avolinus*, *Seniorinus*, *Argentina*, *Godina*, *Flammula*, *Bonellus*, *Domnella*, *Auriolus*, *Pelagiolus*, *Piniolus*, *Raiola*, *Liliola*, *Grasiola*, *Bellita*, *Nunnita*, *Domnitus*, *Mellitus* (máis exemplos en Boullón 1999: 88-90). Na baixa Idade Media isto xa non se dá: a maior parte destes nomes mencionados deixan de estar de moda, e os nomes femininos que presentan a terminación *-iña* non o portan como sufixo, senón por evolución fonética: *Mariña* (< MARINA)⁷, *Esteveíña* (< STEPHANIA), *Cataliña* (< EKATERINA: vid. nota 3) e *Martiña* (< MARTINA).

A devandita explicitación dos “cognomentos” case desapareceu dos documentos ao xeneralizárense os segundos nomes, na súa maior parte patronímicos. A partir daquela, apareceu a forma romance *dito* para ir seguida, normalmente, de alcumes, cun uso frecuente de sufixos diminutivos, habitualmente a partir de bases léxicas. O máis abundante, é, como é previsible, *-iñalo*, do que indico algúns exemplos ordenados cronoloxicamente:

⁷ A explicación tradicional deste nome é a extensión do culto a santa Mariña de Antioquía, por volta do séc. VII (Piel 1949: 347), que deu lugar a 53 referencias toponímicas en Galicia, das que 12 son parroquias (*Nomenclátor de Galicia* 2003). Outra hipótese faíno hipocorístico de *María*.

Maria *Peq<ue>nina* a.1326 DocUnivSantiago 71 = Maria *P<e>l<a>s* dita
Peq<ue>nina de Bemuiure a.1330 DocUnivSantiago 104
P<er>o Mōteyrño de Pumar de Rrioo a.1341(or.) DocNoia 15nº2
G<oçalv>o Caluino fferr<eyr>o a.1372(1414-1500) TBieitoSantiago 36
 Afonso Vidal dito *Fieytino* a.1394(or.) DocNoia 29nº12
 Rroy *Rroxiño* a.1446(or.) TBieitoSantiago 70
 Jua4 *Frāquiño* a.1448(or.) CDRamirás 572
 Johan *Patiño* a.1454 DocDevOurense 2, 62
 Martiño *Menyño* a.1454 DocDevOurense 2, 61
 Rroy *Mouriño* de S<an> Tome a.1457 LNotasRianxo 773

Hai tamén outros alcumes nos que se parece recoñecer outros sufixos diminutivos:

suf. *-elalo*: Eluyra Mourela a.1378 DocUnivSantiago 252; Costança Martina
 Minanguela a.1429 CDFerreira 194; Ynes Rugela a.1434 PadrónsOurenseXV
 48, Fernan Mourela a.1473 CDMondoñedo 384

suf. *-ucha*: Garcia Marucha a.1187 TSamos 370

suf. *-ete*: Petr<us> *P<e>l<a>gij d<i>ct<us>* Rebolete a.1326 DocUnivSantiago 71

En poucos casos este sufixo está engadido a nomes propios situados en segundo
 lugar na cadea onomástica:

Domingo Aluarino home de Joh<á>n Eanes de Padrõ a.1342(or.) DocNoia
 17nº4
 Pero S<an>tiagujo a.1457 LNotasRianxo 385

No seu traballo sobre o patronímico na baixa Idade Media, Diéguez (2000: 655)
 recolleu máis formas hipocorísticas, tiradas en parte de testamentos, e referidas a
 criados que son citados con esas formas diminutivas⁸:

Aldara: *Aldariña* a.[1480] PadrónsOurense 89
 Afonso: *Afonsino* (1375 GH 81); *Afonsin* a.1427 DocUnivSantiago 305,
Afonsjno a.1457 LNotasRianxo 648.
 Albertina de Canbeiro (1436 FU 305), *Albertina* (1402 FU 266); *Albertinna*
 (1433 FU 288); *Albertina* (1433 FU 289) [Non creo que sexan formas dimi-
 nutivas, como tamén dubida Diéguez, porque o feminino *Alberta* non se

⁸ Escóllmoas e ordénoas doutra forma, engadindo algúns exemplos máis (que se distinguen polo tipo de
 citación bibliográfica), e resaltando os sufixos en cursiva a primeira vez que aparecen. Os textos entre
 parénteses angulares (<>) indican cursiva no orixinal.

documenta na Idade Media, ao contrario ca *Alberte*, o que parece indicar que aquí o sufixo emprégase para formar a forma feminina].

Antonio: *Antoninho* Martinez clerigo (1374 TUI 89). “que provavelmente não terá sido verdadeiro diminutivo, mas a forma derivada de ANTONINUS”.

Bernaldo: *manífico señor don V<er>naldino P<ere>z Sarmẽto cõde de Riba d’ Abja* a.1499 CDMaia 178.

Domingos: *Domygos Estevez dicto Myngachos* (1422 C.H.P., Chelas 189).

Fernando: *Fernandillo* (1287 VF1 29); *Fernandino* (1335 OS3 1578); *Fernandijño* a.1345(or.) DocNoia 18nº5, *Fernandyno* Ferreiro (1385 FU 250); *Fernandino* do Paaço (1402 FU 266).

Gomez: *Gomeziño* de Leiro (1506 MF 11).

Gonçaluo: *Gonçaluino* a.1361 CDRibadavia 69, *Gonçelino* Roiz (1470 VF2 353).

James: *Jamete* raçoeiro de Mendoneda (1326 GH 71).

Johan: *Joanino* Dogresso a.1269 CDMaia 182; *Jaanino* clerigo de Toruẽo a.1281 CDMaia 134, *Johanino*, ffillo de Ffernã Ioh<an>es a.1281 CDMaia 133; *Johãniño*, o alfagime a.1310 CDMaia 85; *Joh<a>njno* pai de Johan de Vilachãã a.1332 DocUnivSantiago 123.

Lopo: *Lopillo* [irmán de Gil e Jacome, fillos de Vasco Lopes de Burgos e de Moor Peres], 1442 FU 322).

Maria: *Mariam* Cipriani cognomento *Mariolam* (a.[1152] TSobrado I); *casam de Mariola* (1221 RS 27); *Marica* Gomez (1435 DH1 10); *Maricas* do Barreyro (1435 DH1 10); *Maricas* (1434 FU 296).

Maior: *Mayoriña* (1427 FU 281).

Mendo: *Meendiño* (o trobador).

Paulo: *Paulucho* (1330 CM 779, 1333 CM 817) = *Paulucum* [reitor de Sª María de Viveiro] a. 1305 CDMondoñedo 98 = *Paulucho* a.1331 CDMondoñedo 131 = *Paulucho* coengo da yglesia de Mendoneda a.1333 CDMondoñedo 133.

Pedro: *Gunzalvo Perrot*⁹ a.[942-977] TCelanova 226, *Diego Perrote* a. 1329 CDMondoñedo 128, *Pedrote* (1424 VL 179), *Pedruchi*¹⁰ *petrarium* a.[1152] TSobrado II 130, *don Pedrol* (1212 RA 7), *Pelagio Martini Pedrol* (1250 RA 78), *Pedrol Alfonsi* (1253 RA 102), *Pedrellyno* da Grova (1278 OS2 1124);

⁹ Esta forma, documentada só nos tombos de Celanova e Sobrado (véxase Boullón 1999: 361), podería ser derivado de *Pierre* e proceder dunha forma do leste (Francia ou Cataluña), coma no fr. *Perrot* e *Pierrot*. Que ten relación con *Pedro* parece corroboralo a seguinte atestación: *Petrus Stephani dictus Perroch* a.1202 TSobrado II 409.

¹⁰ Con respecto a esta forma hai varias hipóteses, desde ser o antecedente do hipocorístico *Perucho*, ata vir dun radical prerromano (véxase Boullón 1999: 350).

Pedrucho d-Alenparte (1279 OS2 1138); *Pedrocho* d-Alenparte (1279 OS2 1139); *Pedrelinho* do burgo (1287 Sobrado de Trives 15); Juan Perez llamado *Pedruxo* (1298 CM 393); *Perucho* criado de fernã sanches (?) (1479 DH1 11).

Sabastian: Bastian d'Ayazo, notario da Pobra do Deán de Santiago (que asina o documento como Sabastian d'Ayasio; doc. inédito de 1482, procedente do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago).

Neste traballo ofrécense tamén outros datos interesantes sobre as motivacións do uso dos diminutivos, como na seguinte cita do *Livro de Linhagens* (Diéguez 2000: 656):

Este Rui Diaz d'Urroo, que ja dissemos, houve ãa filha de gaança em ãa molher filha d'algo, e havia nome dona Tareija Rodriguez, e chamarom-lhe por sobrenome, quando era moça, *Tereijinha*, porque bailava bem (LL 44 R 3).

Ou a cadea onomástica *Pedro Perez dicto Pedrinho* (1317 BM 20), localizada nun documento portugués (do Baixo Mondego), onde se ve claramente a substitución do nome no uso real polo seu diminutivo. Tamén achega o cambio nominal de *Lupi Petri de Costa* (1263 SCL 111), no mosteiro de San Clodio do Ribeiro, que aparece primeiramente nomeado como *Lupillus de Costa* (1214 SCL 25), o seu diminutivo latinizado, e mais tarde como *Lupillino de Costa* (1240 SCL 51) (Diéguez 2000: 142). Neste caso, prescínlese do patronímico, demasiado corrente para ser identificativo (*Petri*), e recórrese aos diminutivos cos que debía ser coñecido no seu contorno familiar, así como ao designativo toponímico.

En definitiva, os datos que se poden inferir do sistema denominativo medieval a través dos documentos parecen apuntar a unha situación semellante á de hoxe: as formas hipocorísticas, afectivas, usábanse na intimidade familiar ou en situacións informais e poucas veces se reflectían nos rexistros escritos, a non ser que supuxesen unha identificación máis útil có propio nome sen os sufixos.

4. Dos Séculos Escuros ao XIX

Como é ben sabido, a partir do séc. XVI desapareceu a lingua galega dos textos escritos. Iso non significa que os nomes persoais desaparecesen tamén da lingua oral, porque, se ben a castelanización dos documentos foi progresiva e case sistemática, na lingua falada a situación non foi a mesma. Sabémolo, naturalmente, por testemuños indirectos, pois, desde que no Concilio de Trento (1545) se dispuxo o rexistro sistemático dos nados, a lingua en que o fixo a Igrexa católica foi o castelán¹¹, e así mesmo ocorreu nos catastros posteriores, feitos xa pola administración

¹¹ Véxase como exemplo abondo representativo o exhaustivo estudo feito por Lema (2006) para os nados na parroquia de Berdoias (Vimianzo-Co), desde 1607 ao ano 2000.

civil (pensemos nos Catastros de Ensenada, por exemplo, de finais do XVII). No entanto, os testemuños epistolares revélannos outra situación: na correspondencia privada do conde do Gondomar (1605) figuran as formas *Joaniña* e mais *Janiña* (Álvarez Blanco / Montederramo 2004); tamén nas cartas que o Padre Isla lle mandaba á súa irmá, a ilustrada María Francisca de Isla (entre 1755 e 1781), chamábase, entre outras formas cariñosas, *Marica* ou *Maruxiña*. E isto no que respecta ás clases superiores, porque as populares vivían a cotío (agás nos momentos do bautizo, do casamento ou do funeral) cunha forma galega, moitas veces coincidente cun hipocorístico. Recórdese, por exemplo, os nomes que Sarmiento lles daba aos protagonistas do seu *Coloquio*¹², que constan sempre dunha forma galega e mais un designativo, habitualmente toponímico:

Perucho dos Merlos,
Maruxa das Rulas,
Xepiño da Fonte,
Minguiña do Rego.

Roque de Beluso,
Bastián do Castelo,
Jhan de Figueirido,
Mingos do Penedo.

Antón de Domayo
Mamed de Salcedo
Albertos de Coiro
Macías de Hermelo

Lucía da Esculca,
Thereixa do Cerro,
Farruca da Braña,
Marta dos Rexelos

Martiño dos Cobres,
Bartolo do Teso,
Bieito d'Ardán,
Bras de Montezelo,

Andrea da Chauza,
Thomasa d'Outeyro
Catuxa do Mato,
Mariña a do Cego.

El poeta Marcos da Portela

Ademais, para entrever a situación real cómpre ter en conta o testemuño da literatura, que nos informará a este respecto de forma máis real cós listados oficiais. No seu estudo sobre os nomes persoais en *Majina ou a filla espúrea*, Fernández Salgado (no prelo) comenta que

a forma galega do antropónimo era a comunmente utilizada entre os veciños da aldea; non obstante, a forma castelá era a que seguramente figuraba na súa partida de bautismo e a que se empregaba nos documentos oficiais (véxase o caso das cartas). Deste xeito, o nome patrimonial galego (*Caitán* ou *Bieito*) viñan sendo entendidos e empregados como unha especie de hipocorístico ou de forma familiar. De feito é significativo que tanto as de Sancti-Petri como Salvio cando traducen os nomes de *Cayetano* ou *Benito* os fan acompañar

¹² Cito pola edición facsímil (Sarmiento [1746]), modernizando a acentuación.

sempre de “señor”, porque á fin e ó cabo cómpre manter o trato cortés e nese caso non cabe o hipocorístico.

Se se comparan os hipocorísticos deste período e os do século XX, verase que coinciden en boa medida no que se refire ao tipo de procedementos (véxase o apéndice), excepto en dous aspectos. En primeiro lugar, as diferenzas derivadas da frecuencia dos nomes de que proceden, dado que, en xeral, os nomes máis frecuentes son os que máis hipocorísticos presentan. Por exemplo, *Domingo(s)*, o nº 6 no ránking no XVII¹³, presenta os hipocorísticos *Mingo*, *Mingos*, *Mingote*, *Mingacho* e mesmo o diminutivo *Minguíño*; en contraste, no século XX, en que baixou ao posto nº 61, xa só aparecen nunha fonte escrita as dúas primeiras; o feminino, que baixou desde o posto 7º ao 324, presentaba os hipocorísticos *Minga* e *Mingota* e mailas diminutivas *Dominguíña* e *Minguíña* no XVII, mentres que no XX xa non atopamos ningunha. E *Bartolomeu*, que ocupa o posto 24 no ránking dos nomes máis frecuentes nestes séculos e ten os hipocorísticos *Bértolo*, *Bartolo*, *Bartoldo*, no XX baixou ao posto 823, só ten as dúas primeiras formas das citadas, e esas claramente en regresión.

En segundo lugar, hai algúns nomes, de parecida frecuencia, que só parcialmente coinciden nos hipocorísticos. O caso de *Antonio* é bastante curioso: nese período ocupa o nº 9, é dicir, bastante alto. No entanto, nas fontes escritas só se rexistra a forma acurtada *Antón* (que se identificaba coa galega: de feito, nos lugares oficiais como poden ser os Catastros non se rexistra nunca), mentres que no do séc. XX, onde consta coma o 3º en orde de frecuencia, ten 13 hipocorísticos distintos. O mesmo ocorre cos de *Xosefa* (que está case no mesmo posto nos dous períodos, 13º e 14º): de *Pepa* pásase a 13 formas máis. No que lle atinxe ao masculino, *Xosé*, ocorre que os hipocorísticos son distintos: documéntase desde o XVIII *Chisepe* e *Xepe* (co diminutivo *Xepiño*), onde está presente o *-p* final etimolóxico, a partir do cal se formaría, por reduplicación, o estendidísimo *Pepe* (véxase infra, nota 17). Ou o caso dos de *Xoaquín*, que, a pesar de baixar en frecuencia (do 11º ao 54), aumentou no número de hipocorísticos.

5. O corpus do séc. XX

A relación dos hipocorísticos compilada (reproducida en anexo) que, polas peculiaridades anteditas, non poderá ser exhaustiva, pero creo que si abondo representativa, inclúe preto de 430 formas, correspondentes a outros tantos nomes; non todas elas son distintas, porque unha mesma forma pode corresponder a nomes

¹³ O ránking do séc. XVIII está realizado a partir dos datos do Catastro de Ensenada correspondentes a Santiago, Coruña, Tui e Cabanas. Con respecto á lista do século XX, os datos proceden do Censo de 2001, do INE. Véxase unha lista comparativa dos 20 nomes máis frecuentes no punto 7.

diferentes; e, á inversa, nalgúns dos nomes concéntrase unha gran variedade de formas (tales como *Manuel*, *Francisco*, *Antón*, *Carme*, *María*, *Xosé/Xosefa*). A razón é, obviamente, a gran frecuencia que eses nomes tiveron, que forzou os seus portadores a usaren formas diferentes para evitar a homonimia.




Gráfico 1. Vitalidade dos nomes con máis hipocorísticos no séc. XX (en porcentaxe).

Segundo os datos do censo do Instituto Nacional de Estatística (Madrid) correspondente a 2001, todos estes nomes están en regresión desde principios do século XX (salvo *Manuel*, que acadou o seu apoxeo en torno á metade do século), aínda que algúns deles, como *María* ou *Manuel*, experimentan un lixeiro repunte no primeiro ano do XXI, ou quizais sería máis axustado dicir un parón no descenso. Hoxe en día as tendencias onomásticas son distintas: hai novos nomes e moita maior variabilidade, isto é, menos concentración. Por iso, a concentración dos hipocorísticos por nome diminuíu, e tamén o tipo de procedementos empregado.

5.1. Características xerais do corpus

No que respecta ao número de sílabas e ao tipo de acentuación, dicía Boyd Bowman (1955: 346), referíndose ao español, que calquera que sexa o número de sílabas ou a acentuación do nome pleno, as formas hipocorísticas son case sempre de dúas sílabas e de acentuación grave. Non é exactamente así no caso do galego, aínda que é certo que os bisílabos predominan: a lonxitude máis habitual (nun 60%) é de dúas sílabas, algo máis ca nos nomes comúns (o que non é de estrañar porque, como veremos máis adiante, o acurtamento de sons é un dos procedementos favoritos para a súa formación), pero os trisílabos teñen unha presenza numérica importante (un 36%). Da mesma maneira que ocorre cos nomes propios

(Regueira 2007: 242), hai diferenzas xenéricas: os hipocorísticos femininos presentan máis proporción de nomes trisílabos cós dos homes; estes últimos aproxímanse máis á estrutura xeral dos substantivos na lingua común: a principal diferenza entre eles é unha maior proporción de nomes bisílabos nos hipocorísticos masculinos (65% fronte a 52%).




Gráfico 2. Lonxitude dos hipocorísticos (porcentaxe)

Atendendo á acentuación, son maioritariamente graves (89%); os minoritarios agudos son monosílabos (*Che, Quín, Xan, Nes, Chon, Chus*), proceden de nomes así mesmo agudos (*Colás, Vitín, Xaquín*), portan o sufixo dialectal *-ín* no canto de *-iño* (*Pepín*), ou ben están formados por reduplicación (*Cheché, Teté, Loló, Totó*) ou por síncope de nomes compostos (*Anabel, Mariló, Marisé, Xelís, Chelís, Maribel, Marité*); estes dous últimos tipos parecen tamén procedementos máis modernos con respecto aos tradicionais. E, a diferenza dos nomes comúns e dos antropónimos, só se rexistra un esdrúxulo, *Bértolo*, o que significa un 0,2% (a porcentaxe respectiva neses grupos de referencia é dun 4% e 5%: véxase Regueira 2006: 243).

En canto á distribución xenérica, é practicamente equitativa (48,5% os femininos, 51,5% os masculinos), o que parece discordar cos datos portugueses: “o uso actual [refírese a principios do XX] de hipocorísticos em pessoas adultas é todavia mais freqüente em mulheres do que em homes, porque o mimo que na primeira infancia era comum aos dois sexos ... desapareceu essencialmente no homem, depois que este se tornou adulto; só a mulher permanece terna e ameninada!” (Leite de Vasconcelos 1928: 492). O último comentario do sabio portugués está sen dúbida fóra do noso tempo, pero á parte da valoración, e polos datos que temos, non me

atrevería eu a asegurar que no século XX houbera en Galicia maior proporción de hipocorísticos femininos ca masculinos. Claro que, en realidade, temos menos datos de mulleres ca de homes, tradicionalmente, pois en tódalas instancias escritas estiveron infrarrepresentadas. O que mostran os datos aquí compilados é que o número de hipocorísticos é semellante para ámbolos sexos, cunha lixeira vantaxe para os homes.

Por outro lado, hai que indicar que a deturpación castelanizadora dos nomes propios chegou tamén, aínda que en pequena medida, aos hipocorísticos. Trátase fundamentalmente de formas que proceden de nomes que tiñan /x/ na súa forma oficial, castelanizada, evidentemente: *Genucha* < *Eugenia*, *Geluco*, *Gelucho* < *Ángel/Eulogio*, *Gina* < *Regina*. Nestes exemplos vese claramente que o que se fixo foi adaptar dous sons semellantes, o fricativo velar xordo castelán ao da gheada; polo demais, séguense os procedementos derivativos habituais. De feito, hai bases léxicas castelás ás que se lles aplica, sen máis, os procedementos morfolóxicos e fonéticos galegos, como en *Joselño*, *Josiño* ou *Juansiño*, neste último exemplo co interfixo habitual nos diminutivo rematado sen nasal, e pronunciado con seseo. Do sufixo *-ito* fálase especificamente máis adiante. En *Ligucho* < *Eligio*, parece haber unha mostra de gueada (a non ser que se pronuncie con gheada, asemellándose así máis ao nome castelán do que procede), como tamén hai mostras de gheada en *Justo* < *Agustín*.

Hai que considerar, de todos modos, que é moi difícil cuantificar a influencia dos hipocorísticos de orixe castelá no caso daqueles dos que non hai evidencias fonéticas de selo. É dicir, formas como *Chuchú*, *Chus*, *Quique*, *Teté*, non parecen axustarse ao sistema tradicional de formación en galego (como se detalla no capítulo seguinte), pero tampouco non presentan características fonéticas ou morfolóxicas alleas. Por tanto, coido que neste aspecto só se podería facer unha estimación aproximativa.

5.2. Procedementos de formación

Os traballos previos referidos á formación dos hipocorísticos en portugués (Leite de Vasconcelos 1926: 479-491), e en castelán (Boyd-Bowman 1955, Buesa 1988) coinciden en advertir diversas formas de redución de sílabas, o redobro ou duplicación de sílabas e a palatalización de certos sons, en proporcións disimilares (por exemplo, o redobro parece moito máis frecuente en portugués, e a palatalización en español). En xeral, a maior parte dos procedementos proceden da linguaxe infantil, e isto implica tamén unha certa asistematicidade. Por exemplo, estes principios poden ser aplicados a nomes distintos, de maneira que o mesmo hipocorístico pode corresponder a nomes cun parecido fonético distante, como *Lucho* (de nomes que conteñen l: *Emilio*, *Rafael*, *Anxelo*, *Lois*), *Chicha* (de nomes que teñen í: *Elisa*, *María*, *Rosalía*, ou non, como *Carme* ou *Concepción*), *Nuchol-a* (de

nomes con *n* na sílaba final, como *Marcelinol-a*, *Xoana*), *Dora* (de nomes que inclúen esta secuencia fonética, como *Dorotea*, *Adoración*, *Teodora*), *Tino* (acurtamento de nomes rematados así, como *Constantino* ou *Florentino*). E outros, os máis expresivos, xa constitúen denominacións hipocorísticas autónomas, que se recoñecen como tales e valen para calquera nome: *Pitusa* (de *Pilar* ou de *Xosefa*), *Chicho* (de *Narciso*, *Ricardo*, *Román*, *Perfecto*), *Cholo* (de *Andrés*, *Eliseu*, *Henrique*, *Manuel*, *Gonzalo*, *Xosé Luís*).

Os procedementos de formación dos hipocorísticos adoitan presentarse combinados: aférese + sufixo, apócope + morfema xenérico, palatalizacións etc. En realidade, só un 26% dos analizados presentan un único fenómeno fonético ou morfolóxico. Tendo isto en conta, aludirei aos máis frecuentes: a supresión de sons, principalmente a aférese (57%), e en moito menor grao a apócope (9%) e a síncope (9%), por veces en combinación. Despois, a adxunción de sufixos (43%), case todos eles propiamente antroponímicos. En terceiro lugar, o uso de sons palatais, que afecta o 38% das formas, e que se dá (especialmente con /tʃ/), moitas veces en sufixos (o 46,5% deles lévanos), pero tamén no 17% das formas non sufixadas. Por último, outros procedementos constátanse con porcentaxes inferiores ao 15% (monotongacións, reduplicacións, adxunción dun morfema xenérico e algún outro).

5.2.1. Supresión de sons

Os tres procesos de recorte de sons afectan de maneira diversa ás raíces dos hipocorísticos, e en conxunto fano nun 82%. Iso non significa que a lonxitude final do hipocorístico sexa menor na mesma proporción cós nomes dos que derivan, pois estes procesos están en moitas ocasión combinados co agregado de sufixos. Así, os que presentan diminución con respecto á raíz son maioría, un 64%, pero hai uns cuantos que a incrementan (8%), e os restantes mantéñense coa mesma lonxitude (28%).

Coma en castelán ou catalán (véxase García i Osuna 2003: 362), o procedemento da aférese da sílaba inicial (ou de máis dunha) é o maioritario dos que supón acurtamento silábico, aínda que só o 11% o presentan como exclusivo (*Nando*, *Fonso*, *Sefa*...); na maior parte dos casos está ligado a outro, como pode ser a inclusión do *ch* (*Chefa* < *Xosefa*, *Chon* < *Asunción*), o engadido dun sufixo (*Ducho* < *Cándido*, *Xeluca* < *Anxela*, *Mela* < *Carmela* < *Carme*) ou outros. En ocasións só resta a sílaba tónica do nome orixinal (*Tocho* < *Antonio*), ou a final (*Tocho* < *Benito*), e ao engadirle un sufixo pode subsistir unicamente a consoante, coma en *Tuchalo*, *Luchalo* (< *Emilia* ou *Rafael*). Téñase en conta que en antroponimia é especialmente frecuente o que en derivación se chama substitución de prefixo ou truncamento (así en *Matuca* < *Matilde*, *Educho* < *Eduardo*, *Vitolo* < *Vítor*), o que no noso corpus ocorre nun 8,5%; agora ben, en ocasións, o segmento substituído non é un

sufixo, senón outra secuencia non exactamente recoñecible como tal (como en *Concepción* < *Concha*, *Mercedes* < *Merche*), aínda que recorde foneticamente aos sufixos: “La charge sémantique réduite du NP semble permettre la réduction du corps phonique dans une mesure qui, pour un lexème, mettrait en danger l’intelligibilité” (Weinhold 2007: 117).

O acurtamento de sons é o procedemento preferido polos nomes compostos, e entre eles o máis frecuente é a síncope: de considerar os dous nomes como unha entidade fonética, redúcese o final de un maillo principio do outro (*Maloles* < *María Dolores*, *Maribel* < *María Isabel*), por veces coa única conservación da sílaba tónica: *Mariló* < *María Dolores*. A apócope é numericamente semellante (*Encarna* < *Encarnación*, *Reme* < *Remedios*), e pode incluír a presenza dun morfema xenérico que antes non había (*Xanxo* < *Xan Xosé*, *Pural/Porfica* < *Purificación*).

5.2.2. Adxunción de sufixos

Os sufixos que aparecen na formación dos hipocorísticos son os diminutivos, usados co seu propio valor (pois aplícanse, en principio, aos nenos pequenos), e cunha forte carga afectiva, matices ámbolos dous que comparten na lingua xeral, se ben nos antropónimos están desprovistos da carga depreciativa que si teñen na lingua común. E non sendo o sufixo *-iño*, os outros son practicamente improdutivos (Freixeiro Mato 1996: 50); o único ámbito en que se seguen mostrando autenticamente rendibles é, xustamente, no da onomástica.

Os sufixos máis frecuentes son os que teñen *u* como vogal tónica (presente no 56% das formas sufixadas, repartidos entre os sufixos *-uchalo*, *-ucalo*, *-uxa*, *-usa*, *-ulo*), seguidos a moita distancia dos que teñen *i* (21%: *-iñalo*, *-italo*, *ica*), *o* (15%: *-ochalo*, *-olo*, *-ocas*, *-olas*, *-ote*), *e* (8%: *-echo*, *-eco*, *-ela*) e só dous con *a* (*-ach-o*). A frecuencia dos sufixos en *u* posiblemente se deba a que esta é a vogal menos frecuente na lingua común (Regueira 1989: 127-128), a mesma razón pola que tamén abundan os sufixos coa consoante *tʃ*, que supoñen o 46% do total. Como xa observou Buesa (1988: 1619) para o español, ao estaren moi escasamente representados na escala de frecuencias, estes sons “adquieren un valor intencional marcadamente expresivo o fonosimbólico”. En principio, os sufixos con *u* na lingua común teñen un valor pexorativo (Alonso Núñez 2000: 149), pero aplicados aos nomes adquiren un matiz diminutivo e afectivo.

Amais da clasificación por vogal, podemos ver tamén algunhas series consonánticas: *-ach-l-ech-l-och-l-uch-*, *-ec-l-oc-l-uc-*, *-el-l-ol-*; en realidade, tense dito que un modo de multiplicar os sufixos é alterar a súa vogal tónica xerando gamas vocálicas (Michaëlis de Vasconcelos 1946: 77-78, apud Alonso Núñez 2000: 151). Por iso a orixe etimolóxica de moitos deles non está clara, pois, amais da súa procedencia case sempre latina, puideron ir sendo xerados por este procedemento. Por

último, é remarcable a combinación de varios sufixos: *Pepitiña*, *Maruxela*, *Lucha* (< *Carmelucha*) e a posibilidade de xuntar distintos sufixos ao mesmo nome: *Xoaquina* > *Nocha*, *Nucha*.




Gráfico 3. Porcentaxe de uso dos principais sufixos hipocorísticos

5.2.2.1. *-uch-alo* (< lat. -usco + ULU) é o máis empregado dos sufixos, pois aparece en 62 hipocorísticos (o 34% de tódalas formas con sufixo). Na lingua común parece ser empregado especificamente con valor pexorativo (*leirucha*, *casucha*, *tenducha*), segundo García de Diego (apud Freixeiro Mato 1996: 55), pero nos nomes é fundamentalmente afectivo: *Carmucha*, *Luchalo*, *Nuchalo*, *Tucho* (< *Antonio*), *Pacucho* (< *Paco*), *Carducho* ou *Ricucho* (< *Ricardo*), *Filucha* (< *Filomena*), etc. Hai antecedentes medievais: *Pedrucho* en 1279, *Paulucho* en 1305, *Perucho* en 1479, e tal vez antes, xa no XII (véxase supra, cap. 3 e nota 10). En catalán, *-utxo* (*Perutxo*) é sufixo considerado variante de *-ussa* e *-assa*, tamén aumentativo e despectivo (García i Osuna 2003: 336).

5.2.2.2. *-uc-alo* (“probábel var. de *-ico*” para Ferreiro 1997: 191) está en 34 hipocorísticos, máis en femininos (*Beluca* < *Isabel*, *Teruca*, *Uca* < *Maíca* < *María*, *Miluca*, *Lenuca* < *Helena*), ca nos masculinos (*Farruco*, *Fuco*, *Vituco* < *Vítor* ou *Vicente*; en *Chuco* < *Francisco* pode haber unha metátese a partir de *-ucho*, a través de *Franciscucho*), nunha proporción de 24 a 10. Na lingua común rexístrase como bastante rendible, pois aparece, normalmente con valor despectivo, en *baratuco*, *casuco*, *delgaduco*, *mulleruca*, *fachuco* ou tamén afectivo, coma tal, en *fesluca*, *feituco* (véxase Freixeiro Mato 1996: 56).

5.2.2.3. *-ux-a* (“podería constituír unha variación de *-uco* con influxo de *-exo* [do esp. *-ejo*]” Ferreiro 1997: 191) rexístrase en dous nomes femininos, de moi alta

rendibilidade (*Maruxa* e un seu derivado, *Maruxela*, e en *Catuxa*) e mais en *Peruxo* (en *Xuxo* non hai sufixo, pois é palatalización do *s* orixinario). Estes exemplos femininos son os citados nas gramáticas que tratan o sufixo, onde se lle dá valor diminutivo, como en *cabuxa*, *babuxa* ‘néboa’ (en ambos os dous casos xa lexicalizado), *airuxo*, e tamén en bases adxectivas: *branduxo*, *calmuxo*, *pequenuxo* (véxase Freixeiro Mato 1996: 57). Porén, a súa produtividade moderna ten sido posta en cuestión (Alonso Núñez 2000: 151). Para o antecedente medieval citado no cap. 3, *Pedrucho* (a.1298), hai problemas de transmisión textual, porque o testemuño está tomado dunha rexesta feita en castelán a partir non dun documento orixinal, senón dun tombo (véxase CM, nas fontes medievais).

5.2.2.4. -us-a. Esta terminación non a atopamos nas descrições gramaticais galegas. No corpus manexado aparece só en *Matusa* (< *Matilde*) e mais en *Pitusa*, correspondendo a dous nomes distintos, *Pilar* e *Josefa*; aquí en realidade é difícil decidir se se trata realmente dun sufixo, porque, se ben nun caso hai unha certa similitude fonética (*Pilar*), no outro semella totalmente arbitrario, porque con *Josefa* apenas hai ningún tipo de concomitancia. En catalán, *-ussa* (< -ŪCEA), úsase nos alcumes con valor pexorativo: *Carusso*, *Pelusso*, *Pallús*, *Pallusa*, *Parrús*, *Parrusa* (García i Osuna 335).

5.2.2.5. -ul-o: só en *Panchulo* (< *Pancho* < *Francisco*) e mais en *Martula*. Tampouco se rexistra nos repertorios de sufixos; no primeiro caso pode non ser máis ca un xogo co adxectivo “chulo”, que cadra ben coa base léxica e recorda aos sufixos con vogal tónica en *u*, pero no segundo é claramente un sufixo, a partir de *Marta*.

5.2.2.6. -och-a/o: interpretado como variante alomórfica de *-echo* (véxase infra) e en certa medida de *-ucho* (véxase Ferreiro 1997: 188), é considerado ‘raro’ en portugués e incluído entre os diminutivos con matiz afectivo, aplicado fundamentalmente a adxectivos, como *delgadocho*, *grandocho*, *pequencho* (véxase Freixeiro Mato 1996: 55). Hai un posible antecedente medieval, *Pedrocho*, en 1279 (véxase cap. 3). Nos hipocorísticos aparece en 13 formas (un 7%), repartidas case equitativamente entre masculinos e femininos: *Pilocha*, *Nocha*, *Marinocha*, *Quinocha/o Tocho*, *Locho*, *Cardocho* e *Vitocho*.

5.2.2.7. -ol-a/o (lt. -ŎLUS, por vía erudita, que pasou de átono a tónico), ten na lingua común un leve valor depreciativo, con fortes connotacións de rexistro familiar e coloquial: *merendola*, *paiolo*, *pedrolo*, *rapazolo*, *barrigola*..., e lexicalizacións, como *cabezolo*, *cachola*, *ferreirolo* (véxase Ferreiro 1997: 187). É sufixo case exclusivamente aplicado a nomes masculinos (*Cholo* < *Xosé Luís*, *Fincholo*, *Vitolo*,

Tiñolo < *Martiño*, *Carolo* < *Carlos*, *Xanzolo*), pois só o rexistramos nun feminino (*Quinola*). Non incluímos aquí o moi abundante *Manolo/Manola*, pois neles hai monotongación e remate cun morfema xenérico, -o ou -a, aínda que si debeu influír a analoxía cos portadores deste sufixo.

Unha variante deste sufixo debe ser a terminación -olas, para o masculino, que aparece en *Andolas* (< *Antonio*), *Cholas* (< *Vicente*) e *Xanzolas* (< *Xan*, co mesmo interfixo do diminutivo *Xanciño*). Este -s final vese tamén nalgúns dos hipocorísticos da Idade Media: *Maricas*, *Myngachos* (véxase supra, cap. 3).

5.2.2.8. -ocas. Posiblemente sexa a mesma variante en -as co devandito sufixo -olas, que tamén está en -icas (*choromicas*, *mexericas*, *acusicas*, *merdicas*), a partir do sufixo -oco (*bichoco*, *paifoco*, *pailaroco*, *vinchoca*) de claro valor despectivo en orixe (véxase Ferreiro 1997: 196). No corpus empregado só está no masc. *Xanocas*; en *Xocas* só é segmentable -as, pois o -k- pertence á raíz (*Xoaquín*).

5.2.2.9. -ot-ale. Probablemente de orixe francesa, tiña un valor orixinariamente diminutivo e despois aumentativo, quizais pola vogal posterior media aberta (Alonso Núñez 2000: 151). Ten antecedentes medievais que parecen apoiar a orixe francesa (*Perrot*, no séc. X; tamén *Pedrote* en 1424: véxase supra). Aínda que é bastante produtivo na lingua común cun matiz aumentativo e despectivo (cf. *gordote*, *pingota*, *pipote*, *rapazote*, *vellote*...), como hipocorístico só o rexistro en *Pepote* e en *Mingote* (no XVIII-XIX tamén había *Mingota*), procedentes de nomes de tal frecuencia que teñen unha chea de derivacións, mesmo algunha, coma esta, que non é común noutros hipocorísticos.

5.2.2.10. ech-o (<lt. -esco + ŪLU). No corpus hai oito hipocorísticos, e, excepto *Checha* (< *Xosefa*), todos eles masculinos: *Tonecho*, *Manecho/Maecho* (< *Manuel*), *Cochecho* (< *Xosé Manuel*), *Gorecho* (< *Goro* < *Gregorio*), *Necho* (< *Andrés*), *Josecho*. Na lingua común foi relativamente rendible sobre bases substantivas e adxectivas: *cornecho*, *rabecho*, *gordecho* (véxase Freixeiro Mato 1996: 55).

5.2.2.11. -ec-o. Presente en escasos substantivos con matiz despectivo como *libreco*, *soneca*, *burreco*, na lingua común é improdutivo con trazo [+ humano] (Alonso Núñez 2000: 151), e, nembargantes, no corpus hai dous hipocorísticos masculinos: *Neco* (< *Valentín*) e *Toneco*, un dos poucos comúns cos sufixos hipocorísticos do portugués (véxase Leite de Vasconcelos 1927: 457).

5.2.2.12. -el-a (< lat. ĒLLUS). Este sufixo xa no séc. XIII deixara de ser rendible como diminutivo, pola compentencia de -iño (Alonso Núñez 2000:146-7). De feito, as palabras que o levan están lexicalizadas, e se ben nalgúnhas aínda se per-

cibe o matiz diminutivo, por comparalas coa base (*campelo, portela, ruela, soute-lo...*), noutras non (*cachelo, codelo, mantelo, rodela*), e todas elas admiten perfectamente o diminutivo en *-iño*. Unicamente pode considerarse produtivas as formas nominais de base verbal en *-dela* (*apalpadela, comedela, mordedela*: véxase Freixeiro Mato 1996: 50-1). Posiblemente a súa vitalidade na antroponimia vén da popularidade de *Carmela*, onde, se ben hoxe se sente como diminutivo de *Carme*, na realidade está na orixe etimolóxica: o topónimo *Carmelus* en lat., *Kármelos* en grego, e estes do hebreo *Karmel* ‘xardín’ (DNG s.v.); o nome estandarizouse en *Carme* (port. *Carmo*, cast. *Carmen*), e *Carmela* foi considerado variante hipocorística; na antroponimia, amais desta, aparece *Lucha* e *Mela* (as dúas formas apocopadas de *Carmela*), *Maruxela* e *Terela* (nestes dous últimos casos probablemente por analoxía con *Carmela*). En *Lela*, *Nela* e *Nelo* non hai sufixo, pois é aférese de *Manuela* e *Manuel*, respectivamente, con monotongación e, no primeiro caso, reduplicación da consoante da última sílaba; en *Nelo*, ademais, engádese un morfema para indicar o xénero, igual ca en *Sabela* (< *Isabel*).

5.2.2.13. *-iñ-alo* < lat. *-ĪNUS*: é o sufixo máis vizoso e produtivo de todos cantos expresan a diminución e a afectividade (véxase un amplo tratado sobre el en Freixeiro Mato 1996: 63-117), de maneira que calquera das formacións anteditas é susceptible de admitilo. Tamén se atesta con frecuencia nas formas medievais (*Afonsino, Fernandijño, Gonçalvesino, Johanino, Meendiño, Aldariña, Mayoriña*, véxase supra, cap. 3). Aquí procurei incluír só os que alcanzaron substantividade, isto é, os que funcionan plena e exclusivamente como designadores da persoa; acadan en conxunto un 8%. En tal caso están algúns nomes femininos tan frecuentes que admiten practicamente tódalas posibilidades de sufixación para evitar homonimias: *Carminiña, Mariquiña* e *Pepitiña*, estes dous últimos con acumulación de sufixos. Nos masculinos, aparece o propio sufixo, *Iño*, como hipocorístico de dous nomes distintos (*Luís* e *Darío*), *Siño* (< *Celso*), e dous derivados en última instancia de *Xosé*: *Cheíño* e *Piño* (este a través de *Pepe*). Debemos consignar aquí a solución dialectal alternativa a *-iño*, *-ín*, como en *Pepín*, que se documenta dialectalmente en falas do leste de Lugo e no galego de Asturias e do Bierzo.

5.2.2.14. *-it-alo* (< *-ITTUS*, de orixe controvertida: véxase Alonso Núñez 2000: 166). É o sufixo diminutivo por excelencia do español (e, despois de *-iño*, tamén do portugués). En galego existe lexicalizado en *cabrito*, e tamén se rexistra como diminutivo con certa rendibilidade nalgúnas áreas (concretamente, en Castrelo do Val: véxase Alonso Núñez 2000: 166). Documentábase só con valor antroponímico con certa frecuencia en Galicia (no noso corpus, cun 11,5%: en *Pepito, Pepita* e *Pepitiña*, amais de *Sito* e *Josito* < *Xosé*, *Nito* < *Laureano*, *Tito*, que vale para moi diversos nomes, como *Antón, Lourenzo, Ricardo...*, ou *Marita* para os que comezan por *María* etc.), vitalidade que pode explicarse pola interferencia do castelán, sobre todo tendo en

conta que se rexistran sobre todo no séc. XX. Porén, quizais non sexa casual que unha das hipóteses máis defendibles sobre a súa orixe, a de Diez, que postula unha orixe xermánica, o faga principiar polos nomes propios (apud Alonso Núñez 2000: 166), pois en galego o común é rexistralo soamente en nomes propios, non na súa función diminutiva nos nomes comúns, onde *-iño* non ten competencia¹⁴.

5.2.2.15. *-ic-alo* (<ICCU). Con certa produtividade nalgúns áreas dialectais, documéntase ademais na toponimia da área oriental da provincia de Ourense e zonas limítrofes; en portugués e en castelán tamén se considera dialectal. A súa orixe podería estar nalgúns nomes propios non latinos, especialmente de mulleres (Alonso Núñez 2000: 164). Como antropónimo rexistrámolo en *Toñico* e *Perico*, formas en regresión¹⁵, e mais no feminino *Marica*, xa case desusado (aínda que documentado desde a Idade Media, como vimos arriba): empregado por Rosalía xunto co seu derivado *Mariquiña* (Freixeiro Mato 1996: 126), rexístrase no *Cancioneiro popular*, e no TILGa aparece como nome propio só na década de 1930; a especialización semántica que adquiriu a palabra, utilizada como voz despectiva para ‘homosexual’, é un poderoso impedimento para continuar servindo como diminutivo afectuoso.

5.2.2.16. *-ach-o* (lat. *-ACŪLU* en combinación con *-asco* ou deformación do aumentativo *-azo* (véxase Ferreiro 1997: 193), presente na lingua desde a época medieval, ten valor fundamentalmente pexorativo (como en *ricacho*, *covacha*), pero tamén diminutivo (*regacho*, *anguiacho*). Non é considerado como diminutivo produtivo no galego actual, senón cun valor despectivo (Alonso Núñez 2000: 156). A forma *Mingacho*, unha das escasas con antecedentes documentados na Idade Media (en 1422, véxase supra, cap. 3), procede do cancionero de Pérez Ballesteros, datado en 1885 (véxase Sánchez Rei 2006). En *Pacho* (< *Plácido*) pode recoñecerse este sufixo, aínda que tamén se pode interpretar como un caso de truncamento, semellante ao de *Concha* (< *Concepción*).

5.2.3. Uso de consoantes palatais: /tʃ/, /ʃ/, /ɲ/

5.2.3.1. Xa vimos nos sufixos antroponímicos que os máis abundantes son os que teñen *ch*, por mor da escaseza desta consoante na lingua común. Fóra da súa presenza neles, este son aparece no 15,5% dos hipocorísticos, tanto en posición inicial

¹⁴ Algo semellante pasa en catalán: rexístrase o castelanismo *-ito* como sufixo hipocorístico (*Pedrito*, *Juanito*, *Pepito* etc.: García i Osuna 2003: 332), e no castelán de Zaragoza, onde o sufixo habitual na lingua común é *-ico*, para o que “debíu influir el prestigio de la lengua nacional” (Buesa 1988: 1620).

¹⁵ Só as atestamos no *Cancioneiro popular*; *Perico*, ademais, úsano o Padre Isla nas súas cartas (escritas en castelán) e Cunqueiro na *Escola de menciñeiros* (dato que agradezo a M^a Xesús Nogueira).

(como palatalización de sibilante + i,e,a: *Che/Cheño/Chelís/Cheto* < *Xosé, Chenchá/o* < *Inocencia/o*, *Chicho* < *Francisco*, *Chinto* < *Xacinto*, *Chefa* < *Xosefa*, *Chente* < *Vicente*, *Chalo* < *Gonzalo*, *Chano* < *Luciano*, *Chon/Chona* < *Asunción*, *Chelo* < *Consuelo*, *Rosalía* > *Chelía*, ou doutras consoantes: *Chelipe* < *Felipe*, *Charal/Charo* < *Rosario*, tj: *Santiago* > *Chago*), como medial (*Machuca, Merche, Pancho*), ou engadida á última sílaba do nome orixinario: *Fincholo, Moncho* (para este último, como para *Menchu*, tense proposto unha orixe vasca). Tamén pode aparecer repetida nas dúas sílabas, o que aumenta o seu carácter expresivo: *Chenchá/o, Chichá/o, Chinchá, Chonchá, Chucho, Chuchú, Chuchi*. E, finalmente, nalgúns a motivación fonética apenas se albisca, tal é a distancia que hai entre nome orixinal e hipocorístico: *Cholo* < *Andrés/Eliseu/Henrique/Gonzalo*, *Cholas* < *Vicente*, *Chiruca* < *Mercedes*.

5.2.3.2. A mesma intencionalidade expresiva ten a palatalización en /j/, moito menos frecuente (un 1,5%), seguramente por ser un son moito máis habitual na lingua común: de aí temos *Xenxa/o* < *Inocencia/o*, *Xonxa* < *Asunción*, *Xabela* < *Isabel*, *Xuxo* < *Suso*, e, sen motivación fonética aparente, *Xoxardo* < *Leonardo*.

5.2.3.3. En canto á nasal palatal, só aparece no sufixo *-ño* e en *Toño*, como palatalización normal do grupo *nj*. E, por último, tamén cabería mencionar a palatalización en /ʃ/ procedente do grupo *rj* que se dá na forma castelá *Toya*.

5.2.4. Outros procedementos

5.2.4.1. A monotongación (11%) aparece cando no nome orixinal hai un ditongo crecente: ia > a (*Mila, Tila* < *Otilia, Tona, Totorá*), io > o (*Goro, Telo* < *Eleuterio, Tono*), ue > e/o (*Chelo, Nelalo; Manolalo*), oa > ua > a/o (*Xan, Xaquín, Xaquina; Xocas, Xoquín*). Ao seren ditongos de pouco rendemento na lingua, a linguaxe infantil tende a simplificalos.

5.2.4.2. En casos en que o nome orixinal carece dun morfema xenérico, engádese-lle no hipocorístico (11%): é o que ocorre cos abundantes marianos en *-ción* (*Chicha* < *Concepción*, *Chincha* < *Encarnación*, *Chona* < *Asunción*, *Concha* < *Concepción*, *Pural/Porfica* < *Purificación*), ou con outros femininos non rematados en *-a*, como *Tilda* < *Matilde*, *Trina* < *Trinidad*, *Sabela* < *Isabel*, *Chara* < *Rosario*, *Pilara* < *Pilar*, *Lola* < *Dolores*; ou masculinos non rematados en *-o*: *Manolo/Lolo/Nelo* < *Manuel*, *Sesol/Pucho* < *Xosé*, *Felo* < *Rafael*, *Rico/Queco* < *Henrique*, *Susol/Chucho* < *Xesús*, ou *Quino* < *Xoaquín*. Pero se lle engadimos aquí os casos en que o morfema xenérico é engadido co sufixo a nomes que non presentan orixinariamente remate en *-o* ou *-a* (*Lucha* < *Carme* etc.), a porcentaxe elé-

vase ao 65%, co cal dá a impresión de que á hora de formar os hipocorísticos se ten ben presente a distinción xenérica¹⁶.

5.2.4.3. As reduplicacións, típico recurso da linguaxe infantil, constitúen un procedemento non demasiado rendible (6,5%), ao contrario do que ocorre en portugués: de feito, Leite de Vasconcelos (1926: 485-489) dedícalle, pola súa importancia, un capítulo enteiro. Ademais, á vista dos casos en que aparece, semella bastante recente, pois a maior parte dos referidos son formas modernas, non tradicionais: reduplicación da sílaba tónica (*Loló/Lola* < *Dolores*, *Totó* < *Antonio*, *Totorá* < *Vitoria*, *Seso* < *Xosé*, *Sesa* < *Xosefa*), da primeira sílaba (*Teté* < *Tereixa*), baseándose na consoante da última sílaba (*Fefa* < *Xosefa*, *Lela* < *Manuela*, *Quique*, *Quico*, *Queco*), ou con *ch* (*Cheché*, *Chuchú*). O caso do abundantísimo *Pepe* (que deu lugar a moitos derivados e mais á forma feminina) é máis problemático, pois a súa orixe é discutida: podería vir do *-p* final dunha forma catalá *Josep* ou italiana *Gioseppe*, con redobro, ou, máis probablemente, “da duplicación do tema tónico *-ep*, forma antiga por perda da aspiración en *Joseph*” (DNG s.v. *Xosé*)¹⁷.

5.2.4.4. Algunhas deformacións veñen dadas claramente por simplificacións de grupos consonánticos, normalmente con *r*, derivadas das dificultades dos nenos para aprender a articularlos: *Menani* < *Mª Carme*, *Lalo* < *Bernardo/Hilario*. Rexístrase algunha metátese, como en *Pacucho* > *Pachuco*, *Chuco*.

5.2.4.5. Por último, hai algúns hipocorísticos que desde o punto de vista fonético non teñen nada que ver (ou apenas) co nome do que proceden. Poden ser motivados para outros nomes, pero aquí parecen totalmente arbitrarios. Nestes casos o seu uso está máis próximo aos alcumes (e, por tanto, a súa motivación pode ser calquera) cá das formacións hipocorísticas habituais: así *Chelo* de *Natividad*, *Cholo* de *Gonzalo*, *Henrique* e *Eliseu*; *Suso* de *Evaristo*, *Pilucha* de *Angustias*, *Pitusa* de *Xosefa*, *Nenuca* de *Concepción*, *Chiqui* ou *Queca* de *Helena*. Outras veces, aínda sen ver clara esa motivación, son hipocorísticos convencionalmente aplicados a certos nomes, como *Chiruca* < *Mercedes*.

¹⁶ Aínda que non deixa de haber casos de hipocorísticos válidos para os dous sexos, como *Loló* (de *Manuel* ou de *Dolores*) e, por outro lado, como xa se dixo, tamén hai sufixos rematados en *-as* para o masculino (como *-ocas* e *-olas*).

¹⁷ Esta hipótese parece ser apoiada pola existencia dos antigos hipocorísticos *Chisepe* e *Xepe*. Ademais, Gonzalo Correas dicía en 1626 que “los del vulgo la quitan [la *f*], y dicen *José*; pocos en nombres de persona dicen *Josef*, porque es contra el uso Castellano, i por eso le mudamos en *Iusepe*, *Iusepa*” (apud Buesa 1988: 1622).

6. As novas tendencias na formación de hipocorísticos

As descritas ata aquí eran as tendencias tradicionais de formación de alcumes, que polos testemuños escritos, podemos dicir que eran válidos durante todo o século XIX e o XX. No entanto, as enormes mudanzas da nosa sociedade no último terzo do XX tiveron o seu reflexo antroponímico nunha variación dos nomes propios: nos últimos anos do século asistimos a unha renovación do corpus antroponímico maior cá producida paulatinamente nos últimos catrocentos anos (véxase Boullón 2007: 99, 111). Iso ten as súas consecuencias evidentes para o tema que nos ocupa, pois, coa mudanza de tendencias onomásticas, tamén mudou o sistema de formación de hipocorísticos, xa que o habitual é os hipocorísticos formárense a partir dos nomes máis frecuentes. Agora, eses *Manuel, Xesús, Antón, Carme, Xosefa* ven diminuír a súa preferencia de tal maneira que os hipocorísticos, se os hai, créanse en boa medida a partir doutros nomes¹⁸. Ao comparar o ránking dos nomes máis frecuentes nos tres períodos considerados, verase isto dunha forma moi gráfica: nos nomes femininos, na última década do XX só un se repite¹⁹; téñase en conta que hai moita máis distancia cronolóxica entre o séc. XVIII e o XX que entre este e a súa última década. Nos nomes masculinos, dado o seu tradicional maior conservadurismo con respecto aos femininos, isto non se aprecia de forma tan radical.

Os 20 nomes máis frecuentes en diversos períodos
(en letra grosa, indícanse os que se repiten con respecto ao período anterior)

1. Femininos		
Séc. XVIII	Séc. XX	1990
Maria	MARIA CARMEN	LAURA
Antonia	MARIA	ANDREA
Josepha	CARMEN	MARIA
Francisca	JOSEFA	SARA
Juana	DOLORES	ALBA
Rosa	MARIA DOLORES	CRISTINA
Dominga	MARIA PILAR	LUCIA
Ysavel/Ysabel	MARIA JOSE	MARTA
Ana	MARIA TERESA	PAULA

¹⁸ Os hipocorísticos tidos en conta para este período cronolóxico están tirados de Hafner 2004 (a partir de L), baseados en 802 cuestionarios feitos a rapaces nados entre 1973 e 1982, en 15 puntos de toda a xeografía galega, do coñecemento directo e máis de traballos de doutoramento realizados por Laura Sar Pose (curso 2003-2004), sobre rapaces de 3º e 4º da ESO do Concello de Muxía e Lara Rozados Lorenzo (curso 2004-2005), sobre os nomes dos socios da Asociación cultural e xuvenil Itaca, de Santiago de Compostela.

¹⁹ Véxase unha análise somera da evolución dos nomes en Galicia no séc. XX en Boullón 2002. Os datos do séc. XX, como xa se dixo, están tirados do censo do INE de 2001, que carece de acentos.

Séc. XVIII	Séc. XX	1990
Manuela	MANUELA	ANA
Angela	ANA MARIA	NOELIA
Cathalina	MARIA LUISA	RAQUEL
Pasqua	MERCEDES	SANDRA
Andrea	MARIA ISABEL	PATRICIA
Benita	ROSA	NEREA
Magdalena	CONCEPCION	TANIA
Theresa	PILAR	LORENA
Mariana	MARIA JESUS	TAMARA
Ygnacia	ISABEL	BEATRIZ
Caietana	MARIA ANGELES	IRIA

2. Masculinos

Séc. XVIII	Séc. XX	1990
Juan	MANUEL	ADRIAN
Francisco	JOSE	DAVID
Joseph	ANTONIO	DANIEL
Domingo	JOSE MANUEL	ALEJANDRO
Pedro	JESUS	PABLO
Manuel	JOSE LUIS	DIEGO
Andres	JOSE ANTONIO	IVAN
Benito	FRANCISCO	JAVIER
Gregorio	CARLOS	RUBEN
Ygnacio	RAMON	SERGIO
Antonio	LUIS	MANUEL
Bernardo	DAVID	MIGUEL
Miguel	JAVIER	CARLOS
Alonso	FERNANDO	JORGE
Thomas/Thome	PABLO	ALBERTO
Nicolas	JUAN	CRISTIAN/CHRISTIAN
Julian	ANGEL	MARTIN
Vicente/Vizente	DANIEL	BRAIS
Jacobo	ALBERTO	MARCOS
Bartolome	JOSE MARIA	OSCAR

Pero non se trata só da mudanza dos nomes, senón tamén da mudanza dos procedementos da formación de hipocorísticos. A partir de agora, o sistema por excelencia xa non será a aférese e a utilización dos sufixos tradicionais *-uchol-a*, *-ucol-a* *-ochol-a*, senón a apócope e o remate en *-i* átono, ao modo dos hipocorísticos ingleses.

Isto non significa que haxa unha creba repentina e total cos procedementos anteriores, senón un cambio na preferencia deles. No que respecta aos sufixos, séguense utilizando, pero agora o preferido parece ser *-iñ-al-o* (*Variño*, de *Álvaro*, *Beliña*, de *Belén*, *Noeliña*, *Lauriña*, *Vanesiña*, *Yoliña*, *Natiña* (< *Natividad*)²⁰, rexistrado con maior frecuencia ca *-ech-al-o* (*Larecha*), *-uc-a* (*Nesuco*) ou *-uch-al-o* (*Gelucha*, *Bucha* < *Beatriz*, *Javucho*, *Mucho* < *Xaime*) e ca o outro de diminución, *-it-al-a* (*Jorgito*, *Pablito*). Nalgún caso o sufixo tradicional defórmase á maneira inglesa, como este *-uca* que pasa a ser *-uqui*, con *i* átono: *Luqui* < *Candeluqui* < *Candela*, ou *-ucha* > *-uchi*, en *Piluchi*. Ou aparecen sufixos máis exóticos, como en *Ana* > *Anuska*, *Carme* > *Carmuna*.

Tamén segue habendo palatalizacións coa africada prepalatal xorda, *ch*, por exemplo, en *Luchi* < *Lucía*, *Chechul/Chucho* < *Jesús*, *Chesco* < *Francisco* ou coa fricativa prepalatal xorda, *x* (*Xío*, de *Rocío*). E outros procedementos propios da linguaxe infantil, como a substitucións de determinados sons polas oclusivas xordas, máis fáciles de pronunciar, como en *Jorge* > *Coque*, *Diego* > *Queco*, formacións con reduplicación parecidas ás xa vistas en *Henrique* > *Quique*, *Francisco* > *Quico*.

En canto aos procesos de recorte de sílabas, rexístranse así mesmo aféreses (como a tradicional *Gregorio* > *Goro*), que poden ser dunha sílaba (*Benedicta* > *Dita*, *Elena* > *Lenal/Leni*, *Gelucha* > *Gelu*, *Vanesa* > *Nessa*, *Yolanda* > *Landa*, *Alvaro* > *Varo*, *Armando* > *Mando*), mantendo só a última (*Agustín* > *Tin*, *Martín* > *Tin*), ou rematar en *-i* átono (*Raquel* > *Quelil/Kely/Quely*, *Alejandro* > *Jandri*). E algún caso de síncope, afectando todas as consoantes: *Úrsula* > *Úa*.

Pero agora os máis abundantes son os distintos tipos de acurtamento por apócope, que reducen o nome ás dúas primeiras sílabas ou mesmo á primeira, de maneira que se van producindo sucesivos cortes do nome orixinal:

Déborah: Debo, Deb, De.

Lorena: Loren, Lore/Loro, Lo.

No caso de os nomes non levaren o acento na primeira sílaba dáse asemade un desprazamento acentual (*Xosé* > *Xose*, *Xos*, *Xo*), nun procedemento que pode come-

²⁰ En *Osquiñar* e *Marquiños* a secuencia *iño* é un infixo, pois se introduce no interior da palabra.

zar simplemente coa última consoante, como en *Óscar* > *Osca*, *Miguel* > *Migue*, pero que habitualmente suprime a última sílaba:

Andrea: Andre, Begoña: Bego, Inés: Ine, Nerea: Nere, Noelia: Noe, Vanesa: Vane, Lorena: Lore, Isabel: Isa, Sabela: Sabe, Beatriz: Bea, Soraya: Sora, Susana: Susan, Vanesa: Vane, Verónica: Vero.

Adrao: Adra, Agustín: Agus, Antonio: Anto, Bernaldo: Bérnal, Eduardo: Edu, Ernesto: Ernes, Manuel: Manu, Norberto: Nórber.

Obsérvese que moitos destes nomes coinciden en ter a segunda sílaba rematada en *-i*:

Alicia: Ali, Fátima: Faty, Fabiola: Fabi, Leticia: Leti, Lydia: Lydi, Iria: Iri, Lucía: Luci / Luchi, Mónica: Moni, Noelia / Nélica: Neli, Sofía: Sofi; Sonia: Soni/Sofi, Silvia: Silvi.

Damián: Dami, Daniel: Dani, Ramiro: Rami, Rodrigo: Rodri.

Seguramente esta razón, xunto coa existencia de hipocorísticos previos como *Pili* ou *Loli* facilitou que moitos nomes pasasen a rematar en *i* átono, contrario á estrutura fonética do galego (que en posición final átona só ten tres vocais, *a*, *e*, *o*)²¹. Así, moitos nomes que non tiñan *-i* na súa composición acaban rematando nesta vogal, para facelos cadrar (ou semellarse) ás correspondentes formas inglesas:

Carme: Camy, Cristina: Crisi, Dolores: Doly, María: Mery, Mercedes: Merchi, Olalla: Oli, Patricia: Patri/Pati/Patty, Raquel: Raqui/Raquy/Racky/Rachy, Rosalía: Rosy, Rosario: Rosi, Sabrina: Sabri, Sandra: Sandy, Soraya: Sori, Susana: Susi/Susy, Tamara: Tami, Vanesa: Vani, Verónica: Veri, Yolanda: Yoli.

Adrián: Adri, Bernaldo: Berni, Iván: Ivi, Maximino: Maxi, Ricardo: Riki/Ricky, Rubén: Rubi/Rugui/Ruchi.

Un paso máis no acurtamento levou ao incremento das formas monosilábicas (outra das diferenzas con respecto aos tradicionais, onde os monosílabos eran minoritarios), que mesmo rematan en consoantes insólitas en posición final (tal como *Mich*, *Mont* ou *Deb*).

Cristina: Cris, Julia: Ju, Lucía: Lu: Montserrat: Mont, Nerea: Ne; Raquel: Ra, Rosario/Rocío: Ro, Silvia: Sil, Sonia: Son.

²¹ Así, non era raro oílos pronunciados como *Pile* ou *Lole*, que se axusta máis á composición das palabras patrimoniais.

Alfonso: Al, Andrés: Nes, Francisco: Fran; Jonathan: Jon, Miguel: Mich, Pablo: Pa.

E, coincidindo ou non con estes procedementos, é usual tamén a adopción da forma foránea correspondente ao nome orixinario, normalmente inglesa (*Beatriz: Betty; Ricardo: Richard/Richi*), pero non unicamente, porque tamén se atopa unha adaptación fonética do italiano (*Luilli < Luis*), ou unha forma francesa pero con pronuncia grave (*Michel < Miguel*, nome espallado por un futbolista).

En definitiva, os cambios habidos no corpus dos nomes de Galicia nos últimos anos reflectíronse na formación dos hipocorísticos non só na mudanza dos nomes dos que parten, senón tamén na maneira de facelos, que acusan en gran medida a influencia dos nomes ingleses a través da cultura norteamericana.

7. Conclusións

Os hipocorísticos constitúen un sistema alternativo ao prenome oficial, formado por alteracións fonéticas deste, que se utiliza en ámbitos de familiaridade e informalidade e con frecuencia son empregados só ata o estado adulto da persoa. Por esas razóns non se adoitan consignar de maneira sistemática e a súa recollida é máis laboriosa, pois a súa aparición por escrito se restrinxe a recollidas de campo, obras literarias ou específicas de antroponimia e necrolóxicas dos xornais.

Na formación dos hipocorísticos adóitanse combinar varios tipos de procedementos fonéticos e morfolóxicos. Os tradicionais, que se comezaron a configurar na Idade Media e continuaron en boa medida ata agora, eran, en primeiro lugar, a supresión de sons, principalmente a aférese (normalmente da sílaba inicial); en segundo lugar, o engadido de sufixos que na lingua común adoitan ter un valor diminutivo-afectivo, ou máis habitualmente despectivo, pero na antroponimia é sobre todo afectivo; o máis repetido era *-uch-*. En terceiro lugar, a presenza de consoantes palatais, especialmente /tʃ/, seguramente por ser a menos frecuente das consoantes galegas, polo que ten un alto valor expresivo. E, por último, hai outros recursos menos recorridos, como as reduplicacións, a monotongación ou o engadido dun morfema xenérico cando o nome orixinal non o ten. Tamén hai hipocorísticos sen motivación fonética aparente, que pola súa arbitrariedade na asignación se semellan máis aos alcumes.

Este sistema de formación foi mudando na segunda metade do século XX: aumentaron as reduplicacións e, co cambio lexislativo que permitiu a incorporación de novos nomes (pois agora xa non son exclusivamente españois), mudou tamén o xeito de acurtalos: sen abandonar de todos os antigos procedementos, prefírense as formas apocopadas, proliferan as monosilábicas, impórtanse hipocorísticos e pro-

cedementos diminutivos ingleses. A influencia da cultura de masas incide na uniformización con respecto a outros ámbitos lingüísticos e á perda dos sinais de identidade característicos ata o momento.

Bibliografía

- Alonso Núñez, A. (2000): “Os sufixos nominais diminutivos do galego actual”, *Verba*, 27: 133-174.
- Boyd-Bowman, P. (1955): “Como obra la fonética infantil en la formación de hipocorísticos”, *Nueva Revista de Filología Hispánica*, 9: 337-366.
- Boullón Agrelo, A. I. (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)* (Tübingen: Niemeyer).
- Boullón Agrelo, A. I. (2002): “2.3. Galizia”, en “I prenomi più frequenti nel mondo alla fine del secondo millennio”, *Rivista Italiana d’Onomastica*, 8: 640-642.
- Boullón Agrelo, A. I. (2007): “A escolla dos nomes en Galicia a finais do s. XX”, en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.): *I Congreso Internacional de Onomástica Galega Frei Martín Sarmiento. Santiago de Compostela, 2-4 de setembro de 2002*: 99-114 (Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Real Academia Galega).
- Buesa Oliver, T. (1988): “Recursos fónicos en la afectividad de los antropónimos”, en Ariza, M. / Salvador, A. / Viudas, A. (eds.): *Actas del I Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española (Cáceres, 30 marzo-4 abril 1987)*. Vol. II: 1613-1640 (Madrid: Arco).
- Diéguez González, J. (2000): *O patronímico na onomástica pessoal dos documentos notariais galegos e portugueses da Baixa Idade Média (1250-1500)*. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela. 2 vols. Publicación en CD-Rom, 2002.
- Fernández Salgado, X. A. (no prelo): “A propósito da antroponimia en *Majina, ou a filla espúrea*”, en *II Congreso Internacional de Onomástica Galega. Pontevedra, 19, 20 e 21 de outubro de 2006* (Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega / Universidade de Vigo).
- Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega. Vol. II. Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Freixeiro Mato, X. R. (1996): *Os diminutivos en galego* (Vigo: A Nosa Terra).
- García i Osuna, A. (2003): “La sufixació en els malnoms”, en Casanova, E. / Valero, Ll. R. (eds.): *XXIX Col·loqui de la Societat d’Onomàstica. Teulada, desembre 2002*: 325-365 (València: Denes).
- Pensado Tomé, J. L. (1991): “Historia de ‘Farruco’”, en *Galicia en su lengua y sus gentes (ensayos)*: 137-139 (A Coruña: La Voz de Galicia).

- Piel, J. M. (1949): “Os nomes dos santos tradicionais hispánicos na toponímia peninsular”, *Biblos*: 25: 287-353.
- Regueira, X. L. (1989): *A fala do Norte da Terra Cha*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Regueira, X. L. (2007): “Patróns fónicos dos nomes de persoa”, en Méndez, L. / Navaza, G. (eds.): *I Congreso Internacional de Onomástica Galega Frei Martín Sarmiento. Santiago de Compostela, 2-4 de setembro de 2002*: 239-256 (Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega).
- Vasconcelos, J. Leite de (1928): *Antroponimia Portuguesa* (Lisboa: Imprensa Nacional).
- Weinhold, N. (2007): “La morphologie dérivationelle historique dans le dictionnaire *PatRom*”, en *Dictionnaire historique de l’anthroponymie romane Patronymica Romanica (PatRom)*, vol. I.1 *Introductions. Cahier des normes rédactionnelles. Morphologie. Bibliographies*: 111-129. Publié pour le collectif PatRom par Ana María Cano González, Jean Germain et Dieter Kremer (Tübingen: Max Niemeyer).

Fontes para os hipocorísticos medievais

- CDFerreira = Fernández de Viana y Vieites, J. I. (1994): *Colección diplomática del monasterio de santa María de Ferreira de Pantón* (Lugo: Deputación Provincial).
- CDMaia = Maia, C. de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referência á situação do galego moderno)* (Coimbra: INIC).
- CDRamirás = Lucas Álvarez, M. / Lucas Domínguez, P. P. (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática* (Santiago de Compostela: Public. de Caixa Galicia).
- CDRibadavia = Enríquez Paradelo, M. C. (1987): *Colección diplomática del monasterio y convento de Santo Domingo de Ribadavia*. Anexo 8 do *Boletín Auriense* (Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial).
- CM = Cal Pardo, E. (1990): *Catálogo de los documentos medievales escritos en pergamino, del archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)* (Lugo: Deputación Provincial).
- CDMondoñedo = Cal Pardo, E. (2005) [1999]: *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo: transcripción íntegra dos documentos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- DocDevOurense = Ferro Couselo, X. (1996) [edición facsímil da ed. de 1967]: *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols (Vigo: Galaxia).

- DocNoia = Barreiro García, M. C. (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (ss. XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- DocUnivSantiago = Lucas Álvarez, M. / Justo Martín, M^a X. (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237/1537). Edición diplomática* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- LNotasRianxo = Tato Plaza, F. R. (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457). Edición e glosario* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- PadrónsOurense = López Carreira, A. (1995): *Padróns de Ourense do século XV. Fontes estatísticas para a historia medieval de Galicia* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- TBieitoSantiago = Fernández Salgado, A. (1999): *Documentación medieval de San Bieito do Campo*. Memoria de licenciatura (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- TCelanova = Sáez, C. / Sáez, E. (1996/2000/2006): *Colección diplomática del monasterio de Celanova (842-1230). I: 842-942. II: 943-988. III: 989-1006* (Madrid: Universidad de Alcalá).
- TSobrado = Loscertales de García Valdeavellano, M. P. (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. 2 vols. (Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, Archivo Histórico Nacional).

Fontes onomásticas dos séc. XVII ao XIX

- Álvarez Blanco, R. / Rodríguez Montederramo, X. L. (2004): “Escrita epistolar en galego: a correspondencia de Don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626)” (I), *Boletín da Real Academia Galega*, 365: 253-291.
- “Carta recomendada” (1812), en *Gaceta Marcial y Política de Santiago*. Reproducida en *Prosa galega*: 21-22.
- Diálogo en na Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitoso* (1836) (Santiago de Compostela: Imprenta de J. Núñez Castaño). Reproducido en *Prosa galega*: 45-50.
- Dobarro Paz, X. M^a (2000): “Vicente Turnes e a poesía áulica”, en Rodríguez, J. E. (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Vol. 2: 205-212 (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela).
- Encuentro y coloquio que tuvieron na ponte da Chainsa cercana a vila de Noya, Gurumete, R. Pedro de Atanasio, è Pepe Alonso, ò dia 13 de Noviembre de 1836, en que se nombrou na-quela vila ò Auntamiento Costitucional* (1837) (Santiago de Compostela: Imp. de José Fermín Campaña y Aguayo). Reproducido en *Prosa galega*: 59-60.

- Fandiño, A. B. (2000): *A Casamenteira*. Introducción de Xosé R. Barreiro, Laura Tato e Carmen Blanco (Ourense: Linteo).
- Fernández y Neira, J. (1810): *Proezas de Galicia, explicadas baxo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote* (Coruña: Imprenta da Vila).
- Fernández Rifón, A. (1999): *Cabanas, Erines, Laraxe, San Martín do Porto, Regüela, Sta. Cruz do Salto, Soaserra: según las respuestas generales del catastro de Ensenada, año 1752 y emblemas del municipio* (A Coruña: Deputación da Coruña).
- Fiestas Minervales, y aclamación perpetua de las Musas, a la inmortal memoria de el Ilustrissimo, y Excelentísimo señor D. Alonso de Fonseca el Grande por su Escuela y Universidad* (1993) [ed. facsímile da ed. de 1697] (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- La Coruña 1752: según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada* (1990). Introducción: Baudilio Barreiro (Madrid: Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria / Tabapress).
- La Tertulia de Picaños* (1836) (Santiago: Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo) Reproducido en *Prosa galega*: 34-39.
- Lema Suárez, X. Mª (2006): *Onomástica histórica dunha parroquia galega: Berdoias (1607-2000). I. Os nomes masculinos* (Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica).
- Pardo de Andrade, M. (1813): *Os rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados os seus paysanos para abrirelles os ollos sobre certas ñorancias, e o demais que vera o curioso lector* (Coruña, á instancias de varios patriotas amantes del Gobierno y de la Constitución. Caxa tipográfica del Diario).
- Pardo de Neyra, X. (2002): *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme: textos galegos de Zernadas y Castro [1702-1777]* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Parola de Cacheiras* (1836). Reproducida en *Prosa galega*: 61-63.
- PIsla = *Cartas familiares y escogidas del Padre José Francisco de Isla escritas a su hermana María Francisca de Isla y Losada y a su cuñado Nicolás de Ayala desde 1755 a 1781* (1884) (Barcelona: Daniel Cortezo y Cª).
- Prosa galega. Desde os primeiros oitocentitas ao grupo Nós* (1976) (Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela).
- Saco Arce, J. A. (1967) [1868]: *Gramática gallega* (Ourense: Graf. Tanco).
- Sánchez Rei, X. M. (2006): *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Santiago de Compostela, 1752: Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada* (1990). Introducción: Antonio Eiras Roel (Madrid: Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria / Tabapress).
- Sarmiento, M. [1746]: *Coloquio en mil duascentas coplas galegas*. Facsímile do orixinal autógrafo (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición

divulgativa, feita e anotada por Henrique Monteagudo: s.l.: La Voz de Galicia / Galaxia, 2002).

Tuy 1753: según las respuestas generales del catastro de Ensenada (1990).
Introducción: Ofelia Rey Castelao Madrid: Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria / Tabapress).

Fontes para os hipocorísticos do séc. XX

Cancioneiro popular galego (1984-1995). Recollido e ordenado por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina. Vols. 1, 2, 4, 5, 6 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

DNG = Ferro Ruibal, X. (dir.) / Boullón Agrelo, A. I. / Lema, J. M. / Tato Plaza, F. R. / García, J. M. (1992): *Diccionario dos nomes galegos* (Vigo: Ir Indo).

Fernández Rei, F. / Hermida Gullías, C. (eds.) (2003) [1996]: *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

Hafner, U. (2004): *Namengebung und Namenverhalten im Spanien der 70er Jahre* (Tübingen: Max Niemeyer Verlag. Patronymica Romanica 21).

Iglesias González, X. (2005) “Hipocorísticos”, *Cedofeita: Asociación Socio-Cultural Cedofeita*, 9: 15-16 .

Santos Gayoso, E. (2002): *Diccionario de seudónimos y apodos gallegos* (Santiago: Nino).

TILG = *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* do Instituto da Lingua Galega, dirixido por Antón Santamarina. Páxina web: <http://www.ti.usc.es/TILG/index.asp>

Torres Regueiro, X. / Cuns Lousa, X. (1989): *Alcumes recollidos en Betanzos* (Betanzos: Concello).

Anexo: relación de hipocorísticos

Para simplificar, e tendo en conta que non en tódolos casos se tiña constancia de cal era a forma oficial á que correspondía o hipocorístico, tendín a regularizar as formas primitivas normalmente coa forma galega, aínda sendo consciente do atrasado que en Galicia está o proceso de re-galeguización da antroponimia. Tódalas formas que están aquí, procedentes de fontes diversas, corresponden a usos reais, de aí que poidan aparecer formas femininas e non as masculinas correspondentes, ou á inversa. Están incluídas as proporcionadas polas fontes do séc. XVII en diante.

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Abelardo		Lalo	
Adolfo		Dolfo	
Adoración		Dora	
Adrao			Adra
Adrián, -na			Adri
Afonso/Alfonso		Fonso	Al Poncho
Agostiño/Agustín	Agosto	Justo	Agus
Tin			
Agustina		Tina	
Alexandra, -dre		Xandra, -dre Xana-, -no / Jano Janolo	Jandri
Alfredo		Firuco	
Alicia			Ali
Álvaro		Varo	Varo
Variño			
Amalia		Malucha	
Amelia		MelUCA Memé	
Ana			Anuska
Ana + Isabel		Anabel	
Andrea			Andre
Andrés	Andruco	Necho Nes Cholo	Nes Nesuco
Ángel		Lito	

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Ángela Anxela, -lo		Xela, -lo Xeluca, -co / Geluco Xelucha, -cho / Gelucho Xeli	Gelu
Angustias		Pilucha	
Anselma		Selma	
Antón/Antonio	Antón	Antón Andolas Antucho Tucho Tito To Tocho Tonecho Toneco Tono Toño Toñico Totó	Anto
Antonia	Antoniña	Tona Tucha	
Armando			Mando
Asunción		Xonxa Chon Chona Choncha	
Avelino		Lino	
Balbina		Nocha	
Baldomero		Mero	
Beatriz			Bucha Bea Betty
Begoña			Bego
Belén			Beliña
Benedicta			Dita
Benigna, -no		Benucha,-cho Nucha,-cho	
Benito	Beni	Tocho	

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Bernaldo			Bérnal Berni
Bernarda/-do		Narda/-do Nucha/-cho Lalo	
Bertolomeu /Bartolomeu	Bértolo Bartolo Bartoldo	Bértolo Bartolo	
Caetana	Caitaniña		
Caetano		Tano	
Candela			Luqui
Cándida/-do		Canducha/-cho Ducha/-cho Canucho	
Carlos		Carlucho Carolo	
Carme	Carmela	Carmela Mela Lucha Carmucha Mucha Carmuca Carmiña Menchu Chicha	Camy Carmuna
Casilda		Silda	
Catarina	Catuxa	Catuxa	
Celestina		Tina	
Celestino		Cilistro	
Celso		Siño	
Claudia			Clau
Concepción		Nenuca Concha Chicha	
Constantino		Tino	
Cristina			Crisi Cris
Damián			Dami
Daniel			Dani

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Darío		Iño	
Déborah			Debo Deb De
Diego			Queco
Dolores		Lola Loli Lolita Loló	Doly
Dominga	Dominguiña Minga Minguiña Mingota		
Domingo(s)	Mingos Mingo Minguiño Mingote Mingacho Mingucho	Mingo(s)	
Dorotea		Dora	
Edelmira		Miruca	
Edelmiro		Miro	
Eduardo		Educho Chacho Dito Ito	Edu
Eladina		Dina	
Eleuterio		Telo	
Eligio		Ligucho	
Eliseu		Cholo	
Elvira		Viruca Virucha Viri Virita	
Emilia		Milucha Lucha Miluca Mila	
Emilio		Miluco Milucho Lucho	

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Encarnación		Chincha Encarna	
Ermesinda		Sinda	
Ernesto			Ernes
Eugenia, -nio		Genucha, -cho Nucho	
Eulogio		Locho Gelucho	
Evaristo		Suso	
Ezequiel	Zaquiél		
Fabiola			Fabi
Fátima			Faty
Felipe, Filipe		Chelipe Filucho	
Fernando	Fernanduco	Nando Nano	
Filomena		Filucha	
Florentina		Tinucha	
Florencia		Pencha	
Florentino		Tino Floro Tinucho	
Francisca	Farruca	Filucha Farruca Pacucha Sisca Quica	
Francisco	Farruco	Fuco Farruco Farruquiño Chisco Chuco Franco Paco Pacucho Pachuco Pucho Pachicho Chicho Pancho Panchulo Quico	Fran Chesco Quico

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Gonzalo	Zalo	Cholo Chalo	
Gregorio	Gorecho Goriño	Goro Gorecho Goros	Goro
Gumersinda		Chinda	
Gumersindo		Sindo	
Helena		Lenuca Chiqui Queca	Lena Leni
Henrique		Ricucho Rico Quique Queco Cholo	Quique
Hilario		Lalo	
Honorinda		Nonda	
Ignacio		Nacho	
Inés			Ine
Inmaculada		Inma Macu	
Inocencia/cio		Chencha/cho Xenxa/xo	
Iria			Iri
Isabel	Sabel Sabela	Sabela Xabela Beluca Chicha	Isa
Isidoro		Doro	
Isidro		Sidro	
Ismael		Maelo	
Iván			Ivi
Javier			Javucho
Jonathan			Jon
Jorge			Coque Jorgito
Lara			Larecha
Laura			Lauriña

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Laureano		Nito	
Leonardo		Xoxardo Nardo	
Leopoldina		Polda	
Leticia			Leti
Lisardo		Lito	
Lorena			Loren Lore Loro Lo
Lourenzo		Tito	
Lucía			Luci Luchi Lu
Luciano		Tano Chano Luchano	
Luís		Iño	Luilli
Luísa		Lis Sisa	
Luz		Lucita	
Lydia			Lydi
Madalena		Mada	
Manuel		Manolo Noli Lolo Lito Locho Nel Nelo Lelo Manecho Maecho Cholo	Manu
Manuela		Manola Nola Noli Lita Lela Nela	
Marcelina, -no		Nucha/-cho	

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Marcos			Marquiños
Margarida/Margarita		Marga Magú	
María	Marica Mariquiña Maruxa Maruxiña	Maruxa Maruxela Marucha Marica Mariquiña Maruca Marucha Maúca Uca Miúca Machuca	Mery
María + Carme		Maca Maica Marita Menani	
María + Dolores		Mariló Maló Maloles Madó	
María + Elisa		Mariela	
María + Ester		Marité	
María + Helena		Malena	
María + Isabel		Maribel Mabel	
María + Lidia		Marilí	
María + Luísa		Marisa Marilís	
María + Luz		Malú	
María + Mar		Marimar	
María + Rosa		Marosa	
María + Tereixa		Maite Marité	
María + Virtudes		Mariví	
María + Xesús		Chus Chusa Chuchú Chuchi Maruchi	

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
María + Xosé/Xosefa		Marisé Maripepa Sesé	
Marina (cast.)		Marinocha	
Marta		Martula	
Martín, Martiño		Tiñolo	Tin
Matilde		Matucha Matuca Matusa Tilda Duca	
Maximino			Maxi
Mercedes		Merche Chedes Chiruca	Merchi
Miguel			Migue Mich Michel Míkel
Milagros		Mila	
Mónica			Moni
Montserrat		Monse	Mont
Natividad		Chelo	Natiña
Nélida			Neli
Nerea			Nere Ne
Noelia			Noe Neli Noeliña
Norberto			Nórber
Olalla			Oli
Olegario		Garucho	
Óscar		Tucho	Osca Osquíñar
Otilia		Tila	
Pablo			Pablito Pa
Patricia			Patri Pati/Patty

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Pedro	Perucho Perico Periquiño Pedriño	Perucho Peruxo Perico	
Perfecto		Chicho	
Piedad		Piti	
Pilar	Pilara	Pilocha Pitusa Piruca Pilara Pili	Piluchi
Plácido		Pacho	
Presentación		Presenta	
Prudencia		Pencha	
Purificación		Porfica Pura	
Rafael		Felo Lucho Chiño	
Raimundo		Mundo Rai	
Ramiro		Miro	Rami
Ramón		Moncho	
Raquel			Raqui/Raquy/Racky Rachy Ra Queli/Kely/Quely
Regina		Gina Ginocha	
Remedios		Reme	
Ricardo		Cardocho Carducho Tito	Riki/Ricky Richard Richi
Rita		Chuca	
Rocío			Xío Ro
Rodrigo			Rodri
Rosa		Coca	
Rosalía		Chelfa	
Rosario	Chicha	Rosy Charo Chara	Rosi Ro

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Rubén			Rubi Rugui Ruchi
Sabela			Sabe
Sabrina			Sabri
Salvador		Pachucho	
Sandra			Sandy
Santiago		Chago Santi	
Sebastián	Bastián		
Serafín		Fincholo	
Serafina		Fina	
Silvia			Silvi Sil
Sofía			Sofi
Soledad		Solita	
Sonia			Soni Soñi Son
Soraya			Sora Sori
Susana			Susan Susi/Susy
Tamara			Tami
Tereixa/Teresa		Teruca Suca Terucha Terela Teté	
Trindade		Trina	
Úrsula			Úa
Valentín		Vitín Neco	
Valentina		Tina	
Vanesa, Vanessa			Vane Vani Nessa Vanesiña
Venancio		Zalo	
Verónica			Vero Veri

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Vicente		Chente Vituco Cholas	
Vítor		Vituco Vítolo Vitocho	
Vitoria		Totora Toya Viqui	
Xabier/Xavier		Xavi (Javi)	
Xacinto	Chinto	Chinto	
Xaime			Mucho
Xertrudes	Xêtrudiñas		
Xesús		Suso Susete Xuxo Chucho Chechu Cuchús	Chechu Chucho
Xesús + María		Chumi	
Xesusa		Susa	
Xoán / Juan	Xan Xaniño	Xan Nucho Xanocas Xanzolo Xanzolas Juanito Juansiño	
Juan + Carlos			Juanca
Xoán + Xosé		Xanxo	
Xoana	Joaniña Janiña	Nucha Xana Chucha	
Xoaquín	Xaquín Xoquín	Xaquín Xoquín Xocas Xoco Quin Quino	
Quinocho			
Xoaquina		Nocha Quinola Xaquina	

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Xosé / José	Chisepe Xepe Xepiño Pepe	Che Cheíño Cheché Xe Pepe Pepucho Pepote Pepito Piño Pucho Pepiño / Pepín Seso Josefño Sito Josito Josiño Josecho	Xose Xos Xo
Xosé + Luís		Xelís Chelís Cholo Lilís	
Xosé + Manuel		Cheto Cochecho	
Xosé + María		Chema Chemari	
Xosefa / Josefa	Pepa	Pepa Pepucha Pepita Pepitiña Chefa Checha Fefa Sesa Sefa Xefa Fita Fitucha Pirucha Pitusa	
Xosefina / Josefina		Fina Finuca	
Xulia / Julia			Ju
Yolanda			Yola Yoli Yoliña Landa

Edición e estudo lingüístico do romance de María Francisca de Isla y Losada ao Cura de Fruíme (ca. 1774-1777)*

Ramón Mariño Paz
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo:

Este artigo contén unha edición do romance que María Francisca de Isla y Losada lle enviou a Diego Antonio Cernadas y Castro entre 1774 e 1777. Alén disto, ofrécese nel un estudo lingüístico da peza, da que pode extraerse importante información sobre o galego oral e escrito do século XVIII.

Palabras chave:

Galego Medio, século XVIII, textos poéticos.

Abstract:

This article contains an edition of the poem that was sent by María Francisca de Isla y Losada to Diego Antonio Cernadas y Castro between 1774 and 1777. In addition, a linguistic study of this poetic text is offered. Important information on oral and written Galician of the 18th century can be gathered from it.

Key words:

Middle Galician, 18th Century, poetical texts.

1. O texto e o seu contexto

Filla do fidalgo asturiano José Isla Pis de la Torre e da galega María Rosa Losada y Osorio, da tamén fidalga casa de San Lourenzo de Trives, María Francisca de Isla y Losada (1734-1808) naceu e morreu en Santiago de Compostela, onde seu pai exerceu desde 1720 como Rexedor Perpetuo e como Alcalde Maior e Superintendente dos Estados de Altamira en Galicia. Era medio irmá e afillada do

* Agradézolle a Ricardo Gutiérrez Pichel as xestións que realizou para a adquisición dunha reprodución fotográfica do manuscrito.

xesuíta José Francisco de Isla, o famoso Padre Isla, que nacera en Asturias en 1703 do primeiro matrimonio de don José Isla. Con el mantivo a poeta compostelá unha estreita relación persoal e intelectual, e mesmo parece que o sonado autor do *Fray Gerundio de Campazas* lle facía a María Francisca consultas sobre as súas obras e incluso lle admitía correccións, cousa realmente insólita nunha época en que xeralmente se desdénaba a instrución das mulleres, case sempre relegadas á execución dos rutinarios labores domésticos.

Lonxe, pois, da posibilidade de recibir unha educación regrada e de seguir o tipo de estudos superiores que entón se reservaba para os homes, a insólita formación daquela señorita fidalga da Compostela de mediados do século XVIII sería o feliz froito da conxunción da súa natural intelixencia e a súa persoal inclinación ao saber¹ coas aprendizaxes que recibiría dos ilustrados ambientes que polas súas relacións familiares frecuentaría desde moi nova. Con estas suxerentes palabras evocou e imaxinou Martínez Barbeito (1958: 25-26) os escenarios en que se produciría a educación de María Francisca:

La amistad de prelados, canónigos y frailes dados al estudio, de catedráticos y colegiales y de militares, funcionarios y aristócratas cultivados, tenía que impregnar el ambiente social de la familia Isla de un tono refinadamente espiritual. Y doña María Francisca, joven, vivaz, curiosa y apasionada, recibía influencias beneficiosas de aquella sociedad señorial y culta. Poetas de poderoso aliento y de armoniosas formas barrocas como don Bernardo Ribera, regidor como su padre, del Municipio compostelano; o caudalosos rimadores como don Diego Cernadas de Castro, cura de Fruíme; juristas como don Melchor Basadre o don Agustín Vales Vaamonde, ambos catedráticos de la Universidad; sabios como don José Cornide o don Antonio Riobóo Seijas Villardefrancos; clérigos ilustrados como don Pedro Antonio Sánchez o don Antonio Páramo, y muchos otros personajes debieron haber sido los que doña María Francisca iba conociendo año tras año en las veladas, entre encopetadas y familiares, de los salones compostelanos, en que se tomaba chocolate, se jugaba a prendas y charadas, se hacía algún experimento de física recreativa y se discutían arduos puntos de erudición o bien la conveniencia y riesgos de tal o cual reforma sobre el cuerpo del país.

Tras a morte do Padre Isla no desterro italiano en 1781, María Francisca traballou arreo para conseguir que se publicase a obra inédita do xesuíta e para que se dese ao prelo o *Compendio histórico de la vida, carácter moral y literario del célebre Padre Josef Francisco de Isla, con la noticia analítica de todos sus escritos* (Madrid, 1803), unha biografía que, aínda que apareceu atribuída a Josef Ignacio

¹ Xa adulta, fala elocuentemente desta súa curiosidade intelectual o feito de que en 1785 Roma lle concedese a licenza para ler libros prohibidos que ela solicitara (cf. Monlau 1850: XVI, n. 1).

de Salas, probable pseudónimo do Padre Juan José Tolrá, non chegaría a materializarse sen a decisiva intervención da chamada “Perla Galega” ou “Musa Compostelana”, que mesmo pode ser considerada a súa auténtica autora (cf. Serrano y Sanz 1903: I, 536-541; Martínez Barbeito 1958: 29-30). Filgueira Valverde (1984: 72) opina que tamén se lle debe atribuír a ela a breve biografía anónima de Diego Cernadas que encabeza o tomo II das obras completas deste (cf. Cernadas y Castro 1778-1781: II, VIII-XXI), e non me parece desencamiñada tal atribución porque creo que a apoian non soamente os indicios que no seu artigo expón o polígrafo pontevedrés, senón tamén a circunstancia de que quen escribiu esas liñas sobre Cernadas se escusa pola súa tardanza en facelo alegando que “una larga y grave enfermedad que he sufrido, fue la causa de no cumplir antes con el precepto de Vm. y mi deseo de servirle, enviándole, como lo executo ahora, un extracto de la vida de nuestro Cura de Fruíme” (in Cernadas y Castro 1778-1781: II, VIII): referencias a esta grave e prolongada doenza hainas tanto no poema que neste traballo se edita e estuda coma na correspondencia que por aqueles anos lle mandou á súa medio irmá o Padre Isla desde Italia (cf. Isla 1850: 525-542)² e incluso nunhas décimas en que o abade de Fruíme lle dicía á súa amiga que “de tu salud trabajosa / la fatal constitucion / me traspasa el corazon” (Cernadas y Castro 1778-1781: IV, 316). Alén disto, Filgueira Valverde (1984: 73) informa de que na Biblioteca Nacional de Madrid se garda un “Canto Heroico” manuscrito titulado “Despedida de Lidia y Armido” que se compón de cento trinta e cinco oitavas reais e que na súa opinión é tamén da autoría de María Francisca de Isla.

Da súa obra poética en galego só coñecemos hoxe o romance ao cura de Fruíme que deu a coñecer Martínez Barbeito en 1958, sobre o que eu volvo agora neste artigo. Aqueles que nos transmitiron noticias sobre a vida de dona María infórmanos de que foi ela mesma, talvez convencida do seu cativo valor literario, quen pouco antes da súa morte mandou destruír a meirande parte das poesías que compuxera. Algunhas das que se salvaron chegou a elas Pedro Felipe Monlau (1850: XVI, n. 1), quen as despachou dedeñosamente dicindo delas que consistían “casi todas en cuartetos, décimas y otros poemitas menores sobre asuntos insignificantes” e emitindo a seguir a seguinte sentenza: “á juzgar por lo que hemos visto, si en materias literarias ántes importa ser justos que galantes, dirémos con llaneza que nada absolutamente perdió el Parnaso castellano con haberse entregado al fuego las frias y asaz mal rimadas inspiraciones de la hermana del PADRE ISLA”. Destas palabras de Monlau parece deducirse que nese monllo de poemas de María Francisca de Isla que el alcanzou a coñecer non había ningún escrito en galego, xa que o que el afirmaba era que coa destrución dos traballos da Perla Galega o que non perdera nada fora o “Parnaso castellano”, sen alusión ningunha ao Parnaso galego. Con todo, carezo de probas que me inclinen a afirmar tal cousa con toda a rotundidade.

² “Tú te lloras viuda y reducida á una cama casi siempre” (Isla 1850: 529), escribíalle o xesuíta desde Boloña o 18 de abril de 1776.

Excepcionalmente, o romance dirixido a Diego Antonio Cernadas, abade de Fruíme, chegou ata nós porque se conservou nunha copia del que fixo e gardou o polígrafo José Cornide y Saavedra, con quen María Francisca de Isla mantivo un trato amical que nacería nos seus primeiros encontros en reunións celebradas nos salóns composteláns e que posteriormente se consolidaría coa súa relación epistolar e cos novos contactos que quizais manterían en Madrid, cidade que a Perla Galega visitou e na que mesmo chegou a residir durante algún tempo. Por conseguinte, a versión do poema que actualmente coñecemos non procede dun autógrafa da súa autora, senón dunha copia realizada por Cornide antes do 22 de febreiro de 1803, o día en que faleceu en Madrid. Da data en que o romance se compuxo podemos dicir, repetindo o que xa afirmou Martínez Barbeito (1958: 34), que se ten que situar entre o outono de 1774, cando María Francisca enviuvou do seu marido Nicolás Jacinto de Ayala, e o 30 de marzo de 1777, o día en que Diego Antonio Cernadas y Castro morreu na súa freguesía de Fruíme. Recórdese que no verso 73 do romance a autora se presenta a si mesma como unha “probe viuda”.

A composición, evidentemente desprovida de toda grandeza literaria aínda que si dotada dunha estimable riqueza lingüística, insírese no fluxo de correspondencia rimada de ton menor que discorreu entre dona María e Diego Cernadas, da que pode lerse unha simpática mostra no tomo IV das obras completas do abade de Fruíme (Cernadas y Castro 1778-1781: IV, 310-342). Trátase, como atinadamente xulgou Martínez Barbeito (1958: 33), dunha “amable y simpática correspondencia en verso [...] que poco o nada tiene que ver con la poesía” e que podía fluír tanto en galego coma en castelán. Nesas amigables conversas rimadas os dous correspondentes rifábanse risoñamente pola tardanza en contestar a unha carta enviada ou en devolver ou facer unha visita, contábanse mutuamente as doenzas e as penas que os amarguraban ou ponderaban as virtudes dos regalos (tabaco, chocolate, turrón, castañas, candeas para a Virxe das Dores de Fruíme, etc.) con que a dama de Compostela adoitaba agasallar o seu amigo, aquel “Desdentado Vegete” (Cernadas y Castro 1778-1781: IV, 333) que retranqueiramente dicía estrañarse de “que los diezmos me pagues, / si mi feligresa no eres” (Cernadas y Castro 1778-1781: IV, 330). Certamente, este tipo de composicións estaba en plena sintonía co esquema sociolingüístico imperante na Galicia da época, que lles reservaba ao latín e ao castelán as funcións da creación e a transmisión do coñecemento e da literatura “seria”, en tanto que ao galego, concibido pola gran maioría como un dialecto, lle asignaba usos culturais considerados menores que tamén se podían executar en castelán, como podían ser, entre outros, os da elaboración de poemas e escritos xeralmente breves e de escasa ambición intelectual e estética (cf. Mariño Paz 2000: 58-61).

O romance en galego de María Francisca de Isla encóntrase nun manuscrito depositado na Real Academia da Historia (Madrid) que leva a signatura 9-3894, nº 35 (anteriormente tiña a 11-2-7-417, que é a que dá Martínez Barbeito). Forma parte do legado que José Cornide lle deixou despois da súa morte á institución académica madrileña, da que fora nomeado secretario perpetuo o ano 1802. Escrito con certeza pola man do ilustrado galego, ocupa as catro caras dun primeiro bifolio (1a, 1b, 1c, 1d) e as dúas primeiras doutro (2a, 2b). Está acompañado dunha folla que contén a copia incompleta da cantiga de Santa María en que se conta como a Virxe salvou a raíña Beatriz, esposa de Fernando III o Santo, dunha grande enfermidade (é a número 256 do códice E e tamén da edición de Mettmann 1959-1972); a esta copia, que presenta a mesma letra ca a do romance de Isla y Losada e se estende ao longo das dúas caras da folla en que foi escrita, fáltanlle a primeira estrofa e a primeira metade da segunda³. As dúas composicións van dentro dun caderniño que na súa portada di “En dialecto gallego”. No mesmo volume do legado de Cornide, o caderno inmediatamente anterior a este (o nº 34) contén “Poesías castellanas de D. Josef Cornide y otros”. En definitiva, podemos dicir que nos atopamos ante unha pequena mostra das afeccións poéticas do ilustrado coruñés, que polo seu traballo en arquivos pertencía á minoría que tiña coñecemento das *Cantigas de Santa María* antes de que a noticia da súa existencia comezase a ser propalada durante o Rexurdimento.

Dado que a edición que aquí presento se destina exclusivamente á realización dunha análise lingüística, decidín facer unha transcripción completamente respectuosa da literalidade do orixinal, sen intervir en aspectos tales como o desenvolvemento de abreviaturas, a unión e separación de palabras, o uso das letras maiúsculas, a acentuación e a puntuación. A edición así elaborada non entorpece a lectura comprensiva do romance e, proporcionando todas as garantías esixibles para a realización do estudo lingüístico, poderase constituír en base de partida para posibles futuras edicións concibidas para o cumprimento de fins diferentes dos que eu me propuxen e executadas con outros criterios.

De as haber, despois de cada cuarteta indico as particularidades do manuscrito que me parecen dignas de mención e, cando o estime pertinente, tamén as variantes que ofrece a lectura de Carlos Martínez Barbeito (MB), prescindindo de todo aquilo que foi intervención consciente do polígrafo coruñés nos aspectos que mencionei anteriormente: desenvolvemento de abreviaturas, unión e separación de palabras, uso de maiúsculas, acentuación e puntuación. Esporadicamente anotei tamén algunhas achegas da edición de Álvarez Blázquez (1959: II, 304-306) (AB), xa que este investigador consultou o manuscrito da Real Academia da Historia e o seu traballo presenta algunhas particularidades que considero dignas de atención. En tro-

³ A súa transcripción ofrécese como apéndice ao final deste artigo.

ques, pareceume innecesario recompilar as variantes de lectura doutras edicións divulgativas que se realizaron posteriormente partindo da de Martínez Barbeito ou da de Xosé María Álvarez Blázquez. Entre ángulos sinalo o inicio de cada unha das caras dos dous bifolios en que está copiado o poema.

Esta é, pois, a miña edición:

En dialecto gallego.

9-20-3

3894

35

Romanze escrito p. me v. da Maria
 Tran. de Vila y Loreda ad
 J. Abad de Truime
 8º
 Ou meu Crepp? seio q' quier,
 que eu vote de nort'a a p'cedir?
 Caxao bem, e de spoiv non amo
 Che pere, i' que appaia falo
 Se contra toda concencia
 perma de min tam mal,
 e espou quicosa, i' por que
 to non me haide aluminar.
 Seigue hei por que alo non volva
 a ventos de Balandran?
 ai dei p'paga! pa termina
 Ebo! para Cubiran.
 An que me tratarey ben
 i' a ventos non pagar

<1a>

Romanze escrito p.^r mi S^{ca}. D^a Maria
Fran^{ca}. de Ysla y Losada al
S^{or}. Abad de Fruime

4 Ôu mèu Crego? Sei q' qués,
que eu vote alengua â paseâr?
Catao ben, e despois non
che pese, ò que agora fás.

1 Entre *Sei* e *q'* hai unha letra riscada que non se le.

8 Se contra toda concencia
pensache de min tân màl,
e estòu quixòsa, ¿por que
non me hastide aloumiñar?

7 AB *queixosa*. 8 Antes de *non*, lese *ti* riscado.

12 Seique hè por que aló non vòlva
ávèrbos de Balandran?
ai dá puja! q' a terriña
évòs para cubizár.

11 Lese *puxa* corrixido para *puja*. 12 Lese *ébòs* corrixido
para *évòs*; o <r> de *cubizar* leva un til grave por riba.

An que me trataches bén
s' àvesita non pagàs

Dou d' demo pè ala poma
 nin me flembrs e vov mais.
 Que eu t' que ben vós queas
 como si fozdes Tápia
 tamén vos enguenezerei,
 como dea cox enteimais.
 Deme algunha coiza doce
 como haber doita, éstata,
 que se un no no fagades,
 me excitais, e velo hai.
 Ven sabedes, vaiche boar!
 como estais coasas e fain,
 e madias tendes, senon?
 eu cime e enabrujan.
 Sospeito, polo que veño
 con queis amais amais,
 far ben mais escamari
 outra como ela na a lija,

<1b> dou ò Demo pè ala poño
16 nin me lembro de vòs màis.

14 Debaixo do apóstrofo de *s'* hai unha letra riscada que non se reconece. 16 Lese *alembro* corrixido para *lembro*.

 Q' èu, anque ben vós quero
 coma si fordes rapàz
 tamen vos esquenzerei,
20 como dea en enteimàr.

17 Lese *Que* corrixido para *Q'*. 18 Lese *forades*, co <a> riscado; MB *forades*; AB *fordes*.

 Dime algùnha còusa dòce
 como habes doito, écatá,
 que Si asi no no fazèdes,
24 me escatímo, évelo hàs.

22 O <c> de *catá* semella sobrepoñerse a un <t> subxacente. 23 O <S> de *Si* semella corrixir as dúas primeiras letras dun *asi* subxacente; *fazèdes* corríxe un *faguèdes* subxacente por medio dun <z> colocado na entreliña, sobre as letras <eu> riscadas. 24 MB *hàis* no canto de *hàs*; AB *hais*.

 Ven sabedes, vaiche bòa!
 como estas cousas se fân,
 madia tendes, senon
28 eu eime de encabujar.

27 Antes de *madia* lese un *è* riscado; MB *é madia*; AB *e madia*.

 Sospeito, polo que vejo
 non qués amiña amistà,
 fas ben, mais escom' así
32 outra com' ela n' achás,

32 Lese *coma* corrixido para *com'*; n' *æ*, co <a> riscado, está na entreliña e por baixo, riscado tamén, lese *non*.

Deixame estar á meu abo
layandome do meu mal,
que abo felloy farto tẽmo;
gracias a Deus, que mo dá.

Dõnheme tanta as sofras
õ leito, e' aínda máis,
que de día, nin de noite
eu nunca podo acougar.

Tẽmo mortos Calafuros,
a quentura ben detrair,
aces, si he' o mal catibõ,
Dios che mæ arrede etal.

Soi mentes en Deus do Cẽo,
agaximo podo achar,
soi cidadinõ de min;
já, ~~já~~ non tẽmo Pay, nin Nay!

Estouhe feito un Calabur,
cã vagay dos ollos cã

<1c>

Deixame estàr à meu cabo
layandome do meu mal,
que abo fèllas farto teño;
36 gracias aDeus, que mo dà!

36 MB e AB *gracias*; *Deus* corríxe unha palabra subxacente que semella ser *Dios*.

Dòncheme tãto as sofràxes
ô Peito, è aínda màis,
que de día, nin de nòite
40 eu nunca podo acougàr.

Teño moitos calafrios,
á quentura ben detràs,
receo, si hè ò mal catìbo,
44 Dios che m' arrede detàl.

42 MB *ven detrais*; AB *ben detráis*. 43. MB *cativo*. 44 Lese *me* corrixido para *m'*; MB *me arrede*.

Soi mentes en Deus do Céu,
agarimo podo achàr,
pois cuitadiña de min;
48 já non teño Pay, nin Nay!

45 *Deus* corríxe unha palabra subxacente que semella ser *Dios*. 48 *já* está na entreliña e *xà*, riscado, lese debaixo.

Estouche feita un Cadabre,
èas vagoas dos ôllos cán

ai cantos me fan no Leyto:
dij miña Virxen da Paz!

D'esta ~~Sextina~~ non dou o Cartas
vos opera dei alai
(pois coas doas Rlosas)
por si Remedis me dañ.

Polo fío dunha Toca
ó Catagamo seme bay,
É Contafaina coideuñe
que acababa o finas.

Anque a prea, non hegrance
si ca si, ó Sarcistat
dirque a pertina do fado
selle luba alegrandoja.

Ó Conto hñ, si enturaxa ~~era~~
Dey me libe das suas masas,
que anque eu non gulina, na Cota
de chantaxme heche capar.

<ld> à cantos me ben no Leyto:
52 aÿ miña Virgen da Paz!

49 Podería ser *Calabre*, co <d> corrixido para <l>. 51. MB *leito*. 52 É posible que o <g> de *Virgen* corrixa un <x> subxacente.

Se d' esta non dòu de costas
vos ofrezo dir alá
(pois còas dores relouco)
56 por si remedio me dais.

53 No principio do verso lese *Sestanno*, co segmento *stanno* riscado. 55 AB *Dores*, coa seguinte explicación: “M. B. ‘dores’, que nos afrontamos a pór con maiúsculas, por coidar que é alusión á Virxe dos Dores, de Fruime, según se deduz do contesto ‘reloucar’; trataráse dun xogo de verbas”.

Polo fio d' unha roca
ó estagamo seme bay,
é cortafeira coideiche
60 que acababa de finar.

Anque à prea non hégrande
si ca si, ò Sacristan
disque à pestana do figado
64 se lle hiba alegrando já.

64 Despois de *já* lese *xà* riscado; MB *iba... xa*.

Ô cont' hè, si enturra n' eso
Deus me libre das suas màs,
q' anque eu non queira, na Coba
68 de chantarme heche capáz.

65 Lese *conto* corrixido para *cont'*; MB *conto he*; o *n'* de *n' eso* está na entreliña, e por debaixo lese *ne*; MB *enturran'eso*. 66 *Deus* corríxe unha palabra subxacente que semella ser *Dios*; *màs* podería estar corrixindo un *máns* subxacente. 67 Antes de *anque* lese *que* corrixido para *q'*.

Ahi vai esa ^{gestualiza} ~~simoneta~~
 para si unhas a' empuja
 que he lla dou de boa mente;
 cante' quen poderca mais.
 Eu se unhas probe vuda
 mal pecado de min! aij!
 que esta remembranza se
 me fay Acote chorar.
 Nora Senora ben sabe
 o tamanho deste mal,
 pay con subita ra feroza
 (o mentey) e sentiu do a'
 Tamem boy ere tabaque
 meu vellão, por fregar
 que cada grao de pórenta,
 con eso as fremas saíam.

<2a>

Ahí vay esa esmoliña
prá Virxen à empregà
que che lla dou de boa mentes;
72 cantè quen poidera mais!

69 *esmoliña* está sobreposto e por baixo, riscado, lese *limosna*. 70 Lese *pará*, co primeiro <a> riscado, e antes de *Virxen* lese à riscado.

Eu só unha probe viuda
mal pocado de min! aÿ!
que esta remembranza sò
76 me fay decote chorà.


73 Podería haber un <n> riscado despois de *só*; MB *una*.

Nosa Señora ben sabe
ó tamaño deeste màl,
pois con oubilo na Ygrèxa
80 (soi mentes) ó sinteu xà.

80 MB *sinten*; AB [*ela ben*] o *sintéu xa*, coa seguinte explicación: “hai unha falla no ms., que interpretamos antre claudatos”.

Tamen bay ese tabaque
meu velliño, pois fungàs
que cada grao de èl gorenta,
84 con eso as fremas sairàn.

81 *tabaque* corrixe unha palabra subxacente que non se recoñece.



<2b>

Virás acò meu Dieguiño
cando ò tempo milloràr,
porq^e si escorrega á Besta
88 è esbarroufàs, alabay.

85 Lese *Viràs* corrixido para *Virás*. 88 AB *esbarroufas*.

Ay Jesus! miña Joiña!
non falemos nesto mais,
que dá grima sò pensalo,
92 Deus vos garde bó é san.

89 O <J> de *Jesus* e o de *Joiña* corrixen cadanseu <X> subxacente; MB *xoiña*. 92 *Deus* corríxe unha palabra subxacente que semella ser *Dios*; os tiles de *bó* e de *é* corrixen tiles anteriores riscados.

Santiago, Febreiro doce
Aÿ! que non sey que me dà,
que me esfraquezo detodo,
96 ènon podo vafexàr.

2. Estudo lingüístico⁴

2.1. Nivel gráfico

Os que escribiron algo en galego durante o século XVIII foron persoas alfabetizadas en castelán que habitualmente escribían tamén neste idioma, é dicir, no idioma en que, ao lado dun xa declinante latín, se escribía e publicaba preferentemente por aquel tempo tanto no reino de Galicia coma en todo o reino de España. Aquel ocasional labor de escritura en galego debíase afrontar sen posible recurso a ningún autor ou institución adornados da autoridade necesaria para inspirar, se non unhas normas ortográficas propiamente ditas, si cando menos unhas mínimas orientacións na materia. As propostas que a este respecto ideara o Padre Sarmiento desde mediados da década de 1740, ao igual ca a súa contemporánea práctica escrituraria en galego, quedaron sepultadas tras a súa morte nos seus inéditos manuscritos, con case nulas posibilidades de influír sobre as prácticas doutros individuos.

Pola súa parte, a ortografía castelá da época vivía un momento en que as distintas propostas elaboradas e publicadas pola Real Academia Española a partir de 1726 non conseguían máis ca unha deficiente socialización que causaba o reiterado lamento daquela institución que, auspiciada pola dinastía borbónica reinante en España desde 1700, botara a andar no 1713. Deste xeito, o paulatino abandono dos criterios máis estritamente etimoloxizantes que os académicos españois foron dispoñendo durante o XVIII e as primeiras décadas do XIX bateu sobre todo coa rémora dos usos gráficos secularmente transmitidos, que comezarían a ceder significativamente mercé á política de extensión do ensino primario e de difusión escolar da ortografía da RAE posta en marcha durante o reinado de Isabel II.

Nestas circunstancias, resulta natural que case todos os ocasionais escritores en galego do século XVIII, como tamén a maioría dos algo máis tardíos, transvasasen para esta lingua “de ocasión” os hábitos gráficos que desde rapaces asumiran para a lingua en que habitualmente escribían, coa única excepción dos contados aspectos en que as diverxencias dos sistemas fonolóxicos galego e castelán o impedían. Obviamente, esta reflexión de alcance xeral é aplicable ao romance a Diego Cernadas que aquí analizo, tanto se as súas características gráficas deben atribuírsele en exclusiva á súa autora coma se obedeceron, cando menos parcialmente, a posibles intervencións do copista.

⁴ Neste estudo pretendo analizar a lingua do romance de María Francisca de Isla inseríndoa no marco das tendencias observables na escritura en galego dos Séculos Escuros e do Prerrexurdimento. Para non cansar o lector con repeticións constantes, declararei nesta nota que a maioría das afirmacións relativas aos usos propios do galego oral e escrito daquela época están tomadas de Mariño Paz (1995), Mariño Paz (2000) e Mariño Paz (2003).

Unha das maiores dificultades que levantaba a escritura en galego naquela época era o da grafización do fonema fricativo prepalatal xordo. Aínda que os subsistemas de consoantes fricativas non evoluíran converxentemente no galego e no castelán posmedievais, o certo é que si se podían establecer entre eles algunhas equivalencias que posibilitasen acomodar para o galego as normas que ao respecto preconizou a RAE a partir de 1726. No “Discurso Prohemial de la Orthographía de la Lengua Castellana” que incluía na primeira entrega do seu Dicionario de Autoridades, a Academia consideraba <j>, <x> e <g> como letras “unísonas”, pois a primeira soaba /x/ ante calquera vogal, á segunda pasáballe o mesmo aínda que en bastantes casos o que representaba realmente era o grupo /ks/ (*examen*, *exonerar*, etc.) e a terceira soaba /x/ ante vogal palatal. O uso das tres grafías regulábase por medio dun criterio esencialmente etimolóxico: <g> cando os étimos das palabras contivesen esta letra (*elegir*, *regir*, etc.); <x> co valor de /x/ cando os étimos presentasen <x> (*relaxacion*, *exemplo*, *vexiga*, *enxundia*, etc.) e tamén “quando las voces tienen en su origen s: como *Caxa*, *Dexar*, *Xabón*, *Xugo*, *Xeme*, que salen de *Capsa*, *Deserere*, *Sapo*, *Succus*, *Semipes*: y la razón es, porque la s tiene el sonido muy parecido al de la x: y como los Españóles tomamos de los Arabes la pronunciación gutural, y estos pronuncian las ss como x, es natural la conversión de la s en x, y no en j” (RAE 1726-1739: I, LXXIV); <j> nos restantes casos (*jaspe*, *paja*, etc.). Poderíamos dicir que no romance de María Francisca de Isla poderían ser o resultado dunha adaptación a estas disposicións os casos de *Virgen* (52), *Deixame* (33), *veje* (29), *já* (48, 64), *Jesus* (89), *Joiña* (89) e se cadra tamén *Ygrèxa* (79) –por ter <s> no seu étimo–, pero non con certeza *sofràxes* (37, < lat. SUFFRAGINES), *Virxen* (70), *xà* (80) e *vafexàr* (96, sufixo latino -IDIÀRE).

Ora ben, as normas preconizadas pola RAE estaban claras na teoría, pero tiñan que ocasionar moitos problemas de aplicación práctica, tanto no propio uso castelán coma na súa adaptación ao galego. Na miña opinión, as voces privativas do galego revelaríanse como particularmente problemáticas, pois carecerían de referencia orientadora na lingua oficial e nalgúns casos tamén no portugués. Así, os étimos do substantivo *sofràxes* e do sufixo *-exar* de *vafexàr* poderían estar ao alcance dunha persoa moi versada en latín antigo e medieval e en fonética histórica das linguas románicas (coma o Padre Sarmiento), pero non ao da xeneralidade dos escritores. Canto a *encabujar* (28) e o substantivo *cabuja*, sería dificultoso establecer un étimo certo para o seu sufixo *-uja*, como tamén para *puja* (11), que na exclamación *ai dá puja!* lle suxeriu hipóteses etimolóxicas distintas a Sarmiento⁵,

⁵ Estando en Pontevedra en 1754 o bieito anotou o seguinte: “*Pucha!* Interjección de alegría, v. g.: *Pucha!*, *Ay da pucha!*, *Ay da puchiña!* Es ponderar el gusto de una fruta, de un vino, de un manjar, etc. Hace casi como el *canté afirmativo*, no el *canté optativo*. Todo consiste en el retintín. En Santiago *puxa*. ¿Si de *putia?*” (Sarmiento 1973: 399). E ao ano seguinte, tamén en Pontevedra, escribiu isto: “*Ay da pucha* y *ay da puxa* y *ay da puxiña* o *puchiña*. Véase atrás. Estoy persuadido a que esa expresión gallega es trastornación de esta otra expresión castellana: *ah hi de puta!*, *ay de puta*, *ay da puta*, *pucha*,

Saco Arce⁶ e outros. Tampouco estaba exento de dificultades o adxectivo *quixòsa* (7), xa que o seu étimo distaba de ser trivial⁷ e ademais, aínda que a RAE optase pola forma *queja* no seu dicionario, existía un uso secular de *quexa* que sen dúbida mantivo a súa influencia durante moito tempo e que no galego escrito da época podía favorecer o emprego de *queixa* no canto de *queija*.

No interior do propio texto dáse unha variación entre *Virgen* (52) e *Virxen* (70) e entre *já* (48, 64) e *xà* (80) que creo se debe conectar co feito de no manuscrito estaren patentes as dúbidas do amanuense ante certos casos implicados neste problema gráfico, pois ata en cinco ou seis ocasións atopamos formas inicialmente escritas con <x> que foron riscadas para despois substituílas por outras con <j> ou <g>: isto é o que ocorre entre *puxa* e *puja* (11), entre *xà* e *já* (48, 64), entre *Xesus* e *Jesus* (89), entre *Xoiña* e *Joiña* (89) e probablemente tamén entre *Virxen* e *Virgen* (52). A meu ver, o que isto pon de manifesto é que quen escribiu estes versos se debatía entre as seguintes dúas tendencias: adoptar un criterio fonoloxicista e simplificador axeitado ás particularidades do galego neste punto do seu sistema fonolóxico (escribindo sempre <x>), ou manter o tradicional emprego “promiscuo” de <g>, <x> e <j>, talvez buscando algunha orientación nas propostas da RAE e nos usos secularmente establecidos no castelán. Carezo de indicios que me poidan inclinar a supoñer que na súa praxe puideron pesar tamén referencias tales coma o do galego medieval ou o de idiomas románicos próximos coma o portugués ou o francés.

Promiscuo era precisamente o adxectivo que a RAE (1726-1739: I, LXXII-LXXIV) utilizaba no proemio ortográfico de 1726 para cualificar o uso que desde había moito se viña facendo en castelán dos signos gráficos <ç> e <z>. Para poñer orde e maior clareza neste asunto dispoñía que se abandonase o emprego de <ç>, mais cautamente mantiña o emprego de <z> e <c> co mesmo valor fonolóxico: o primeiro ante vogal non palatal (<za, zo, zu>) e en posición de coda silábica (*paz*) e o segundo ante vogal palatal (<ce, ci>). Contravén estas normas a voz castelá *Romanze*, que aparece no encabezamento do manuscrito que aquí estudo, pero acomódase a elas unha boa presada de palabras galegas: *concencia* (5), *cubizár* (12), *rapàz* (18), *dòce* (21), *receo* (43), *Céo* (45), *Paz* (52), *ofrezco* (54), *capáz* (68), *remembranza* (75), *doce* (93) e *esfraquezo* (95). Non obstante, tamén se atopan nos versos do romance tres formas con solucións gráficas distintas das propugnadas pola academia española para o castelán: *esquenzerei* (19), *fazèdes* (23) e, na miña

puchiña, *puxa*, etc. Creo que Sancho Panza la usa en el sentido en el cual la usamos los gallegos” (Sarmiento 1973: 430). Tendo en conta a existencia do eufemismo *pucha* por *puta* en castelán, Corominas e Pascual aceptan a proposta de Sarmiento. (cf. DCECH, s. v. *puta*).

⁶ Esta era a súa conxectura: “*Eidapuxa* (*ehi-da-puxa*, ahí de la subasta) espresa admiracion ó aprobacion irónica de alguna cosa extravagante” (Saco Arce 1868: 140).

⁷ Véxase no DCECH un resumo do debate que sobre esta cuestión mantiveron os especialistas.

opinión, tamén a seseante *gracias* (36), para a que MB e AB ofrecen a lectura *gracias*, que non representa explicitamente o seseo.

Se do <ç> xa non hai rastro no poema de Isla y Losada, tampouco o hai do ese duplo (<ss>), que fora abolido pola RAE para o castelán na reforma ortográfica de 1763.

O tratamento simplificador para facilitar o uso das “letras que se equivocan en la pronunciación” (RAE 1726-1739: I, LXXI) tamén se impuxo en 1726 para os pares compostos por <u> e <v> e por <i> e <y>, respecto dos cales se dispoñía que <u> e <i> se utilizasen só con valor vocálico (*usted, silbar*) e <v> e <y> só con valor consonántico (*voz, yantar, ayuno*), con poucas excepcións. Ora ben, asentado isto, cumpría resolver o vello problema de como empregar correctamente e <v> para representar o mesmo valor consonántico, xa que “el uso de la B, y de la V causa mucha confusión, nacida de que los Españóles, como no hacemos distinción en la pronunciación de estas dos letras, igualmente nos hemos valido yá de la B, yá de la V, sin el menor repáro” (RAE 1726-1739: I, LXXII). Coma noutros casos, a solución que se propoñía era de inspiración etimolóxica: empregaríase cando nos étimos houberse ou <p> (*barba, amaba, cabeza*), formando grupo consonántico homosilábico con líquida ou vibrante (*amable, bronce*) e cando non se puidese establecer con certeza a orixe da palabra afectada “porque es mas connatural à nuestra manéra de hablar la pronunciación de la B, que de la V”; <v> usaríase coas voces que viñesen de étimos que tamén a contivesen (*vanidad*). Neste aspecto das consoantes labiais os desenvolvementos históricos dos sistemas consonánticos galego e castelán foran paralelos e deberon de consolidarse xa na Idade Media, polo que os escritores en galego do século XVIII podían acomodarse doadamente ao que en 1726 propuxera a RAE para o castelán. Tal parece ser o caso dun numeroso grupo de palabras do romance ao cura de Fruíme: *ben* (3, 17, 31, 77), *vòlva* (9), *cubizár*⁸ (12), *vesita* (14), *lembro* (16), *habes* (22)⁹, *sabedes* (25), *Cadabre* (49), *acababa* (60), *hiba* (64), etc. De *vafexàr* (96) debemos dicir que, aínda que obxectivamente contraviña a doutrina da Academia, respectaba en troques o modelo propagado de feito desde o Dicionario de Autoridades, onde aparecían as entradas *vahear* e *vaho*, grafadas con <v> porque se relacionaron co latín VAPÔRE. No entanto, no romance de dona María Francisca aínda se lle pagaba un alto tributo ao tradicional uso “promiscuo” de e <v> combatido pola RAE, que podemos ilustrar con varios exemplos: *vote*¹⁰ (2), *ven* ‘ben’ (25) ao lado de *ben* (3, 17, 31, 77),

⁸ O Dicionario de Autoridades aínda recoñecía *cobdiciar* ao lado de *codiciar*.

⁹ Con todo, a RAE aínda vacilou un tempo entre a innovación *haber* e o vello *haver*, por máis que no Dicionario de Autoridades dixese que “sale del latino *Habére*, por cuya razon se debe escribir Haber, y no Aver, como hacen muchos” (RAE 1726-1739: II, s.v. *haber*).

¹⁰ O Dicionario de Autoridades recollía o verbo *botar*, con , do que dicía que “tiene ya poco uso, excepto en Galicia” (RAE 1726-1739: I, s. v. *botar*).

ben ‘vén’ (42), *ben* ‘ven’ (51), *bay* (58, 81, 88) ao lado de *vay* (69) e *Coba* (67). Outro tanto cómpre afirmar a propósito de *vèrbos* (10), onde o clítico se escribía con ao contrario do que se facía en *évòs* (12) –que inicialmente era un *ébòs* que despois foi corrixido–, *vòs* (16), *vós* (17) e *vos* (19, 54, 92), reproducindo así unha antiquísima práctica que a RAE (1726-1739: I, LXXII) condenara expresamente:

Esto se debe observar en qualesquiera diccionnes enteramente, y no con la bárbara distinción que ha introducido la ignorancia de que no ha de haver dos *BB*, ù dos *VV* en una palabra, porque si en su raíz las tienen: como en *Barba*, *Beber*, *Barbaridad*, *Volver*, *Vivir*, qué motivo se puede dár para escribir *Barva*, *Bever*, *Barvaridad*, *Bolver*, *Bivir*, ò al contrario *Varba*, *Veber*, *Varbaridad*, *Volber*, *Vibir*.

Pola súa parte, as voces *vagoas* (50), *oubilo* (79) e *catibo* (43) deberon de suscitar non poucas dúbidas, quer pola difícil determinación do seu étimo (no caso de *vagoas*), quer pola carencia dun referente en castelán (no caso de *oubilo* e tamén de *vagoas*), quer pola particularidade semántica da palabra galega no caso do adxectivo *catibo*, que en castelán se debía escribir con <v> (*cativo* ou *captivo*).

Da norma de lle reservar a <y> o valor consonántico e a <i> o vocálico só escaparon en 1726 os vocábulos de orixe grega en que <y> se viña utilizando “para non desfigurarlos de su orígen” (*ázymo*, *martyrio*, *sylaba*, etc.), a conxunción copulativa y polo seu “uso común [...] tan asentado” e os nomes que remataban en ditongo decrecente con [j], para os cales se consideraba necesario manter a conformidade entre singular e plural, tendo en conta ademais que no plural o <y> si representaba consoante (*rey* – *reyes*, *comboy* – *comboyes*) (RAE 1726-1739: I, LXXI-LXXII, LXXXIV). Estas normas fóronse reaxustando durante o XVIII e o XIX, e para quen se aproxime a este romance galego de entre 1774 e 1777 resulta conveniente saber que na sexta edición da súa *Ortografía* a RAE (1779: 51-56) dispoñía que se abandonase definitivamente o uso de <y> nas voces de orixe grega que o levaban nos étimos, que se empregase –con algunhas excepcións– nos ditongos decrecentes non só en posición final de palabra senón tamén na interior (*ayre*, *Reyna*) e que como maiúscula se utilizase <Y> no manuscrito (*Yglesia*, *Ysla*) mais non no impreso. Non se axusta por completo a estas disposicións a copia do poema galego de Isla y Losada, mais tampouco discorda respecto do que por volta de 1775 se adoitaba facer no castelán. Como núcleo silábico escríbese <i> (*aloumiñar*, 8; *min*, 6; *cubizár*, 12; etc.), coas excepcións de *Ysla* e *y* (no castelán do encabezamento) e de *Ygrèxa* (79), xa previstas pola RAE para os manuscritos. Na marxe posnuclear interior de palabra predomina amplamente <i> (*despois*, 3; *enteimār*, 20; *doito*, 22; etc.), coa única excepción de *Leyto* (51). Na marxe posnuclear final de palabra prepondera o uso concordante co preconizado pola RAE, con só tres

excepcións que en ningún caso aparecen máis alá da quinta cuarteta: *Sei* (1), *ai* (11), *esquenzerei* (19), pero *Pay* (48), *Nay* (48), *ay* (52, 74), *vay* (69), *fay* (76), *bay* (81, 88), *Ay* (94), *sey* (94). Na marxe prenuclear posconsonántica só se usa <i>: *concencia* (5), *grasias* (36), *Dios* (44), *remedio* (56), *Dieguiño* (85). Finalmente, en posición interior intervocálica o emprego de <y> (*layandome*, 34), común tamén nos textos do Prerrexurdimento, está inducido polo valor consonántico que a RAE lle atribuíu a <y> en palabras castelás como *mayo* e *playa*.

Canto ao emprego do grafema <h>, a doutrina que a RAE foi propalando a partir de 1726 consistía nunha prudente acomodación ao criterio etimolóxico, debidamente compensada co tributo aos usos establecidos en voces coma *oy* ‘hoxe’, *armonía*, as que tiñan ditongo [we] en posición inicial (*hueco*, *huevo*, *hueso*...) ou aquelas en que <h> podía funcionar como marca de hiato (*albahaca*). No romance ao cura de Fruíme chama a atención e preponderancia do uso de <h> coas formas do verbo *haber* (*has*, 8; *habes*, 22; *hàs*, 24; exceptúase *eime*, 28), é dicir, o alto grao de acatamento dunha norma de inspiración etimolóxica na que a RAE puxera moito empeño, pois era moi forte a tendencia de moitos a seguir escribindo *haber* sen <h>, como se viñera facendo desde antano. A preferencia polas formas con <h> para a P3 do presente de indicativo de *ser* (*hè*, 43, 65; *hé*, 61; *heche*, 68; exceptúase *évòs*, 12), patente tamén nos textos das primeiras décadas do século XIX, probablemente respondía ao desexo de diferenciala da conxunción copulativa *e*. Antietimolóxico era tamén o uso de <h> en *hiba* (64) e igualmente en *Ahí* (69), mais con este adverbio esta opción amparábase na práctica preconizada pola RAE, que semellaba fundarse no valor de marca de hiato que lle asignaba a <h>: “AHÍ. Adv. de lugar. [...] Algunos le escriben sin la h; pero parece mas natural la tenga, respecto del modo de su pronunciacion” (RAE 1726-1739: I, s. v. *ahí*).

No tocante á representación da consoante nasal velar en posición intervocálica interior de palabra, este texto é un dos poucos elos da pequena cadea que marca o afianzamento do uso do dígrafo <nh> durante o século XVIII (cf. Mariño Paz 1999: 294-295): *algùnha* (21), *unha* (57, 73). En todo caso, dada a carencia dunha auténtica tradición de escritura en galego durante o setecentos, debemos advertir de que consolidación do emprego de <nh> propiamente dita non a haberá ata o século XIX.

Sorprende a utilización da diérese sobre a semiconsoante da interxección *ay* (52, 74, 94). Poida que se trate dun recurso para indicar que as dúas vogais se debían pronunciar sen pausa silábica intermedia. Con todo, tamén se le *Ay* (89).

En conxunto, creo que este poema da Perla Galega amosa unha ben perceptible tendencia ao acatamento das disposicións ortográficas defendidas pola RAE, mais coas habituais excepcións ou vacilacións dos textos galegos de todas as épocas anteriores ao proceso de estandarización iniciado ao final do século XX. Máis

aínda, no XVIII e antes do XVIII o polimorfismo gráfico era unha característica xeneralizada non só dos textos galegos, senón tamén de moitos dos producidos en castelán, como ben deixa ver o seguinte lamento da Academia Española publicado en 1726:

Si en estas [nas obras modernas] se hallasse la igualdád y conformidad debida, con facilidad se huviera fijado una competente Orthographía; pero lo sensible es que los Autóres no tan solamente están entre sí discordes, sino que en sus mismas obras se hallan escritos con variedád unos mismos vocablos. Esta irregularidad y defecto es tan indecoroso y ofensivo de la nobleza y lustre de la Léngua, que siendo en sí purissima, elegante y clara, la hace obscura, intrincada y dificultosa: y al passo que dá motivo para que se dude en muchas palabras el modo con que se deben escribir, ocasiona en los extraños el embarazo de que dificulten ò no alcancen lo que se quiere dár à entender, por hallarlas diversamente escritas (RAE 1726-1739: I, LXVII).

2.2. Niveis fónico, morfosintáctico e lexical

Canto a estoutros outros niveis da análise lingüística, considero que esta composición de María Francisca de Isla se caracteriza polo seu marcado ton coloquial, polo seu alto grao de enxebreza (con baixo impacto do castelanismo) e pola súa coloración dialectal compostelá. En conxunto, pódese ler como o testemuño da elevada competencia en lingua galega que no último terzo do século XVIII mantiña unha distinguida dama da fidalguía urbana santiaguesa.

Respecto da primeira das tres características do texto que anteriormente enunciarei, comezarei afirmando que o lector deste romance se sente desde o primeiro verso impelido a consideralo coma se de parte dunha distendida conversación rimada se tratase. A interxección apelativa con que ese verso e o poema todo se inician marca o ton de diálogo informal que non se abandonará ata o remate: “*Ôu mèu Crego? Sei q’ qués, / que eu vote alengua â paseâr?*” (1-2). Sentimentos e reaccións de diverso tipo experimentados pola emisora denota *jay!*: “*añ miña Virgen da Paz!*” (52), “*mal pocado de min! añ!*” (74), “*Ay Jesus!*” (89), “*Añ! que non sey que me dà*” (94). Conformidade co dito inmediatamente antes é o que expresa a interxección *madía*, que aquí se emprega non na súa construción fixada co verbo *levar*, senón na que posúe con *ter*:

Ven sabedes, vaiche bòa!
como estas cousas se fân,
madia tendes, senon
eu eime de encabujar (25-28).

Que a forma que esta copia do romance nos transmite é a trisílaba *madía* confírmase polo feito de no manuscrito estar riscada a conxunción copulativa *é* que se escribiu no principio do verso 27 e que na súa edición deixaron estar tanto Martínez Barbeito coma Xosé María Álvarez Blázquez. A omisión desa conxunción implica que a interxección se debe ler aquí *madía*, e non *madia*, para que o verso teña a medida oportuna¹¹.

Funciona tamén como interxección *mal pocado*, que no verso *mal pocado de min! aï!* (74) se asocia cun pronome oblicuo rexido pola preposición *de* para expresar comiseración da emisora respecto de si mesma (sen concordancia en feminino e singular, o que evidencia que non estamos ante un adxectivo). No galego moderno esta posibilidade construtiva preséntana tamén outras interxeccións, e nomeadamente *ai* (cf. Álvarez / Xove 2002: 671). *¡Malpocado!* procede de *¡mal pecado!*¹², unha expresión para a que existen documentacións medievais e posmedievais en galego, portugués e castelán (cf. DCECH; Lorenzo 1975-1977: II, 796) e que no noso idioma chegou a gramaticalizarse non só como interxección, senón tamén como adxectivo dotado das flexións de xénero e número que ten o significado de ‘coitado’ ou ‘desventurado’, coma na seguinte pasaxe dunha obra de Avelino Rodríguez Elías (1930: 107): “Triste sorte a sorte miña: tolleito, probe e sin dona, astra o fillo me levaron ó servizo, e desta choza metido antr’ as catro pedras, agar-do que chegue a hora derradeira desta vida *malpocada*”.

Dos diversos valores que en 1745 lle recoñeceu Sarmiento (1973: 269-270), é o optativo, o de expresar un “deseo de cosas poco asequibles” (Saco Arce 1868: 139), o de “ojalá” (Sobreira 1979: 438), o que *canté* presenta neste romance: “*cantè* quen poidera mais!” (72). Antecedente aínda non gramaticalizado da interxección *dode-mo* é precisamente a exclamación *¡dou ao demo!*, coa que se interpela o demo coa intención de negar rotundamente a posibilidade de seren executadas as accións que se enuncian inmediatamente despois: “s’ àvesita non pagàs / *dou ò Demo* pè ala poño / nin me lembro de vòs màis” (14-16). Outras exclamacións intensifican aínda máis o sabor coloquial do romance:

- *ai dá puja!* (11), para a que remito de novo ás glosas de Sarmiento e Saco Arce que máis arriba transcribín, expresa admiración ante a conxectura que a poeta lanzara nos versos inmediatamente anteriores: que

¹¹ Con toda a certeza, no século XIX xa recolleron a variante *madía*, entre outros, o autor dun vocabulario anónimo galego-castelán de entre 1840 e 1850 (Pensado 1995: 63), Saco Arce (1868: 140) e Valladares (1970: 115). Dubidoso canto á acentuación é en troques o testemuño de Sobreira (1979: 369).

¹² Xa Sarmiento (1973: 270) lle apuntou esta orixe en 1745: “*Pocado*, por *pecado*. Sólo se usa en la expresión *mal pocado*, y sirve para mucho, y en especial para condolerse”. Así e todo, no mesmo ano o bieito barallou tamén a posibilidade de derivar a expresión do adxectivo *apocado* (cf. Sarmiento 1973: 328).

poida que o abade de Fruíme lle pedise que lle escribise unhas letras para así evitar que fose ela mesma en persoa a velo de balandrán na súa freguesía da montaña lousamesa; como expresión de admiración e de alegría, xa o propio Cernadas a empregara nas coplas que compuxera en 1759 co gallo da coroación de Carlos III como rei de España, inseridas nun escrito do que se fixo publicación autónoma en vida do seu autor (cf. García Cortés 2002: 236-239): “Diz que xá ten oito fillos, / seis Varons, duas Infantas: / endeben, casi me folgo: / *aidapuxa*; casi hé farta” (Cernadas y Castro 1778-1781: V, 183);

- *vaiche bòa!* (25) encarece a corrección da afirmación en que se incrusta, indicando quizais que aquilo que se di é algo que acontece desde hai moito tempo: “Ven sabedes, *vaiche bòa!* / como estas cousas se fàn” (25-26)¹³;
- *alabay* ‘¡alá vai!’ (88) expresa que o atrevemento de Cernadas se decidise viaxar a Santiago durante a invernía tería un desenlace funesto se a súa cabalgadura escorregase polo camiño e tirase con el no chan: “Virás acò meu Dieguiño / cando ò tempo milloràr, / porq’ si escorrega á Besta / è esbarroufàs, *alabay*” (85-88).
- *miña Joiña!* (89), finalmente, denota “compasión y cariño” (Saco Arce 1868: 140).

Este ton coloquial crea condicións óptimas para que afloren os oito casos en que nestas vinte e catro cuartetos se usa o dativo de solidariedade, un recurso pragmático que a meu parecer xa se rexistra no galego medieval e que posteriormente aparecerá con notable abundancia nas fontes do galego medio e dos inicios do século XIX, impregnadas a miúdo dese mesmo aire de coloquialidade e de proximidade á lingua oral que impulsaría os seus autores cara ao seu emprego. As interpelacións de María Francisca de Isla ao cura de Fruíme válense constantemente de dativos de solidariedade, que se presentan ora na forma de trato cortés (*vos*), ora na moito máis frecuente forma de familiaridade (*che*):

- ai dá puja! q’ a terriña / évòs para cubizár (11-12)
- Dòncheme tào as sofràxes (37)
- Dios *che* m’ arrede detàl (44)

¹³ Pouco máis tardío ca o de Francisca de Isla é o testemuño insatisfactoriamente glosado que cara ao final do século XVIII recadou o Padre Sobreira (1979: 110): “AGORA. Interj. negativa y expresiva de sentimiento tenido por lo mismo que se niega, como: *Ceache ja? Agora, nin en duas horas. Agora, vay-che boa*”.

- *Estouche* feita un Cadabre (49)
- é cortafeira coideiche / que acababa de finar (59-60)
- q' anque eu non queira, na Coba / de chantarme heche capáz (67-68)
- Ahí vay esa esmoliña / prá Virxen à empregà / que *che* lla dou de boa mentes (69-71).

Así mesmo, o dativo de solidariedade aparece contido na coñecida expresión exclamativa *¡vaiche boa!*, que coa súa forma de familiaridade *che* se xustapón a unha forma verbal de P5 que implica tratamento deferente: “Ven sabedes, *vaiche* bòa! / como estas cousas se fàn” (25-26).

Se xa estes trazos de coloquialidade evidencian o alto grao de enxebreza e o reducido alcance da interferencia castelanizante que se perciben na lingua utilizada neste romance ao cura de Fruíme, creo que acontece o mesmo con outros fenómenos de índole fonética, morfolóxica, sintáctica, lexical ou semántica. Non teño datos que me inclinen a pensar que María Francisca de Isla puido considerar como modelos para a súa escritura en galego a lingua das obras e documentos medievais (que talvez descoñecía) ou a dalgún dos contados e moi ignorados autores posteriores; atrévome, iso si, a conxectar que algunha inspiración puido atopar precisamente nos escritos do seu amigo Diego Cernadas, e se cadra tamén nos de José Cornide, a quen igualmente coñeceu e tratou. Creo, en fin, que o seu referente fundamental tivo que ser a fala popular da contorna compostelá, da que tamén era natural Cernadas e na que ela se criou e morou durante a maior parte da súa vida. Desa fala popular deben de proceder, nos planos fónico e morfolóxico, alteracións vocálicas coma as de *cubizár* (12), *vesita* (14), *estagamo* (58), *mal pocado* (74) e *milloràr* (86), próteses coma a do *alembro* corrixido para *lembro* no verso 16, metáteses coma as de *Cadabre* (49), *estagamo* (58) e *probe* (73), destrucións de ditongos crecentes coma a de *concencia* (5), a redución a *-á* da terminación *-ade* que vemos en *amistà* (30) ou a coalescencia [ao] > [ɔ] que se produce entre a vogal átona final de *cata* e o pronome enclítico *o* en *Catao* (2), forma que debe lerse como bisílabo para que o verso “*Catao ben, e despois non*” teña a medida correcta.

Da mesma popular fonte provén a alternancia entre o trato de *vós* e o de *ti* para se dirixir a un amigo, que nos textos dialogados de principios do século XIX está sobradamente documentada. No seu romance dona María Francisca trata o cura de Fruíme de *ti* nas estrofas 1, 2, 9, 10, 11, 13, 15 e 17, de *vós* na 3, na 5, na 7 (coa excepción da expresión estereotipada *¡vaiche boa!*), na 14, na 21 e na 23 e de ambas as maneiras na 4, na 6, na 8, na 18 e na 22. Os testemuños da época que conservamos amosan a evidencia de que naquel tempo había unha gran labilidade entre estes dous tipos de tratamento nesta clase de relacións amicais, de modo que en

poesía as necesidades de medida e rima na construción dos versos podían inclinar o autor cara ao uso dunhas ou doutras formas sen que isto implicase realmente unha alteración da coherencia. Así, creo que foi a necesidade de usar formas verbais agudas rematadas en *-ás* ou en *-á* o factor que determinou a escolla de *pagàs* (14) e non *pagas*, de *catá* (22) e non *cata*, de *achás* (32) e non *achas*, de *empregà* (70) e non *emprega*, de *fungàs* (82) e non *fungas*; e paréceme que a autora optou por *Dime* (21) e non *Dicídeme*, *Deixame* (33) e non *Deixádeme*, *Virás* (85) no canto de *Viredes* e *Dios che m' arrede detàl* (44) en lugar de *Dios me vos arrede detàl* porque tiña que crear versos octosílabos.

Aínda que a súa manifestación no poema estea influenciada por factores métricos e rimáticos, non cabe dúbida de que a variación entre *-des* (*fazèdes*, 23; *sabedes*, 25)¹⁴, *-s* (*pagàs*, 14; *habes*, 22; *achás*, 32; *fungàs*, 82; *esbarroufàs*, 88) e *-is* (*dais*, 56) para a expresión do sufixo número-persoal da P5 dos presentes de indicativo e o emprego da desinencia 'cero' para a mesma persoa do imperativo (*catá*, 22; *empregà*, 70) está en sintonía co que hoxe presumimos sobre o uso compostelán daquela época, talvez coa excepción de *dais*¹⁵. Útiles para o cumprimento da súa tarefa versificadora lle resultaron tamén as formas *dòn* 'doen' (37) e *cán* 'caen' (50), con elisión da segunda vogal do hiato (ou ben da semiconsoante palatal na fase *doin*, *cain*), que, considerando a distribución dialectal que para *tran* amosaba o ALGa 1 (mapa 384) ao final do século XX, ben podían ser usadas de continuo en Compostela ou na súa redonda por volta de 1775. Quitando o relativo aos condicionantes métricos e rimáticos, cabe a mesma afirmación a propósito do sufixo número-persoal da P2 dos pretéritos de indicativo, para o que rexistramos *-che* e *-ches* (*pensache*, 6; *trataches*, 13), e tamén respecto da vogal temática da P3 dos pretéritos de indicativo da terceira conxugación: *sinteu* (80).

No terreo da morfoloxía dos verbos irregulares chamarei a atención sobre os seguintes aspectos:

- O uso do presente de subxuntivo de *dea* (20) e non de *dé*. Esta última é a solución maioritaria non só no galego medieval, senón tamén nas escasas fontes dos séculos XVI, XVII e XVIII e aínda nas de principios do XIX.
- A utilización exclusiva de formas con lexema *fa-* (e non *fac-*) para a P2, a P3 e a P6 do presente de indicativo do verbo *facer*, en liña co predo-

¹⁴ En *fordes* (18) e *tendes* (27) non había opción para as desinencias *-s* ou *-is*, por non estar o /d/ de *-des* en contexto intervocálico.

¹⁵ Con todo, débese advertir que nas obras do cura de Fruíme se len *relumbrais* e *sabereis* (Cernadas y Castro 1778-1781: III, 305; VII, 389). Se as variantes con desinencia *-is* non estaban naquel tempo en uso polas terras de Compostela, María Francisca de Isla puido talvez aprendelas do seu amigo Cernadas, quen, por outra parte, tamén usou nos seus versos en galego as tres variantes *-des*, *-s* e *-is*.

minio que delas se dá nos textos do setecentos e das primeiras décadas do oitocentos: *fás* (4), *fas* (31), *fay* (76), *fàn* (26). Digno de atención me parece que no verso 23 apareza a ourensá *faguèdes* como forma inicialmente escrita pero seguidamente desestimada a prol de *fazèdes*; ora ben, non hai forma de discernir se *faguedes* estaría xa no orixinal do que copiou Cornide ou se se debería en troques a unha iniciativa ou impulso do propio copista. En calquera dos dous casos, o coruñés preferiu finalmente a solución probablemente máis estendida.

- O emprego do lexema *ib-* para o copretérito de *ir*, en consonancia co que é normal nas fontes dos Séculos Escuros e despois nas do século XIX: *hiba* (64).
- O uso do lexema *poid-* para o lexema do tema de pretérito de *poder* (*poidera*, 72), que tampouco estraña porque tamén se encontra en textos de ambientación compostelá producidos en 1812 e 1836.
- A decantación a prol da solución *qués* (1, 30) como P2 do presente de indicativo de *querer*, debida a que o seu carácter monosilábico lles aseguraba a medida correcta aos octosílabos en que se atopa.
- A utilización de *só* (73) como P1 do presente de indicativo de *ser*, con previa riscadura dun anterior *són* que se adiviña no manuscrito, o que coído que vén a corroborar a miña impresión de que na lingua oral dos séculos XVIII e XIX a variante (eu) *so* gozou de ampla circulación (cf. Mariño Paz 2003: 243).

A coloración dialectal compostelá, da que xa fun dando algunhas probas, percíbese tamén por outros indicios:

- *lengua* (2) como resultado da voz latina LĬNGUA, aínda que tampouco nos causaría estrañeza a ocorrencia de *lingua*, unha variante que tamén se usa hoxe, como probablemente por volta de 1775, por Santiago e a súa contorna (cf. ALGa 3: mapa 77);
- a solución *oi* en palabras con étimos que contiñan os grupos -ŮCT-, -ŎCT- e -ŬLT- (*doito*, 22; *nòite*, 39; *moitos*, 41), coa aparente excepción, presente tamén noutras fontes compostelás un pouco máis tardías, do adxectivo *cuitadiña* (47), derivado en última instancia dun probable préstamo occitano (*coitar*) e non directamente do latín;
- *cando* (86) e *garde* (92) en lugar de *cuando* e *guarde*;

- a representación explícita do seseo prenuclear en *grasias* (36), mais recoñecendo que a miña lectura desta palabra non coincide coas de Martínez Barbeito e Xosé María Álvarez Blázquez;
- *bó* (92) (< BÖNU) e non *bon*, en consonancia co que tamén se observa nas obras do cura de Fruíme;
- *-án* (*san*, 92) e *-ás* (*màs*, 66)¹⁶ como resultados das terminacións latinas *-ĀNU* e *-ĀNŌS*, respectivamente, coa excepción do substantivo *grao* (83), como xa vemos na primeira *Tertulia en la Quintana* (1820) e na actual lingua oral da bisbarra de Compostela (cf. Dubert García 1999: 84);
- pronome suxeito *ti* (8) e non *tu*;
- demostrativos invariables con /'e/: *nesto* (90);
Este barral da freguesía de Santa María de Trobo presenta unha denominación única, até onde sabemos, en toda a toponimia galega. Carecemos de rexistros medievais, quer latinos quer propiamente romances, mais atendendo á súa fisonomía parécenos moi probábel que proceda do antropónimo ALTĪTŪS. Trátase dun nome persoal certamente escaso na nosa onomástica medieval, e de feito localizamos un único exemplo en toda a documentación antiga galega, concretamente nun texto da colección de Caaveiro do ano 997 en que figura un *Altitus presbiter* entre os confirmantes. A súa estrutura, polo demais, é bastante transparente, e consecuencia dunha derivación do adxectivo ALTŪS mediante o sufixo -ĪTŪS, empregado na creación de participios verbais da CII e CIII e inclusive de certos adxectivos desubstantivos (MĒLLE→MĒLLĪTŪS e similares)⁵. Non son frecuentes os antropónimos relacionados co adxectivo ALTŪS. Kajanto (1982: 196) ofrece tan só o exemplo de ALTĪNŪS, que aínda así seguramente sexa un xentilicio do topónimo ALTĪNŪM.

4.4. *Armental*

Núcleo de poboación da freguesía de San Cristovo de Donalbai ausente da documentación antiga. Conta con numerosos homónimos en toda Galiza: Cambre, Pobra do Caramiñal, Guntín, Pantón e A Peroxa [2], a que hai que sumar un *O Armental* en Castro de Rei. Coidamos máis que probábel que esta forma proceda dun (UĪLLA) ARMENTARIĪ, xenitivo dun antropónimo ARMENTARIŪS moi ben atestado nos nosos textos medievais e especialmente utilizado na onomástica cristiá a xeito de *nomen humilitatis*. É evidente que a base deste nome persoal se encontra por súa vez no apelativo latino ARMENTŪM ‘gando bovino’, cuxa raíz pode recoñecerse noutros moitos topónimos galegos como *Armenteira*, *Armenteiros*, *Armentío*, *Armentón*... (Piel 1948: 34).

4.5. *Buíde*

O lugar de Buíde é un dos núcleos de poboación que constitúen a freguesía de San Martiño de Carral. Álvarez (1999: 88), ao estudar os topónimos formados co sufi-

⁴ Boullón (1999: 195) rexistra como único exemplo a variante *Hecte* (*Hecte Gomenendez*) nun documento samonense de 1209.

⁵ Segundo Álvarez (1999: 98), este mesmo sufixo é o que intervéñen na formación de abundanciais fitonímicos, de xeito que a alternancia *-ido / -edo* que a miúdo se aprecia nos mesmos non se explicaría pola hipótese tradicional da metafonía, senón realmente pola aplicación de sufixos derivativos diferentes.

xo *-ido* sobre bases fitonímicas, suxire unha posíbel relación de *Buíde* co substantivo *boedo*, aplicado a terreos incultos, húmidos e pantanosos e seguramente creado como abundancial do lat. BUDA ‘xunco’ (*BUDĒTŪ, por un xenitivo *BUDĒTŪ)⁶. Este apelativo explica efectivamente os fitotopónimos (*O*) *Boedo* / (*O*) *Boído*, localizados na provincia da Coruña se facemos caso da información ofrecida polo Nomeclátor⁷. Porén, as mencións máis antigas que se fan da aldea begontina, en textos da segunda metade do s. X copiados no tomo de Sobrado, permiten desbatar tal posibilidade. No testamento dos condes Rodrigo e Elvira, con data de 959 e recollido no tomo de Sobrado, lemos *in territorio Rabbati uilla Boniti cum suas adiectiones*, e como *uilla Boniti* figura tamén este núcleo de poboación noutros textos da mesma procedencia redactados en 966 e 971. A forma íntegra do topónimo reaparece nun documento lucense de 1120. Moi posterior é a primeira atestación romance, concretamente de 1476, nun documento en que o Cabido de Lugo afora a Pedro Sanjurjo *os casares de Booyde* e de paso alúdese ao *prestamo coonosible de Boyde, que es en Caaboy*⁸. Noutro documento, este da colección documental de San Salvador de Pedroso e con data de 1485, o topónimo aparece xa utilizado como apelido persoal: *enna casa que foy de Tareyia de Buide*.

Á luz destes testemuños, parece evidente que a orixe da forma moderna está nese (UĪLLA) BONĪTĪ dos textos latinos. Trátase do xenitivo do nome persoal BONĪTŪS, bastante frecuente, segundo parece, na antroponimia altomedieval catalá (Boullón 1999: 159). A súa estrutura morfolóxica explícase pola derivación do adxectivo latino BŌNŪS mediante o sufixo -ĪTŪS, e non se trata por tanto dun diminutivo de BŌNŪS propiamente falando. Cómpre ter en conta que BŌNŪS é utilizado con certa frecuencia na onimia latina, así como certos derivados entre os que non se conta BONĪTŪS (Kajanto 1982: 275). A utilización destes nomes persoais, que aluden en certo xeito a unha cualidade moral, debe relacionarse sen dúbida coas tendencias antroponímicas cristiás tan arraigadas en época altomedieval.

4.6. *Denune*

Nome dun barral da parroquia de Santiago de Felmil. Non figura na documentación antiga, nin latina nin propiamente romance. Malia esa carencia, cremos que esta forma pode explicarse a partir dun *(UĪLLA) DŌM(Ī)NĪ NUNNĪ, xenitivo do antroponimo NUNNŪS (gal.-port. *Nuno*, cast. *Nuño*), que, como apunta a xeminación expresiva da nasal, parece proceder da linguaxe infantil co valor de ‘pai’ (cfr. MAMMA ‘nai’). De aí pasou a empregarse na regra de San Bieito como tratamento

⁶ A mesma idea fora xa apuntada por Piel (1948: 46).

⁷ Cinxíndonos estritamente á toponimia maior, encontramos *Boedo* designando entidades de poboación dos concellos de Camariñas, Culleredo e Cerceda. E recibe o nome de *O Boído* un barral da freguesía de Santiago de Boimorto, no concello homónimo.

⁸ Trátase da actual freguesía de San Martiño de Caboi, hoxe inscrita no concello de Outeiro de Rei.

de respecto dos frades máis novos cara aos máis vellos (Rivas 1991: 236)⁹, e acabou por se converter, a través das súas variantes, nun dos antropónimos mellor representados na nosa onimia medieval.

A evolución esperábel da cadea toponímica antes proposta levaríanos a unha forma **Donune*, que, por un proceso disimilatorio idéntico ao que comentaremos para *Besgode*, pasaría para o moderno *Denune*¹⁰.

O noso topónimo carece de homónimos no resto do territorio galego, mais non é o único que tivo a súa orixe no nome persoal NUNNŪS. Bastante próximo á parroquia á que pertence Denune está o lugar de *Vilanune* (Vilalba). A forma *Vilanuñe*, con palatalización da nasal polo -ñ do xenitivo, dá nome a unha entidade de poboación no concello de Antas de Ulla. Xa procedente do caso xeral é *Vilar de Nuño*, en Abadín, onde seguramente hai que pensar nun cruce coa forma MUNIŪS, de orixe controvertida e que frecuentemente interferiu con NUNNŪS e as súas variantes.

4.7. *Donalbai*

Trátase dunha das freguesías máis importantes do concello. Emerxe nos documentos xa no s. X, mais non cunha forma precedente do seu nome actual, senón mediante a advocación que aínda hoxe conserva a parroquia, i.e., *San Cristovo*. Así, en S966 cítanse uns *pumares in Sancto Christophoro*, e noutro documento do tomo de Sobrado con data de 1019 figura esta freguesía como *Sancto Christoforo*, variante gráfica da anterior. Son, até onde nós sabemos, as mencións máis antigas a esta entidade de poboación. Con todo, só na documentación moderna e contemporánea a achamos designada xa mediante o antropotopónimo. Madoz consígnao primeiramente como *Donalbay*, mais noutras entradas dedicadas a distintas entidades de poboación desta mesma freguesía achamos as variantes gráficas *Don Albay* e *Don-Albay*. O topónimo pode retrotraerse sen maior dificultade a un (UĪLLA) DŌMĪNĪ ALBANĪ. O antropónimo ALBANŪS, “propio de libertos e servos” (Boullón 1999: 124), é interpretado por Kajanto (1982: 44, 181) como un *cognomen* xeográfico formado a partir do nome da antiga cidade de ALBA (LŌNGA) e a adición do sufixo xentilicio latino máis regular, i.e., -(A)NŪS. Non hai relación, cando menos directa, co adxectivo ALBANŪS, -A, -ŪM (<ie. **albh-*), que xerou o antropónimo ALBĪNŪS, base á súa vez dos diversos topónimos *Albín* (<ALBĪNĪ)¹¹. Estamos por tanto perante un nome de estirpe latina, ben representado en época clásica e en

⁹ Piel (1948: 114) tamén subliña este emprego da voz NUNNUS/NONNUS nas comunidades beneditinas, mais supónlle orixe exipcia e atribúelle o significado de ‘eremita’.

¹⁰ O topónimo begontino non foi o único das súas características que sufriu unha deriva evolutiva como a que vimos de describir. Así, dun hipotético **DŌM(Ī)NĪ MUNDĪNĪ* temos hoxe *Demondín* (O Corgo), polo mesmo tipo de inflexión e no mesmo contexto fónico que vemos en *Denune*.

¹¹ Concretamente rexistramos o topónimo nos concellos de Santiso, O Saviñao, Castrelo de Miño e Vila de Cruces.

absoluto descoñecido na Galiza medieval. No tombo de Sobrado encontramos tres ocorrencias, concentradas en textos do s. X e figurando sempre como nome dunha testemuña ou confirmante. Entre esas atestacións atópase a máis antiga até hoxe coñecida, nun documento datado en 929. Aínda en documentos do s. XIII de distintas procedencias podemos constatar o uso de *Albanus* como apelido patronímico.

Se ben o xenitivo deste antropónimo está bastante representado na nosa toponimia, só en dous casos concorre coa forma de tratamento *Don*: no *Donalbai* begontino e en *Donalbán*, no concello do Corgo. Polo demais, ALBANĪ presenta *a priori* dous posíbeis rumbos evolutivos: a apócope do -ī final, pasando a vella nasal intervocálica latina a posición implosiva, ou ben a lenición e perda da dita nasal, que orixina un hiato ([a'i]) posteriormente adaptado como ditongo ([aj]). A primeira opción, que teoricamente implica unha antigüidade maior, é sen lugar a dúbidas a que maior éxito tivo, como demostran os diversos *Albán* espallados pola xeografía galega (A Pastoriza, Sarria, Ribadumia, Coles [2] e Tordoia¹²) e o mencionado *Donalbán*. A segunda posibilidade, porén, só se verifica no caso de *Donalbai*¹³. Isto pode entenderse como indicio do carácter máis serodio do noso topónimo con relación aos anteriores (pois na época en que se consolidou xa debía estar operativa a perda do -N-, e deixara de estalo a apócope de -ī), e quizais entronque coa xa sinalada ausencia de atestacións antigas¹⁴.

4.8. Gaibor

A freguesía de San Xiao de Gaibor é anexa da de Santiago de Illán e aparece mencionada desde o s. X nos tombos de Sobrado. A primeira ocorrencia retrotráenos ao testamento dos condes Rodrigo e Elvira, con data de 959 (S959), onde aparecen

¹² A localización xeográfica de todos estes topónimos obriga a considerar un étimo en xenitivo. A excepción constitúea o *Albán* rexistrado en Ribadumia, que podería proceder tanto do xenitivo como do acusativo ao confluiren no galego occidental as terminacións características deses dous casos (-ANŪ e -ANĪ). Porén, a inexistencia dun cognado *Albao* ou similar no galego centro-oriental parece apoiar a hipótese dunha base en xenitivo tamén para este caso. En Portugal, Machado rexistra varios *Alvão*; algúns deles remiten con bastante seguridade ao caso xeral (como *Quinta do Alvão*, en Lamego), mentres que outros resultan menos transparentes neste sentido por mor da converxencia -āe>-ão característica da maioría de falares portugueses.

¹³ Compárese co resultado *Illoi* (<ALĪONĪ?) e contrástese co diverxente *Illán* (<SANCTĪ IŪLIĀNĪ).

¹⁴ Ausencia especialmente salientábel se consideramos que algúns dos seus homónimos si aparecen nos textos medievais, nalgúns casos desde época bastante temperá. Así, o lugar de *Albán* na Pastoriza rexístrase xa como *Aluani* nun documento do tombo de Lourenzá do ano 1098. Os *Albán* que localizabamos no concello de Coles concorren como *villa Aluani* en varios documentos de Celanova pertencentes a épocas diferentes. Por último, o *Albán* pertencente na actualidade ao concello de Tordoia pode identificarse sen maiores problemas co *Vila aluan* que aparece nun documento de 1427. En canto a *Donalbán*, atopámolo nun documento de 1418 no que o Cabido de Lugo lle afora a Álvaro Díaz *os moynos novos de don Alvan* (repárese na forma xebrada, que suxire unha consciencia aínda viva do carácter composto do topónimo).

entre as propiedades relacionadas as vilas de *Baldemari*, *Iudeus et uilla Rauoli*¹⁵. En *S966* figura como *uilla Gaioli cum aiacenciis suis*, e por último, en *S971?*, lemos *in Boconti uilla Gaioli*. Evidentemente, a comparación dos tres testemuños lévanos á conclusión de que o *Rauoli* de *S959* é unha má lectura da forma propia *Gaioli*, presente nos outros dous textos. Na permuta feita polos bispos Aloito de Mondoñedo e Pedro de Lugo por volta de 1050-1060 aparece xa denominada *Gauli*, sen o núcleo nominal *uilla*. A forma moderna, grafada como *Gayuor*, non aparece até o s. XV, e documentámola por vez primeira como constituínte dunha cadea antroponímica: así, nun texto redactado en Vilourente en 1433 concorre un tal *Pero de Gayuor* entre as testemuñas. Así e todo, aínda nun documento ourensán de 1480 cítese a *Alvaro Lopes da Ferraría et Juan de Gaybol, procuradores da cibdade de Lugo* e en *SC1488* noméase a *la yglesia de Gaibol*. Segundo Nicandro Ares (1982: 102), a primeira atestación da variante *Gaibor* (con disimilación das líquidas), presente en Madoz e hoxe oficial, aparece nun texto de 1570, en que efectivamente figura o nome da freguesía como *San Gilao de Gaibor*, mais o certo é que xa nun contrato de foro con data de 1486 lemos *Johan Lopez de Gaibor*¹⁶.

As variantes *Gaioli* / *Gayuol* / *Gaybor* representan as fases evolutivas esperábeis a partir dun étimo (UÍLLA) GAUĪŌĻ, xenitivo do antropónimo GAUĪŌĻŪS, cuxo único vestixio toponímico foi segundo parece o noso *Gaibor*. O resultado explícase por unha apócope do -ī o suficientemente temperá como para que o -l- perdesse o seu carácter intervocálico, a posterior metátase do iode e finalmente o habitual paso de /l/ > /r/ en posición final. En GAUĪŌĻŪS podemos recoñecer unha derivación do antropónimo GAUĪŪS (atestado na epigrafía hispana e tamén nun documento de Sobrado do ano 927) mediante o sufixo diminutivo ou afectivo -ŌĻŪS, ben coñecido na nosa toponimia. O nome GAĪŪS ben podería ser unha variante de GABĪŪS, xeniticio da cidade de GABĪŪM, no Lacio, ao igual que GABĪNŪS, de época xa posterior e igualmente representado na nosa antroponimia e toponimia¹⁷. Con todo, outros autores apuntan unha base etrusca de que procederían asemade GAVENIUS e GAVINA. Nicandro Ares (1982, *ibid.*), relacionando esta familia antroponímica co léxico

¹⁵ A forma *Baldemari*, como veremos, correspóndese coa actual parroquia de San Xoán de Baldomar, mentres que *Iudeus* deu lugar á forma moderna *Xueus*, nome dun barral da freguesía de Santiago de Gaioso (Outeiro de Rei).

¹⁶ O topónimo aparece con moita frecuencia como constituínte de cadeas antroponímicas en documentos lugueses ao longo de todo o s. XV. Na maioría dos casos trátanse de referencias a unha mesma persoa, Xoán López de Gaibor, notario, procurador e logo rexedor da cidade das murallas, a quen se alude no devandito documento ourensán de 1480. Mais tamén atopamos secuencias onomásticas relativas a outros personaxes, como *Juan Ferrnandes de Gayvol* (nunha sentenza con data de 1403), *Lopo Rodrigues de Gayvol* (nunha permuta de 1447 e aínda en documentos de 1484 e 1491) ou *Afonso Lopes de Guayvol* (nun aforamento con data de 1449). As variantes gráficas do topónimo ao longo dos documentos nos que o rexistramos son múltiples: *Gaybol* é maioritaria, mais atopamos así mesmo *Gayvol*, *Guayvol*, *Gaibol* e en menor medida *Gaybor* e *Gaibor*.

¹⁷ Boullón (1999: 236) documenta *Gauinus* en Santiago no ano 898 e tamén en Sobrado no ano 942. Antropotopónimos relacionados con esta forma deben ser os varios *Gabín* e *Vilargabín* espallados polo territorio galego.

común, aínda sinala a homonimia entre a forma feminina GAUŪA, igualmente presente na epigrafa, e o apelativo latino GAUŪA ‘gaivota’, así como a posíbel interferencia entre estas formas e o par GAIUS / GAIA, que funcionaban quer como apelativos (‘pega’) quer como antropolónimos.

4.9. *Illán de Abaixo / Illán de Arriba*

O topónimo *Illán* designa unha freguesía do concello de Begonte que ten como padroeiro a Santiago, mais tamén dá nome a dous dos barrais que conforman esa mesma parroquia. No mencionado repartimento de 1488 alúdese a *la iglesia de Yllan*, xa coa forma moderna do topónimo, mais con anterioridade, nun dos treitos da xa citada *KARTA DE QUINIONES DE CONSTANTIM*, fálase das propiedades dun tal Vermudo Rodríguez *in Bogonti et in Sancti Iuliani*. Se facemos caso desta única atestación latina, a orixe do topónimo debe estar nun (ECCLESIA) SANCTĪ IULĪANĪ. A evolución deste sintagma debeu ser a mesma que se verificou nos topónimos *Santullán*, *Santullano*, *Santillán*... ou, no caso de Santa Xuliana, en *Santillana* (Piel 1950: 58-59). A diferenza é que no topónimo begontino se verificou a perda do constituínte *Sant-*, que se mantivo nos demais haxiotopónimos. Non é este un fenómeno de todo estraño na nosa toponimia. Por pór soamente un exemplo, *Fontefiz*, na freguesía chantadina de San Fiz de Asma, debeu ser inicialmente un FÖNTE SANCTĪ FELICĪ, e poderían achegarse bastantes máis casos análogos.

Non coñecemos homónimos de *Illán*, aínda que cremos que o topónimo *Soutillán* (Trabada) pode explicarse a partir dun *SALTŪ IULĪANĪ, en que o antropolónimo (neste caso nome de posesor, e non propiamente haxiónimo, segundo cremos) debeu sufrir un proceso idéntico ao que observabamos no noso topónimo de referencia. Tamén a un xenitivo IULĪANĪ hai que remitir as formas *Xullán* (Bóveda), *Xián* (Taboada [2]) e *Xillán* (Chantada [2]), caracterizadas pola esperábel conservación da consoante /j/ (</3/) procedente do iode inicial.

4.10. *Illoi*

O que hoxe é un barral da freguesía de Santa María de Saavedra aparece mencionado moi poucas veces na documentación antiga. De feito, nós soamente demos con un testemuño, bastante tardío (1411), en que o topónimo aparece xa coa súa feitura hodierna e formando parte dunha cadea antropolónica: *Maria Ferrandes, minna parenta, filla de Fernan Eanes de Illoy*. Coidamos que este topónimo pode vincularse co antropolónimo latino ALĪONĪŪS, a través dunha formación (UĪLLA) ALĪONĪ. Este nome persoal non aparece no repertorio de Kajanto, mais está atestado nunha inscrición de Coria (Soria), en que lemos *C. Alionius* (Vives 1971, I: 31). Achámolo tamén, baixo a forma *Alioni*, na relación de testemuñas dun diploma de Liébana do ano 843.

A perda do -N- intervocálico e a palatalización da vogal pretónica por influxo do /ɲ/ subseguinte foron as transformacións que orixinaron a forma *Illoi* a partir da base *ALŌNĪ*. Nesta liña, tamén debe estar relacionada co noso topónimo a forma *Agrilloi*, nome dunha aldea da parroquia de San Lourenzo de Agualada (Coristanco)¹⁸. Unha evolución diverxente, con mantemento da vogal pretónica e caída temperá do -ī, é a representada por *Allón*, topónimo que encontramos en Vilarmajor e Pontedeume, este último atestado efectivamente como *Alion* en certos documentos de Caaveiro.

Outra proposta a considerar é a de Piel / Kremer (1976: 68), que fan proceder a variante *Allón* dun antropónimo xermánico **ALĪO*, -ONĪS, relacionado coa raíz *al-* do gót. *alls* ‘todo’, ou ben coa tamén xermánica *alj-* ‘outro’, ‘forasteiro, estranxeiro’, ambas as dúas presentes noutros nomes persoais ben testemuñados no Noroeste ibérico, e que neste caso estarían a funcionar como antropónimos monotemáticos¹⁹.

4.11. *Martín de Abaixo / Martín de Arriba*

Son dous núcleos de poboación da freguesía de Santa María de Trobo. Malia non localizarmos ocorrencias destes topónimos na documentación antiga, resultan plenamente transparentes canto á súa orixe. Remiten a un sintagma (UĪLLA) *MARTĪNĪ*, con posterior determinación preposicional. O antropónimo *MARTĪNŪS*, “cognome tradicional de escravos e libertos” (Piel 1948: 102), está etimoloxicamente relacionado co teónimo *MARS*, e a súa difusión tivo sen dúbida que ver coa do culto de San Martiño de Tours.

Os exemplos deste topónimo elíptico no territorio galego son tan abundantes que resultaría enfadoso enumeralos. Porén, cómpre pór en relevo, como xa fixeron outros autores, que non todos eles teñen que provir necesariamente do xenitivo *MARTĪNĪ*, xa que a forma *Martín* é a solución esperábel do acusativo *MARTĪNŪ* no galego oriental (fronte a *Martiño*, no resto de Galiza)²⁰.

4.12. *Porta do Cao*

Atopámonos, malia a ausencia de testemuños medievais que o confirmen inequivocamente neste caso, perante o antigo adxectivo *cāo* (<*CANŪS*), que da acepción inicial ‘branco, canoso’ acabou atinxindo a de ‘persoa vella’ utilizado xa como *cog-*

¹⁸ A pesar de encontrarmos a forma *A Grilloi* nalgún cartel indicador da zona.

¹⁹ Ao xenitivo *ALĪONIS* podería retrotraerse o topónimo portugués *Alhões*. Mais trabúcanse ao noso xuízo os estudosos alemáns cando pretendén asignarlle a mesma base etimolóxica a *Anllóns*, cuxa orixe está moi seguramente nun plural *ANGULŌNES*.

²⁰ O mesmo vale para a forma íntegra *Vilamartín*, que rexistramos en Tordoia, Ourel e Vilalba. Formas con determinación preposicional son *Vilamartín de Valdeorras* (concello e freguesía) e *Vilamartín Pequeno / Vilamartín Grande* (ambos no concello de Barreiros).

nome en época clásica (Kajanto 1982: 223) e bastante frecuente como alcume e posteriormente apelido na nosa antroponimia medieval. Na nosa toponimia coñecemos un *Porta dos Caos* (onde *Cao* aparece xa seguramente como nome familiar), no coruñés concello de Frades, e Machado (1993: I, 339, s.v. *Cão*) ofrece diversos exemplos do territorio portugués, como *Lama do Cão*, *Lameiro do Cão* ou *Várzea do Cão*, entre outros.

4.13. *Santalla de Pena*

Os primeiros rexistros deste topónimo pertencen ao s. XIII, e aparecen en documentos do tombo de Sobrado. As atestacións máis antigas son de 1202, e nelas o topónimo funciona como constituínte de certas cadeas antroponímicas, como p. ex. *Petrus Petri de Sancta Eolalia de Pena* e *Iohanne Guterriz de Sancta Eolalia de Pena*. Duns poucos anos máis tarde, concretamente de 1206, é a primeira aparición do topónimo como elemento autónomo, nun documento en que o abade Paio de Sobrado fai un pacto con Xoán Rodríguez acerca da *hereditate nostra quam habemus in Sancta Eolalia de Pena*. Xa en SC1488 se menciona *la yglesia de Santalla* entre as pertencentes ao arciprestado de Ribas de Miño. Obviamente estamos ante o haxiónimo SANCTA EŪLALĪA (do grego εὐλαλία ‘a ben falada’), moi difundido por todo o Noroeste peninsular e que presentou evolucións fonéticas moi dispares (Piel 1950: 25).

4.14. *Baamonde*

Este núcleo de poboación (barral e freguesía) aparece mencionado co seu nome actual en diversos documentos pertencentes ao tombo de Sobrado. A referencia máis antiga de que coñecemos a data remítenos ao ano 1019, nun testamento en que Goterre Muñoz e súa irmá lle legan ao mosteiro de Gaios, entre outras propiedades, *uilla Bademundi cum sua ecclesia*. Noutros textos posteriores do mesmo tombo reaparece xa como topónimo elíptico: *de medietate ecclesie Sancti Iacobi de Baamundi cum omnibus pertinentiis suis* (TS, 1188); *de nostra medietate de ecclesia Sancti Iacobi de Baamundi* (TS, 1191); *de ganantia quam etiam de compara in Baamundi* (TS, c. 1205)

O seu uso como apelido persoal, abundantísimo ao longo de todo o medievo, comeza a rexistrarse tamén por esta época. Así, na *Karta de quiniones de Constantin* menciónase a un tal *Froyle Ueremudi de Baamundi*, e noutro documento de 1151 comparece *Petro Diaz de Balamondi*. De feito, nos textos medievais romances que puidemos consultar, tanto galegos como casteláns, o topónimo aparece sempre como constituínte dunha cadea antroponímica, precedido de preposición.

Procede sen lugar a dúbidas de (UĪLLA) BADAMŪNDĪ, xenitivo do antropónimo BADAMŪNDŪS en cuxa formación concorren os temas **badu* ‘loita’ e **mund-* ‘man,

protección'. Porén, Rivas (1991: 117) postula un primeiro tema **wad(o)-* 'fianza'.

Coñecemos homónimos nos concellos de Toques e Vilasantar, relativamente próximos á localidade begontina, así como nos de Muras e Paderne de Allariz. Tamén se rexistra un *Bamonde* en Teo.

4.15. *Baldomar*

A freguesía de San Xoán de Baldomar aparece mencionada desde cedo nos documentos medievais, e de novo temos que acudir ao tombo de Sobrado para atoparmos esas primeiras alusións. A máis antiga dáse en *S959*, texto fundamental para a recolla das atestacións máis temperás de moitos topónimos de Begonte e a súa contorna. Entre as localidades doadas está *Baldemari*, que reaparece como *Baldemar* en *S971*. Nunha serie de documentos moi posteriores, redixidos todos eles na primeira década do s. XIII, comparece como confirmante un tal *Petrus presbiter de Baldomar*.

As atestacións do topónimo en textos medievais estritamente romances son moi escasas. De feito, nós soamente localizamos unha, en *SC1488*, en que se alude a *la yglesia de Valdomar*. Esta forma con *V-* antietimolóxica aparecía nos carteis indicadores da zona até datas relativamente recentes, e seguramente se vía apoiada por un comprensíbel fenómeno de asociación etimolóxica en virtude do cal se identificaba a sílaba inicial co substantivo *val* (<UALLEM). Cómpre salientar, con todo, que Madoz rexistra o topónimo como *Baldomar*, con grafía etimolóxica.

É evidente que a orixe deste topónimo está nun (UĪLLA) BALDEMARĪ, de BALDEMARŪS, antroponónimo en que se recoñece un compoñente **balb* 'valente, audaz' e outro **mar* talvez relacionado con voces como **marha* ('corcel de batalla'), *marei* ('mar') ou inclusive **marka* ('marca, fronteira'). O tema **balb*, conforme a unha tendencia ben coñecida na antroponimia xermánica, funcionou tamén como nome autónomo, baixo a forma *Baldo* e similares²¹. Rivas (1991: 118) propón para BALDEMARŪS a base *Wald-mêreis*, composta de **waldan* 'gobernar' e o ben coñecido elemento *-mêreis* 'famoso, célebre', adaptado ao latín como *-mirus*. Supón xa que logo que BALDEMARŪS é unha forma alternante de BALDEMĪRŪS, que tamén deixou vestixios na toponimia galaica²².

O topónimo *Baldomar* existe ademais nos concellos de Carballo, Muxía, Ortigueira, Guitiriz, Nogueira de Ramuín, A Peroxa e Covelo, co cal está en xeral ben representado por todo o territorio galego.

²¹ Relacionados con este nome monotemático deben estar topónimos como *Balde* (en Carballeda de Avia) e *Vilabalde* (en Sober), p. ex.

²² O Nomenclátor de Galicia rexistra *Baldomir* como nome de lugar nos concellos de Bergondo, A Laracha e Folgoso do Courel. A variante *Baldemir* aparece no ourensán concello de Lobeira.

4.16. *Baltar*

Recibe este nome un barral da freguesía de San Salvador de Damil. O topónimo é moi abondoso en toda a documentación antiga, quer latina quer romance, mais en ningún caso se refire a esta entidade de poboación, senón a outras aínda hoxe existentes no territorio galego. Todas elas presentan a mesma orixe: un sintagma (UÍLLA) BALTARĪ, xenitivo do antropónimo BALTARĪŪS, en que recoñecemos o mesmo tema inicial que sinalamos en *Baldomar* (*balb ‘valente, audaz’). O segundo compoñente é *harijs* ‘exército’, que como vemos foi adaptado ao latín como -ARĪŪS, de xeito que se produciu unha converxencia entre o tema xermánico e o sufixo latino homónimo, sufrindo ambos os dous a mesma evolución fonética. Isto explica que, canda ao topónimo *Baltar* (hoxe en Aranga, Carballo, Irixoa, Melide, Muxía, Narón, Paderne, Pobra do Caramiñal, Vilarmajor, Chantada, A Pastoriza, O Vicedo, Vilalba, Caldas de Reis, Cambados, A Estrada, Ponte Caldelas, Sanxenxo; e lugar, freguesía e concello na provincia de Ourense²³) exista a variante *Balteiro* (en Boiro, Cedeira, Ribeira, Gomesende, Maside, Mos e Vilaboa), procedente xa do caso xeral e por tanto cronoloxicamente posterior.

4.17. *Besgode*

Barral da freguesía de San Pedro de Begonte. Ante a falta de documentación antiga que nos ofrezca unha mínima marxe de seguranza, vémonos na obriga de conxectar acerca da estrutura e primitiva significación deste topónimo. Consideramos cando menos plausíbel derivalo dun sintagma de posesión *BUS(TŪ) GOTĪ ou *BUS(TŪ) GUTĪ, onde o substantivo que funciona como núcleo nominal (co significado ben coñecido de ‘pastos para o gando, especialmente o bovino’) sofre apócope debido á súa posición proclítica. Do hipotético **Busgode* ou **Bosgode*²⁴ pásase á forma actual *Besgode* mediante un proceso de disimilación da vogal pretónica (xa de seu moi inestábel) por influxo da tónica, ambas as dúas de articulación velar²⁵. Algo moi similar debeu acontecer con outros topónimos de estrutura similar, e situados nunha área xeográfica e lingüística moi próxima á que nos ocupa: referímonos a *Besteburiz* e *Besterrexulfe*²⁶, ambos en Ouro, que presentan

²³ A eles habería que engadir *Os Baltares*, rexistrado na freguesía de Santa María de Barbeiros (Ordes). Seguramente estamos aquí ante un apelido familiar de orixe toponímica que acabou dando lugar a un novo topónimo. Trátase dun fenómeno para o que non resulta difícil atopar exemplos, sendo estes especialmente transparentes cando o apelido en cuestión é un patronímico (*Os Dices*, *Os Martís...*), mais non só.

²⁴ A variante con /o/ (*Bosto*) é menos habitual que a que presenta /u/, mais aínda así se localizan exemplos, e é “característica del norte de Galicia (prov. de Lugo y La Coruña)” (Piel 1954: 82).

²⁵ O mesmo mecanismo explicaría o paso de *Bogonte* a *Begonte* e de **Donune* a *Denune*, sen esquecer que a pronuncia con labialización da vogal pretónica destes topónimos é moi frecuente na actualidade.

²⁶ Aínda podería postularse unha interferencia coa voz *besta*, formalmente similar a *busto* e pertencente a unha esfera semántica non moi afastada da súa.

os paralelos *Buriz* (<OBORĪCĪ) e *Rexulfe* (<RECĪŬLFĪ) en Muras e Oulol, respectivamente. A existencia destes topónimos elípticos permítenos postular como bases etimolóxicas uns sintagmas *BUS(TŬ) OBORĪCĪ e *BUS(TŬ) RECĪŬLFĪ.

O antropónimo monotemático que tomamos como referencia é GOTO (>*Godó*), que se rexistra con certa abundancia desde comezos do s. IX. Nun comezo, Piel (1937: 142) sinalaba como orixe deste nome o gót. *gôps* ‘bo’ ou ben *gub* ‘Deus’, e descartaba a súa relación co etnónimo **guts*, **guta* ‘godo’. Mais, posteriormente, Piel / Kremer (1976: 173), e con eles Boullón (1999: 242), consideraron xa as tres posibilidades. No extremo oposto, Rivas (1991: 194) soamente considera a opción do etnónimo, que á súa vez procedería do gót. *gôths* (sic) ‘bo’. O problema que ofrece este antropónimo é que presentaba xénero feminino, e o seu correspondente masculino era *Goda* / *Guda* (< GUTA). É de supor que este par antroponímico acabase adoptando o xénero natural románico, i.e., *Godó* interpretouse como masculino e *Goda* como feminino (Piel 1937: 142)²⁷, o cal facilita o recoñecemento de descendentes toponímicos no noso territorio: deste xeito, xa nun documento samonense da primeira metade do s. XI se alude a un lugar denominado *Lama de Goto*. Centrándonos na toponimia moderna, podemos sinalar os casos de *Aldegode*²⁸ (Salceda de Caselas), *Gude* (en Ribeira e Lugo) e, con moita cautela²⁹, *Vilagude* (A Estrada), en que habería que supor unha acción metafónica do -ī sobre a vogal tónica. En *Godóns* (Covelo) podería pensarse nunha flexión consonántica tipicamente xermánica do antropónimo que nos ocupa. Nun plano distinto deben situarse os topónimos procedentes de nomes persoais bitemáticos en cuxa constitución interveeu como formante o elemento -GOTŬ/-GUTŬ: referímonos a *Gorgode* (As Pontes de García Rodríguez), *Sabegode* (Sobrado) e quizais *Redigode* (tamén en Sobrado)³⁰.

4.18. *Damil*

A freguesía de San Salvador de Damil formaba unha antiga xurisdición xunto coa de Santiago de Felmil, da que aínda hoxe figura como anexa. Na documentación máis antiga, tanto latina como xa galega, falta calquera referencia a esta poboación. Até onde nós sabemos, o seu nome aparece por vez primeira nun documento de 1440 en que María Fernández lle vende a Fernán Díaz os *seus coutos de Felmil et*

²⁷ Así e todo, e fiándonos das atestacións recollidas por Boullón (1999: 242) e Rivas (1991: 194), a maioría de exemplos do antropónimo *Godó*, *Goto* e variantes son referidos a mulleres. Pola contra, a forma *Goth*, rexistrada aínda no s. XIII, é sempre masculina.

²⁸ Piel / Kremer (1976: 181) consideran tamén a posibilidade dun nome persoal ELDEGOTŬS como antecedente deste topónimo.

²⁹ Cautela obrigada ao existir tamén a opción dun antropónimo de base ACŬTŬS ‘agudo’, non atestado na nosa documentación antiga mais si na onimia latina clásica, e que quizais é o que subxace ao topónimo *Castragude* (O Incio).

³⁰ Para *Redigode*, Piel / Kremer (1976: 176) suxiren unha orixe *río de Goti* (sic), mais quizais podería interpretarse á luz do tema xermánico **reþ* ‘consello’, presente por exemplo no antropónimo RETERĪCŬS.

de *Dimill* e todo canto posuía *sub signo et fñigresias de Santiago de Felmill et San Salvador de Dimill*. Fronte a esta forma con asimilación do vocalismo pretónico temos *Damille*, no testamento da propia María Fernández, redactado só un mes máis tarde. A forma máis próxima á moderna atéstase en *SC1488: la yglesia de Damill*.

Parece cando menos moi probábel que o topónimo remita ao nome persoal *Damiro*, bastante ben atestado na época altomedieval. Porén, non está clara a composición do antropónimo de base, e máis en concreto a do primeiro dos temas que participan na súa constitución, pois o segundo é claramente *-mêreis* ‘famoso, célebre’. Piel / Kremer (1976: 111) suxiren unha raíz **dans* ‘dinamarqués, nativo de Dinamarca’, o que suporía unha forma **DANAMĪRŪS* ou similar non documentada. Outra posibilidade tamén apuntada polos devanditos autores e recollida por Rivas (1991: 143) é a do tema **dag(a)-*, do gót. **dags* ‘día’ (al. *Tag*), que suporía partir de **DAGAMĪRŪS* (>*Daamiro*) ou ben de **DAGMĪRŪS* (>*Dammiro*). Antropónimos ben documentados que presentan este mesmo formante son *Dagadrudia*, *Dagaredus* e *Dagildus*, entre outros (Boullón, 182).

O topónimo existe hoxe nos concellos de Abegondo [2] e Xinzo de Limia. Este último é o único que aparece rexistrado xa nos textos latinos, ben como *Damiri* ben como *villa que fuit de Damiro*, nos documentos do mosteiro de Celanova.

4.19. *Cenlle*

Este núcleo de poboación pertencente á parroquia de San Pedro de Begonte non aparece rexistrado nos textos antigos, mais si o seu homónimo ourensán, que emerge en documentación do s. XIII con formas como *Çeelle*, *Çeenlle* e similares. En textos trecentistas da colección documental de Oseira atopamos a variante *Selle*. A orixe de ambos os dous topónimos, dada a súa identidade formal, debe ser a mesma, e cremos que podería proporse como base etimolóxica o antropónimo *SENILDĪ*. Esta forma é susceptible de dúas interpretacións. Podería entenderse como nome persoal feminino (así atestado en documentos de Sobrado dos anos 935 e 964; *Sinildi* xa en 887), co característico sufixo *-ildi* (<*hildi* ‘loita, combate’) que nestes casos parece ter función hipocorística. Nesa secuencia fónica produciuse a asimilación das consoantes (/ld/ > /ll/ > /l/) e a posterior palatalización da lateral alveolar resultante por influxo da vogal final (/li/ > /le/), fenómeno ben coñecido na nosa antropotoponimia. A outra opción sería velo como o xenitivo dun hipotético **SENILDŪS*, non atestado, mais no que se recoñece ese mesmo formante *-ildi* empregado nesta ocasión como segundo formante dun nome masculino. Con todo, esta hipótese parécenos menos probábel, pois as formas en *-ILDŪS* “são menos frequentes e parecem análogas às femininas” (Piel 1960: 141), e ademais a súa cristalización na toponimia adoita xerar formas en *-ilde*, sen os fenómenos de redución e palatalización que viamos no primeiro caso.

En canto ao primeiro dos formantes, de aceptarmos a proposta etimolóxica que vimos de desenvolver, trataríase do gót. *sineigs* ‘vello’. Porén, tampouco sería descartábel un antropónimo de base cun primeiro formante *cen-*, ben atestado na documentación antiga galega e portuguesa, enraizado quizais no gót. *qino* ‘muller, esposa’ e susceptible de interferir co xa sinalado *sin-* (Piel / Kremer 1976: 108).

4.20. *Dongrandeo*

Carecemos de atestacións medievais para este topónimo, nome dun dos barrais da freguesía de San Cristovo de Donalbai. Madoz rexístrao como *Dongrandeu*. Podería remitir a un *DÖMĪNŪ GANDEREDŪ, coa habitual perda do -D- (**Dongandereo*), a síncope do -E- pretónico (**Dongandreo*) e unha posterior metátese aínda favorecida pola interferencia do adxectivo *grande* (*Dongrandeo*). O antropónimo *GANDEREDŪS é unha forma hipotética reconstruída por Piel / Kremer (1976: 145) a partir do patronímico *Canderedizi* e de topónimos galegos e portugueses como *Ganderei* (do xenitivo) ou *Gandareu* (do caso xeral), formalmente moi próximos ao que nos ocupa. Na súa estrutura recoñécense o tema *gand-* ‘encantamento, feitizo’ e *-redus*, do gót. **rêfs* ‘consello’.

Outra posibilidade sería considerar o antropónimo (DÖMĪNŪ) GUNDEREDŪ, do gót. **gunfi* ‘loita’ e o xa sinalado *-redus*, documentado desde época temperá e que deixou bastantes vestixios toponímicos no noso territorio³¹. De feito, Rivas (1991: 191) asimila a este antropónimo os exemplos toponímicos e patronímicos que Piel / Kremer aducían en favor do hipotético *GANDEREDŪ.

4.21. *Donsión*

O nome deste barral da freguesía de Santa María de Saavedra non se rexistra nos textos medievais, mais debe ter sen dúbida a mesma orixe que o seu homónimo do concello de Lalín: un sintagma (ŪILLA) DE DÖMĪNŪ SILONE en que se recoñece o acusativo do antropónimo SILO³², quizais relacionado co gót. *sels* ‘bondadoso, afectuoso; apto, capaz’, aínda que a súa frecuencia na epigrafía e na documentación medieval levou a algúns autores a consideralo inclusive como autóctono (Boullón 1999: 415). De feito, Rivas (1991: 273) identifícao co *cognomen* latino SILO, SILA, SILIUS. A mesma orixe que *Donsión*, mais sen o título de dignidade, deben de ter *Sión* (Cotobade) e quizais tamén *Seón* (Navia de Suarna).

³¹ Así, proceden do xenitivo *Gondarei* (A Estrada, Meis [2]), *Gøndrei* (Sobrado) e posibelmente tamén *Gondré* (As Pontes de García Rodríguez). Ao caso xeral remite o topónimo *Gondreo*, en Arteixo.

³² Do xenitivo SILONIS debe provir o topónimo *Síós*, nome de lugar e freguesía no concello de Pantón.

4.22. *Felmil*

As referencias antigas a este topónimo begontino son bastante escasas. Na documentación de Sobrado soamente aparece en *S966*, pois entre as pertenzas legadas polo bispo Sisnando e seu irmán Rodrigo ao mosteiro de Sobrado constan uns *pomares in Felmiri*. En *NL* recóllese *in terra Balestari, Santº de Felmir* nun documento de 1062, e xa moi posteriores, de mediados do s. XV, son as primeiras atestacións en documentos galegos: así, na xa citada venda outorgada por María Fernández en 1440 fábase, como xa vimos, dos coutos *de Felmill et de Dimill* e da parroquia de *Santiago de Felmill*, mentres que no seu testamento aparece a forma disimilada *Fermille*. En *SCI488* alúdese, pola súa banda, a *la yglesia de Felmill*. Esta forma *Felmil* / *Felmill*, sen a esperábel disimilación da primeira das laterais homosilábicas, mantense de feito en documentos modernos dos ss. XVI e XVII, e é a que recolle Madoz e a que figura hoxe no Nomenclátor oficial. Porén, a variante *Fermil*, esporádica nos textos antigos, pode escoitarse con frecuencia na zona e inclusive figura nalgún cartel indicador. Na actualidade coñecemos outro *Felmil* en Outeiro de Rei, varios *Fermil* nos concellos de Valdoviño, Palas de Rei, A Estrada e As Neves e un *Portofermil* en Vilalba. Todos eles proceden do nome persoal FILMĪRŪS, ben atestado na Alta Idade Media e con diversas variantes (FELMĪRŪS, FELEMĪRŪS etc.). Na composición deste antropónimo interveñen os elementos **filu-* ‘moito’ e *mêreis* ‘famoso, célebre’.

4.23. (Fonte) *Almesendre*

Carecemos de documentación antiga en que se mencione este barral da freguesía de Santa María de Saavedra. Aínda así, cremos moi probábel que remita a un FÖNTE ERMESĪNDĪ, de xeito que estaría relacionado con outros moitos topónimos galegos procedentes do mesmo antropónimo, entre eles *Ermosende* (en Viveiro) e *Formosende* (en Fene), sen esquecer o *Hermisende* zamorano, este último cun *h*-antietimolóxico.

O nome persoal ERMESĪNDŪS (así como a súa variante feminina ERMESĪNDA) está bastante ben representado nos textos medievais. Participan na súa constitución dous temas xermánicos ben coñecidos: o gót. **aírman*s, *aírmin*s ‘grande, ancho’ e o gót. *sinĪs* (adaptado como *-sindus*) ‘camiño’.

4.24. *Goldar*

Este lugar da freguesía de Santa María de Saavedra aparece mencionado xa desde o s. X. O testemuño máis temperán remítenos a *S966*, en que se alude á *uilla Gundari cum insula de Ualeiri*³³. No inventario de Hermenexildo e Paterna (*S971*?)

³³ Esta *insula de Ualeiri* non é outra que o actual lugar de Porto Ver, na freguesía de Santa María de Cela (Outeiro de Rei).

alúdese a dúas poboacións, *uilla Calabogi* e *uilla Onoriz* (Caboi e Uriz), situadas segundo o texto in *Lagina Guldar*. Por último, figura como *Guldari* nunha relación de topónimos dun documento sen data pertencente ao mesmo tomo.

Á luz destas atestacións, e aínda a pesar da forma testemuñada en S966 (que debe ser má lectura ou reinterpretación do orixinal), o topónimo remite sen dúbidas a un (UĪLLA) GULDARĪĪ, xenitivo do antropónimo GULDARĪŪS formado cos temas góticos *wulpus* ‘magnificencia’ (ou quizais *gulf-* ‘ouro’) e o xa visto *harijs* ‘exército’. Polos motivos xa apuntados a respecto de *Baltar*, rexistramos, xunto con *Goldar* (único descendente galego do xenitivo GULDARĪĪ), a forma *Guldeiros* (na freguesía de San Martiño de Pino, concello de Cospeito), que, como xa sinalara Piel (1954: 257) debe ser o plural de *Goldeiro/Guldeiro*, procedente do caso xeral GULDARĪŪ³⁴.

4.25. Guimarás

Nome dun barral da freguesía de San Fiz de Cerdeiras, ausente da documentación antiga, en que non faltan aínda así atestacións doutros homónimos aínda hoxe recoñecíbeis na xeografía galega. Até onde nós sabemos, o primeiro rexistro dun topónimo *Guimará(n)s* dáse nun documento do mosteiro de Cins datado en 911, en que se menciona como límite unha *archam que stat inter Uimaranes et Tugurion*.

A orixe desta forma parece estar nun (UĪLLA) UĪMARANIS, xenitivo xermánico de UĪMARA de que derivaron tamén os homónimos existentes no Corgo, Muras, Outeiro de Rei, Pantón, Paradela, Allariz, Esgos, O Irixo e Piñor, así como a variante occidental *Guimaráns* rexistrada en Ames, A Baña [2], Padrón, Vedra e As Neves. Malia ser UĪMARA un antropónimo perfectamente coñecido na onimia medieval de todo o Norte peninsular, a súa estrutura aínda non está totalmente esclarecida. Piel (1968: 95-99) postula dúas hipóteses explicativas. Na primeira delas segmenta o nome nos compoñentes **weig-* (>*wi-*) ‘loita’ e **marha*, este último xa comentado a respecto de *Baldomar*. O problema, enunciado polo propio autor, radica en que os topónimos en que intervéen ese constituínte **marha* remiten a unha terminación -MARĪ (>-*mar*) que á súa vez esixe unha forma latinizada en -MARĪS. Deste xeito, UĪMARA constituiría un caso excepcional, pois todos os topónimos a que deu lugar implican necesariamente unha flexión xermánica, como vimos. Habería que pensar, por tanto, que este nome persoal foi o único que escapou á latinización de todos cantos presentan o tema **marha*. Unha segunda interpreta-

³⁴ Piel / Kremer (1976: 159) equiparan a este exemplo o de *Os Guildeiros*, lugar do concello de Ribadeo, mais quizais neste caso o topónimo non teña que ver cun nome persoal, senón co apelativo *guilda* (‘guinda’ segundo Rivas) e un derivado *guldeiro* (cfr. *guldeira* ‘guindo, el árbol’ segundo Rivas, e o substantivo *guindeiro*, aboado por diversos autores co mesmo significado). O topónimo *As Guindeiras*, existente hoxe no concello da Caniza, presentaría idéntica motivación.

ción do antropolónimo suporía fragmentalo nos temas **wim-*, de orixe e semántica pouco claras, e *ara* ‘aguia’, este último ben representado nos nomes persoais galai-cos de orixe xermánica, mais sempre como primeiro elemento da composición (Piel / Kremer, 1976: 77). En canto a **wim-*, Rivas (1991: 296) suxire unha relación con palabras como o islandés *vim* ‘vigor’ ou o inglés *win* ‘vencer, gañar pola forza’, vinculado á súa vez co gót. *winnan*³⁵.

4.26. *Quitimil*

Soamente atopamos referencia a este topónimo en Madoz, que o rexistra como *Quintinil*. Máis unha vez, a claridade do segundo tema (*mêreis* ‘famoso, célebre’) contrasta coas dúbidas que suscita o primeiro. Piel / Kremer (1976: 187) remíteno de comezo para o antropolónimo QUIDEMĪRŪS, presente nun documento do tombo de Sobrado do ano 867 e en que intervéñen o gót. *qib-* ‘falar’. Porén, os propios autores non descartan a posibilidade de que se trate da raíz **wit(t)*, de orixe e significación aínda pouco esclarecidas e que aparece en termos como *fraweitan* ‘proporcionar dereito’. Rivas (1976: 301) relaciónao con *witan* ‘saber, atender, vixiar’ e *witi* ‘entendemento’. Sexa como for, non hai dúbida de que este elemento **wit(t)-* é o que participa na construción de antropolónimos como *Victemirus* e *Victimirus*³⁶, atestados na documentación de Sobrado, ou o *Witemirus* que Piel / Kremer datan en 672, entre outros. Tanto a opción de QUIDEMĪRŪS como a de *UITTIMĪRŪS implican certas dificultades fonéticas, mais estas parécennos máis salvábeis no segundo caso: podería pensarse na habitual adaptación do *w-* xermánico ao romance galego-portugués mediante un fonema oclusivo velar /g/, e nunha posterior equivalencia acústica /g/~/k/. Un proceso deste tipo viría en certo xeito avalado pola existencia de pares toponímicos como *Guitiande* (en Brión) / *Quitande* (en Vimianzo), que con toda a probabilidade deben retrotraerse ao antropolónimo UĪCTENANDŪS (xen. UĪCTENANDĪ), rexistrado nun documento portugués de 1037.

4.27. *Romariz*

Nome dun barral da freguesía de San Salvador de Damil. Malia non aparecer aludido nos textos antigos, non é difícil recoñecer na xénese deste topónimo un (UĪLLA) ROMARĪCĪ, xenitivo do nome persoal xermánico ROMARĪCŪS, en cuxa composición interveñen dous temas ben coñecidos na onomástica xermánica: o gót. **hrôm-*, para o que Piel / Kremer (1976: 231) dan o significado ‘valor, gloria’, e o xerm. **rikaz* ‘poderoso, rico’.

³⁵ Existe tamén como antropolónimo autónomo (*Vima*) nun documento portugués de 1032.

³⁶ Boullón (1999: 458) sinala a probábel interferencia do lat. UICTORĪA ou do antropolónimo UICTOR nestas formas.

O topónimo procedente do xenitivo rexístrase non só en Begonte, senón tamén nos concellos de Fene, Abadín, Guitiriz, O Incio, Palas de Rei, Vilalba, Riós, Agolada e Soutomaior. A variante con seseo implosivo (*Romarís*) é coñecida na Baña, Boiro, Brión, Negreira, Padrón, Vedra, Vimianzo e Vilanova de Arousa, e documentamos unha variante integral *Villarromarís* no concello de Oroso. Menos fortuna tivo o descendente do caso acusativo (*Romarigo*), de que só coñecemos un caso, no concello de Cangas.

4.28. *Saamil*

É o nome dun barral da freguesía de Santa María do Castro. Desde o punto de vista cuantitativo este topónimo é dos mellor representados de todo o repertorio que estamos a estudar. Todas as atestacións que coñecemos pertencen ao tombo de Sobrado. As máis antigas dátanse xa no s. X e presentan o topónimo na súa forma íntegra: é o sintagma *uilla Salamiri* o que encontramos en *S959*, *S966* e *S971*? Mais en documentos do s.XII aparece xa como topónimo elíptico: *et inde per aucterium de Saamir* (TS, c. 1151); *portione de Hero Aluitit de Constantim et de Saamir* (TS, 1187); *uilla que uocatur Saamir in terra de Goyoso* (TS, 1199).

Da primeira década do s. XIII son varias cartas en que diversos particulares doan ou venden aos frades de Constantín e Sobrado as propiedades que posuían nos poboados da contorna, entre eles Saamil, que emerxe constantemente ao longo destes textos. Nalgunhas ocasións aparece utilizado xa como apelido persoal, como p. ex. en *Azende Menendi de Salamir*, un dos personaxes máis mencionados nos devanditos documentos.

Nos exemplos que vimos de expor obsérvase á perfección a relación entre *Saamil* e o antropónimo SALAMĪRŪS, en que se recoñecen asemade os temas **sal(a)-* ('edificio', 'corte', 'sala'), ben produtivo na nosa toponimia, e o xa sinalado *mêreis* 'famoso, célebre'. Rivas (1991: 264) considera máis apropiado un primeiro compoñente **saiwala* 'alma, vida'.

O homónimo *Samil* existe hoxe en Arzúa, Boimorto, Oza dos Ríos, O Pino (2), Rois, Toques, Vilarmaior, Muras, Vilalba e Vigo, e rexístrase un *Samir* no concello da Laracha e un *Sanmil* (con interferencia da forma apocopada de *santo*) en Sober. A eles hai que engadir outros topónimos procedentes dese mesmo nome persoal, mais que ou ben remiten ao caso xeral acusativo e son por tanto cronoloxicamente posteriores (caso de *Samiro*, en Carballo e na Laracha) ou ben proceden dun xenitivo declinado ao modo xermánico (SALAMĪRANIS>*Samiráns*, tamén na Laracha).

4.29. *Sandulfe*

Malia a ausencia de testemuños medievais, non cabe dúbida de que o nome deste barral da parroquia de Santalla de Pena procede de (UĪLLA) SENDŪLFĪ, xenitivo do

antropónimo SENDŪLFŮS, composto asemade dos temas góticos **sinbſ-* ('viaxe, camiño', correspondente ao antigo alemán *sint / sind*) e *wulfus* ('lobo'). Rivas (1991: 270) apunta a dificultade de determinar exactamente o primeiro compoñente, pois, tendo en conta a inestabilidade da vogal pretónica, tamén podería tratarse de **sanb-* 'verdadeiro'. Localizamos a variante *Sandolfe* en Monterroso, e o topónimo integral *Casandulfe* en Piñor.

4.30. *Senande*

Nome que recibe un barral da freguesía de San Cristovo de Donalbai. A feitura do topónimo aínda permite adiviñar o SISENANDŪS orixinal, antropónimo formado polo gót. **sis-* 'bebedizo, maxia, canto fúnebre' e o gót. **nanb-* 'audacia, ousadía'. Este nome coñeceu diversas variantes que explican a súa considerábel descendencia toponímica no Noroeste hispánico. Concretamente, Piel / Kremer (1976: 248) localizan a forma SENANDŪS nun documento portugués de 1059, e seguramente sexa a ela á que hai que remitir non só o *Senande* begontino e os seus homónimos de Boqueixón, Muxía, Antas de Ulla, Guitiriz, Palas de Rei e A Caniza, senón tamén os topónimos *Sinande* en Carballo, *Cachosenande* en Boqueixón e *Casenando* en Pobra de Trives, este último procedente xa do caso xeral románico. De SISENANDŪS con síncope do -E- e rotacismo deben provir os diversos *Sernande* existentes en Chantada, O Corgo, Pantón e Taboada. A listaxe de topónimos vencellados a este antropónimo aínda podería arrequentarse con novos exemplos pertencentes a cortes cronolóxicos distintos e resultantes de variantes diferentes do mesmo nome persoal.

4.31. *Toimil*

Este barral da freguesía de Santalla de Pena aparece, até onde nós sabemos, nunha única ocasión en toda a nosa documentación medieval, pois debe tratarse da *villa quo dicunt Teodemiri, territorio Parricense* mencionada nun documento do ano 922 do tomo de Lourenzá. A súa orixe está nun (UÏLLA) THEODEMĪRĪ, xenitivo de THEODEMĪRŪS, en que se recoñecen os constituíntes *biuda* 'pobo' e *mêreis* 'famoso, célebre'. Trátase dun antropónimo de abundosa presenza nos textos altomedievais, onde se constata ademais unha considerábel variedade de formas. Rexístrase *Toimil*, ademais de en Begonte, nos concellos de Lalín, Xove e Paradela; *Tuimil* en Bóveda, Valdoviño e Redondela; e, procedente do acusativo, *Toimiro* en Pobra de Trives. Estes topónimos parecen remitir a formas como TODEMĪRŪS / TUDEMĪRŪS ou similares, que efectivamente aparecen na documentación antiga: así, Piel / Kremer (1976: 262) localizan un *Todemirus* nun texto portugués de 1001, e *Tudemirus* en cartas de comezos do s. X.

4.32. *Uriz*

Esta entidade de poboación pertencente á freguesía de San Martiño de Carral emerge xa desde bastante cedo na nosa documentación antiga. Temos mencións a unha (*Villam*) *Honorici* en textos lugueses datados no 897, mais, atendendo ao contexto toponímico en que se inscriben, debe tratarse doutros homónimos aínda hoxe existentes en territorio galego³⁷. As referencias ao *Uriz* begontino concéntranse máis unha vez no tombo de Sobrado, podendo aparecer con forma plena ou elíptica: deste xeito, encontrámolo citado como *Onorici* en S959 e como *Onoriz* noutro documento sen datar, mais en S971? figura aínda a cadea íntegra *uilla Onoriz*. Estas atestacións medievais non deixan lugar a dúbidas e permítennos dar como antecedente do topónimo un (U)LLA (H)ONORĪCĪ, xenitivo dun antropónimo HONORĪCŪS ben coñecido na documentación antiga galega. O tema inicial remite ao gót. **auna-*, de significación pouco clara e en cuxa representación gráfica debeu sentirse a miúdo a influencia da voz latina HONOR e do antropónimo HONORĪŪS dela derivado. Con todo, Rivas (1991: 197) quere recoñecer a raíz xermánica **hunn* ‘oso’, relacionada entre outras co célt. *kuno* ‘forza’. Menos problemas ofrece o segundo tema da composición, identificábel co ben coñecido e produtivo **rikaz* ‘poderoso, rico’.

O antropónimo gozou de ampla descendencia na toponimia galaica. Cómpre ter en conta que a perda do -N- intervocálico deu lugar a un hiato /o’o/ que se resolveu ben mediante a crase ben mediante a disimilación (/o’o/ > /ow/), fenómeno perfectamente verificábel tamén no léxico común. As formas *Uriz* (en Begonte, Castroverde e Chantada), *Vilauriz* (en Baleira) e *Viloriz* (en Sober) representan a primeira opción, con ou sen inflexión da vogal pretónica por parte do /i/ tónico. A vía da disimilación explica as variantes *Ouriz* (en Taboada e Pereiro de Aguiar), *Ourís* (en Arzúa) e *Ourigo* (no Saviñao). O caso de *Vilouriz* (rexistrado en Melide, Toques, Cospeito e Nogueira de Ramuín) e o seu equivalente *Vilourís* (en Aranga) podería encadrarse de comezo en calquera das dúas liñas evolutivas, e só a documentación antiga nos permitirá determinar con certeza cal delas foi a que prevaleceu en cada exemplo concreto.

4.33. *Vilaflores*

Parécenos pouco probábel que o nome deste barral da freguesía de Pacios proceda do apelativo FLOR ou dalgún antropónimo relacionado con el, pois de ser así o

³⁷ Nun deses documentos alúdese a un *terminum Honorici* que debe ser o actual *Vilouriz* da freguesía de San Xiao de Zas de Rei (Melide), ou ben a parroquia homónima do veciño concello de Toques. Tampouco podería descartarse o actual *Ourís* existente en Arzúa. Máis próxima á área que nos interesa está a *Villam Onorici cum Villasusu* correspondente ao moderno *Vilouriz* que, ao igual que o *Vilasuso* que o acompaña, pertence hoxe á parroquia de San Pedro de Seixas, no concello de Cospeito, veciño do de Begonte.

lórico sería agardar un /t/ inicial como o que observamos en *Chorio* / *Churio* (<FLORĪDŮ), *Chorente* (<FLORENTĪ), *Churiz* (<FLORĪCĪ)... e aínda no substantivo común *chor*. En todo o caso, e de proceder efectivamente dese nome común, habería que pensar nunha formación toponímica relativamente recente ou ben nunha forma influenciada polo castelán³⁸.

Persoalmente cremos moito máis plausíbel que se trate dun composto [*vila* + (*de*) + *Froilaz*], pois a maioría dos *Flores* existentes hoxe na antroponimia e toponimia galegas remiten ao patronímico de FROILA (→FROILACĪ>*Froilaz* / *Froiaz*). Este nome persoal está formado pola raíz gótica *frauja* ‘señor’, coa adición do sufixo hipocorístico masculino -ILA, e deixou abondosos vestixios toponímicos que non imos enumerar, para alén de seguir a usarse hoxe como antropónimo na forma *Froilán* (<FROILANE). Por outra banda, non son en absoluto estraños os antropotopónimos en cuxa constitución participou un apelido patronímico, ben nun sentido estrito de posesión unipersoal, ben aludindo ao apelido da familia que habita o lugar: velaí os exemplos de *Vilaestévez* (en Lugo e Zas), *Vilafernández* (en Dumbría e Santiago de Compostela)... e inclusive topónimos elípticos como *Ordóñez* (en Friol), *Estévez* (en Santa Comba) e outros.

4.34. *Xulfe*

Nun comezo pensamos nun (UĪLLA) GENŪLFĪ como orixe do nome desta aldea da parroquia de Santalla de Pena. Trataríase por tanto do xenitivo do antropónimo GENŪLFŪS que, malia non aparecer na documentación antiga estrictamente galega, si o fai en textos portugueses do s. XI. A partir de GENŪLFĪ non é difícil chegar a unha solución *Xulfe* mediante un proceso que en nada contradí as regras da gramática histórica (**Gēũlfe*>**Juulfe*>**Julfe*). O topónimo portugués *Jufe* achegado por Piel / Kremer (1976: 149) sufriría as mesmas mudanzas, mais nel verifícaríase a maiores a asimilación da lateral á fricativa, típica do tratamento que lle deu o portugués á terminación -*ulfe* / -*olfe*.

Porén, e despois de consultar outros traballos e repertorios, cremos máis probábel unha base (UĪLLA) AGĪŪLFĪ, xenitivo do nome AGĪŪLFŪS, bastante ben documentado en Galiza e Portugal a través de distintas variantes, entre elas AIGULFUS e ACIULFUS (Rivas 1991: 93). Este é, sen dúbida, o nome persoal que subxace ao topónimo chantandino *Axulfe*, e no *Xulfe* begontino habería que supor unha deglutinación do [a] inicial, reintrepretado como artigo e posteriormente suprimido. Un fenómeno similar é o que explica o topónimo *A Ulfe* (Chantada), procedente do xenitivo ADŪLFĪ.

³⁸ A mesma interpretación nos merecen, p. ex., *Flores* (Aranga, Coirós), *Vilaflares* (Dumbría, Lalín), *Vilar de Flores* (Allariz)... No caso de *As Flores* (Vigo) ou ben se trata en efecto dun topónimo máis recente ou ben dun antropotopónimo relacionado con *Froila*, mais con artigo adventicio.

Estes dous antropónimos teñen en común o seu segundo tema, que non é outro que o gót. *wulfs* ‘lobo’, moi presente na nosa toponimia a través dos seus distintos resultados (-*ulfe*, -*olfe*, -*oufe*...) En GENÜLFÜS intervén unha raíz *gen-*, de orixe e significación discutidas. Boullón (1999: 237) suxire unha posíbel orixe céltica ao vinculalo co tema -*genos* ‘nacido de’, e subliña asemade a súa presenza na antroponimia franca desde cando menos o s. III. Rivas (1991: 684), a respecto do antropónimo monotemático GINA, interpreta a raíz *gen-* como adaptación xermánica do latín *geno* / *gigno* ‘enxendar’ (de onde ‘ascendencia, prole’). Como vemos, os valores semánticos son en boa medida coincidentes en ambas as dúas propostas. Canto a AGIÜLFÜS, o primeiro tema debe de ser o gót. **agj-* ‘susto’.

5. Conclusións

No concello de Begonte dáse unha concentración moi significativa de topónimos etimoloxicamente enraizados en vellos nomes de posesor e, en menor medida, en haxiónimos. As datas das atestacións máis recuadas, a estrutura formal interna e a predominancia duns determinados fondos lingüísticos fálannos, en moitos casos, dunha xénese maioritariamente altomedieval e en estreita interconexión co sistema antroponímico dominante daquela altura no Noroeste peninsular. Por outra banda, tanto as bases etimolóxicas como as transformacións por elas experimentadas ao longo da súa evolución encontran paralelos interesantes noutros moitos topónimos galegos de natureza similar, paralelos que tentamos pór en relevo ao longo destas liñas e que nos permiten unha comprensión máis cabal do conxunto.

6. Recursos

6.1. Abreviaturas

NL = “Nomenclátor toponímico medieval de la diócesis”. Véxase Cañizares (1992).

S959 = Testamento dado por Rodrigo e Elvira.

S966 = Testamento do bispo Sisnando e seu irmán Rodrigo.

S971? = Inventario feito polos condes Hermenexildo e Paterna das súas propiedades na área de Sobrado. A datación é meramente aproximativa.

SC1488 = Documento redactado en Santiago de Compostela en 1488, en lingua castelá, en que se inclúe a listaxe das freguesías do antigo arciprestado de Riba de Miño. Véxase Cal Pardo (1999).

TS = *Tumbos de Sobrado*. Véxase Loscertales de G. de Valdeavellano (1976).

6.2. Bibliografía

- Álvarez Blanco, R. (1999): “Topónimos en *-edo* e *-ido*”, en Boullón Agrelo, A. I. (ed.) (2002): *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas*: 87-101 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- Ares Vázquez, N. (1982): “Begonte, Gaibor, Trobo, notas histórico-etimolóxicas”, *Grial*, 75: 100-104.
- Boullón Agrelo, A. I. (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)* (Tubingen: Niemeyer).
- Cal Pardo, E. (1999): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo: transcripción íntegra dos documentos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Cañizares, B. (1992): “Nomenclátor toponímico medieval de la diócesis”, *Lucensia*, 5: 137-185.
- Kajanto, I. (1982): *The Latin Cognomina* (Roma: Giorgio Bretschneider).
- Loscertales de G. de Valdeavellano, P. (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes* (Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural-Archivo Histórico Nacional).
- Machado, J. P. (1993): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa* (Lisboa: Livros Horizonte).
- Madoz, P. (1986) [reimp. facs. da ed. de 1846]: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar: Galicia* (Santiago de Compostela: Libros Galicia).
- Olano Silva, V. (1967): “Toponimia gallega”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, t. 8: 121-129.
- Piel, J. M. (1937): *Os Nomes Germânicos na Toponímia Portuguesa (I. Adães-Novegilde)* (Lisboa: Imprensa Nacional).
- Piel, J. M. (1948): *Nomes de “Possessores” Latino-Cristãos na Toponímia Asturo-Galego-Portuguesa* (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- Piel, J. M. (1950): *Os Nomes dos Santos Tradicionais Hispânicos na Toponímia Peninsular*. Separata de *Biblos*, vv. XXV-XXVI (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- Piel, J. M. (1954): “*Bustum, pascua, veranea, hibernacula* y términos análogos en la toponomástica del NO hispánico”, en *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa* (1989): 81-94 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Piel, J. M. (1960): “Toponímia germânica da Península Ibérica”, en *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa* (1989): 149-172 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Piel, J. M. (1984): “Novíssimas achegas à história da tradição antropto-toponomástica mais antiga latina no Noroeste galaico”, *Verba*, 11: 5-24.

Piel, J. M. / Kremer, D. (1976): *Hispano-gotisches namenbuch* (Heidelberg: Carl Winter).

Rivas Quintas, E. (1991): *Onomástica persoal do Noroeste hispano* (Lugo: Alvarellos).

Vives, J. (1971): *Inscripciones latinas de la España romana* (Barcelona: Universidad de Barcelona-CSIC).

6.3. Recursos informáticos

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae). <<http://balteira.cirp.es/codolga/>>

TMILG = Xavier Varela Barreiro (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega. <<http://www.usc.es/ilgas/tmilg/>>

Algúnhas anotacións sobre a lingua de Ramón Armada Teixeira (1868-1920)

Marisa Moreda Leirado
Universidade da Coruña
marisamoreda@hotmail.com

Resumo:

O presente traballo pretende mostrar, de maneira xeral, as principais características lingüísticas da obra do ortigueirés Ramón Armada Teixeira, un dos autores inxustamente esquecidos do noso rexurdimento lingüístico e literario, a pesar de ter traballado durante toda a súa vida en múltiples ámbitos, sempre a prol do galego e da Galiza. Para que non fiquen no esquecemento presentamos este estudo, facendo unha primeira aproximación á intensa traxectoria vital do autor así como unha análise lingüística do seu legado en galego.

Palabras chave:

Lingua literaria, morfoloxía, fonética, léxico.

Abstract:

The present paper intends to generally highlight the principal linguistic features of Ramón Armada Teixeira's work. Despite his lifetime efforts in supporting Galiza and its people with multiple concerns, this author from Ortigueira has been one of the unjustly forgotten writers from our linguistic and literary Rexurdimento. Therefore, the aim of this study is to prevent Teixeira's figure from falling into the oblivion by carrying out this study. This paper is the first approach to the author's intense biography as well as to the analysis of his legacy in Galician.

Key words:

Literary language, morphology, phonetics, lexicon.

1. Aproximación á vida de Ramón Armada Teixeira

Nace en Santa Marta de Ortigueira o 14 de setembro de 1858 no seo dunha familia acomodada, o que lle permite recibir unha formación académica –comezada na Galiza e continuada en Cuba– que se reflectirá posteriormente nos numerosos artigos publicados en xornais e nas obras literarias que redixiu durante os seus 62 anos de vida. Despois dunha estadia case fugaz na Arxentina, emigra á Habana en 1878, mais á diferenza de moitos outros compatriotas, cuns estudos e unha posición económica que lle permitirán levar unha vida acomodada na illa. Alí desenvolverá dis-

tintos cargos públicos e fundará, xunto con Manuel Luguís Freire, a primeira publicación monolingüe en galego da emigración: *A Gaita Gallega*, de que posteriormente será director tras abandonar o seu compañeiro esta empresa.

Canto á súa faceta literaria, durante esta primeira etapa na Habana publica en 1885 a peza teatral *Non mais emigración*, que revela un Armada Teixeira que ama Galiza, a súa lingua e as súas tradicións, e que defende un futuro mellor para o seu pobo. Por todo isto e por ser o texto literario a primeira zarzuela galega, alén da primeira obra teatral representada fóra da Galiza, merece, sen dúbida, un posto nas letras galegas. Dez anos máis tarde dáse a coñecer como poeta co libro que sae ao prelo en 1895, *Caldo de Grelos*, saudado entre outros por Manuel Curros Enríquez¹ en diversos xornais da época. En 1898 publica *Aturuxos*², onde ao igual que no poemario anterior fai unha evocación á terra e denuncia o caciquismo e as miserias dos nosos labregos.

Despois deste intenso labor na Habana en todos os niveis, como tantos outros emigrantes que acadaran unha posición acomodada, volta a Ortigueira en 1899, logo da perda de España da illa de Cuba. Na súa vila natal continúa a desempeñar cargos oficiais, paralelamente conxugados coa súa faceta literaria. En 1904 presenta aos Xogos Florais de Viveiro o ensaio *Misión del Municipio y su importancia como órgano social para la propaganda de la enseñanza primaria en sus aspectos intelectual, artístico y físico*, que resulta gañador e que pon de manifesto os problemas que Armada Teixeira observa canto á educación. Sobre o mesmo tema versa o texto *Labor moralizadora de las sociedades gallegas en América que sostienen planteles de enseñanza. Su importancia educativa y patriótica*, que enviou ás Festas Pedagóxicas que tiveron lugar en Compostela en 1906. Con este ensaio recibiu o primeiro premio e, como di o pedagogo Vicente Peña Saavedra, “representa na orde de divulgación educativa a peza sobranceira da súa produción”. Este autor fai un estudo pormenorizado dese ensaio no xornal *La Voz de Ortigueira*³, desde o número 3.577 até o 3.608. Continúa en Ortigueira o labor xornalístico que comezara na Habana coa fundación do periódico *El Eco Ortecano*, e como correspondente galego do habaneiro *Diario de la Marina*, onde publica unha serie de crónicas do “País Galego”.

O caciquismo que el tanto denuncia a través dos seus escritos é o que provoca a súa destitución do cargo municipal que ocupaba, o 19 de marzo de 1909, feito que o

¹ Fermosas palabras dedica Curros (1895) en *La Tierra Gallega* ao poemario *Caldo de Grelos*.

² Grazas ao traballo de Alonso Girgado (2002), quen publica o facsímile de *Aturuxos* e fai un estudo introdutorio sobre este, coñecemos o segundo libro poético de Ramón Armada Teixeira.

³ *La Voz de Ortigueira* foi fundada en 1916 por David Fojo e caracterizouse polo seu ton reivindicativo. Tal e como se indica na páxina web do Concello de Ortigueira, esta publicación é coñecida popularmente co nome de “verza” por estar impresa en papel de cor verde.

conduce de novo a Cuba, onde permanecerá até o final da súa vida. Alí, ao igual que durante a súa estadia na Galiza, segue a colaborar no *Diario de la Marina*, labor que durará até a súa morte. Nos últimos anos da súa vida, concretamente en 1912, Armada Teixeira publica no *Boletín da Real Academia Galega* un monólogo titulado *Mexamorno en Viveiro (MV)* onde, como tamén fixera antes con *Non mais emigración*, volta a mostrar a súa recusación cara á emigración e a necesidade de retornar á Galiza.

A súa última obra data de 1918, *Da Terriña*, que constitúe unha compilación das dúas obras anteriores de poesía, coa única diferenza de ter mudado polo *A-la-las* o título de *Aturuxos* que aparecía na primeira edición⁴; e unha nova, *Milicroques*, poemario dedicado ao Centro Galego da Habana e que se abre cun prólogo de Álvaro de la Iglesia. Dous anos despois, en xullo de 1920, Armada Teixeira falece na Habana, onde permanece o seu corpo baixo un monolito funerario situado ao carón do panteón que pertence á Sociedade de Naturais de Ortigueira e que segundo comenta Neira Vilas (1994: 239) ten na cima unha lira en lugar dunha cruz e gravados en pedra os títulos dalgúns dos seus libros.

Após esta pequena introdución sobre a vida de Ramón Armada Teixeira, exporemos as consideracións deste autor sobre o galego, e continuaremos co estudo sobre as particularidades ortográficas, fonéticas, morfolóxicas e lexicais que caracterizan a súa versátil obra. Para a realización deste estudo baseámonos en: *Non mais emigración (NME)*, *Caldo de Grelos (CG)*, *Aturuxos (AT)* e *Mexamorno en Viveiro (MV)*. Do seu último libro, *Da terriña*, só atenderemos á parte titulada *Milicroques (MI)*, por ser o resto unha compilación dos poemarios publicados con anterioridade. Co gallo de non deixar sen estudar do punto de vista lingüístico ningún dos xéneros cultivados por Ramón Armada Teixeira, recollemos as súas colaboracións na publicación que el mesmo fundou, *A Gaita Gallega (GG)*⁵, pois son as únicas da súa autoría que están en galego, xa que o resto de artigos de prensa están redactados en español, lóxico se temos en conta a época en que viviu.

Así as cousas, e coa intención de cubrirmos o baleiro existente, preséntase neste traballo unha primeira achega á lingua de Armada Teixeira, unha lingua que podemos definir a través das palabras proferidas por Álvaro de la Iglesia no prólogo de

⁴ Esta mudanza no título probablemente fose motivada polo comentario que o seu amigo Álvaro de la Iglesia expón no xornal *Follas Novas*: “yo en lugar de mi talentoso amigo paisano hubiera titulado *Alalalas*, porque el aturuxo es grito de guerra y los versos que tengo delante de los ojos, son notas de profunda tristeza, pero de paz, de amor, de inenarrable adoración para aquel pedazo de tierra donde nacimos y en cuyo cielo y en cuya música parecen alentar todas las melancolías de una patria que pide redención con acentos de agonía” (De la Iglesia 1898: 1-2).

⁵ A carón de cada unha das abreviaturas anteriores indicárase a páxina onde o exemplo exposto foi recollido, agás nos tirados d’*A Gaita Gallega*, en que se sinalará tamén o ano, en números romanos, o número da publicación –na revista denominado “Tocata”– en números arábigos e finalmente a páxina.

Milicroques: “Armada Teixeiro habla el gallego de una manera exquisita y no ese gallego convencional y bárbaro que consiste en *agallegar* vocablos castellanos, sino aquel gallego que trae sus raíces del siglo XIII cuando rimaba sus trovas el poeta provenzal Rimbaldo de Vaqueiras y escribía sus Cántigas el rey don Alfonso el Sabio”.

2. Defensa da lingua por parte do autor

Ramón Armada Teixeira manifestou ao longo da súa vida o seu compromiso lingüístico, tal e como podemos comprobar a través das súas actuacións. Como xa foi comentado con anterioridade, é un dos fundadores da primeira publicación monolingüe da emigración en galego, *A Gaita Gallega*. O propio título é unha declaración de intencións, pois conxúgase a esencia do libro homónimo de Xoan Manuel Pintos (Neira Vilas 1994: 240), quen denuncia a situación que estaba a vivir o galego. Os fundadores desta publicación periódica son conscientes da necesidade de recuperación da nosa identidade, e por iso empregan en exclusiva o galego ao longo de todas as súas páxinas. Na sección “Casos e Cousas”, Armada Teixeira, baixo o pseudónimo de Chumín de Céltegos, expón as súas consideracións sobre a lingua, defendendo non só o seu uso, senón tamén a súa pureza.

Repararemos agora nalgúns elementos paratextuais presentes nas obras deste ortigueirés, pois son reveladores dos problemas con que el e outros autores do século XIX se encontraron ao escribiren en galego, ao mesmo tempo que poñen de manifesto as consideracións sobre a lingua deste e doutras persoas que contribuíron satisfactoriamente ás nosas letras. A través dos títulos da súas obras aparece a simboloxía identificadora do país e, co fin de atraer o público, normalmente aparece o xentilicio ligado ao subtítulo: *Caldo de Grelos. Versos gallegos, Aturuxos. Coleución de Cantares Gallegos, Da terriña. Versos gallegos*, e alén disto, tamén indican o xénero da obra. Como sinalan Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei (2005: 143), os títulos dos poemarios da época pretenden reivindicar o carácter galego das súas composicións a través de elementos que remiten ao mundo rural ou tradicional, especialmente referíndose a vexetais que se identifican con sentimentos que motivaron os versos dos autores (*Caldo de Grelos, Milicroques*). Por outro lado, todas as dedicatorias escritas polo autor están redactadas en galego e diríxense a persoas do seu contorno (“A Fidel Villasuso Espiñeira”, “ôs meus fillos”, “A Miguel García Perez e Manoel Santeiro”), ou a institucións (“Ô «Centro Gallego» da Habana”) moi valoradas por el.

Como é común no século XIX, as obras son introducidas por un prólogo da autoría dunha personalidade de prestixio na época. *Non mais emigración* non está prologada, mais si o seu seguinte libro, *Caldo de Grelos*, polo pedagogo Vicente Fraiz, que eloxia a obra e o feito de estar escrita en “armonioso dialecto gallego”.

Tamén, como é lóxico se pensamos que foi escrito desde a emigración, comenta a saudade que este colectivo afincado na Habana sente e o desexo de volta á terra. Curros Enríquez é o autor do prólogo -«Dúas palabras ô leitor»- de *Aturuxos*, que constitúe a única mostra, xunto cunha carta, de prosa escrita en galego polo celanovés. Isto non deixa de ser revelador, pois a maioría dos prólogos das obras decimonónicas están redactados en español, aínda que paradoxalmente eloxien o emprego do galego. Este texto está en consonancia cos acontecementos que se estaban a vivir na illa no ano 98, facendo apoloxía da poesía que segundo el “non vos morre”. No seu último libro *Da Terriña, Milicroques* está prologado por Álvaro de la Iglesia, quen dedica unhas palabras á lingua empregada por Armada Teixeira:

Valiéndonos de una exacta expresión de otro galiciano, Manuel Lugués: Armada piensa en gallego..., es decir, prescinde al contar, de toda relación de conocimiento con el castellano y de ahí su admirable propiedad en el decir y su fidelidad en la expresión que pone en boca de sus personajes. Todos son gallegos, absolutamente gallegos, genuinamente gallegos.

Un elemento especialmente significativo é o primeiro poema do seu libro *Caldo de Grelas*, xa que recolle moitos dos tópicos da instancia prefacial (Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei 2005: 145). A súa “Introducción” dedicada “ô que lea”, serve ao noso autor de escudo protector ante as posíbeis críticas, e contrapón a súa obra coas “d’aqueles que son verdadeira xoya da literatura enxebre”, citando expresamente a *Cantares Gallegos* e a *Follas Novas*. As referencias á figura de Rosalía de Castro –moi comúns en toda a súa obra– son máis unha mostra de dignificación da literatura e da lingua galegas. A reivindicación do labor feito polos devanceiros está presente tamén nalgúns citas aclaratorias que o autor utiliza nos seus poemas, referíndose, entre outros, a Eduardo Pondal no poema que abre *Milicroques* ou a Curros Enríquez coas referencias á Virxe de Cristal en *Non mais emigración*. A análise destes elementos paratextuais revélanos o compromiso lingüístico de Ramón Armada Teixeira, un home defendía a lingua da sociedade a que pertencía a pesar das dificultades sociais e lingüísticas que caracterizan a época, e é por iso que consideramos que a súa escrita merece unha análise pormenorizada, alén de ser unha fonte de información importante sobre o estado da lingua nos finais do XIX e principios do XX.

3. Características da lingua empregada por Ramón Armada Teixeira

A ausencia dun modelo literario na época provocou que Armada Teixeira, ao igual que outros moitos escritores da época, se vise na obriga de adoptar os patróns gráficos da lingua española para escribir en galego, ao tempo que tenta afastarse desta

e aproximarse á fala do seu pobo. Antes de entrarmos na análise lingüística, é de xustiza salientarmos certos aspectos fundamentais para tentarmos dar unha caracterización da súa lingua:

1. A súa procedencia: era natural de Santa Marta de Ortigueira, unha vila situada ao norte da provincia da Coruña que pertence dialectalmente á área mindoniense. Isto ficará reflectido na utilización dalgunhas formas exclusivas da zona.
2. A carencia dunha tradición escrita en que se apoiar, que levará Armada Teixeira a se aproximar no posíbel á lingua falada.
3. A presión que o español exercía na época, que fará que, tanto este autor como outros, procuren en numerosas ocasións, formas que se afastan da lingua de poder.
4. O influxo doutros autores e autoras do momento, que explica o uso que fai o noso escritor de formas totalmente alleas ao seu modelo dialectal.

Estas e outras circunstancias que acompañaron o galego ao longo do tempo estarán reflectidas na obra de Armada Teixeira en todos os niveis: gráfico, fonético, morfolóxico e lexical.

3.1. Nivel ortográfico

A intención dos autores decimonónicos –entre eles Armada Teixeira– de reflectiren o máis exactamente posíbel a fala popular provoca que a súa lingua sexa un tanto anárquica no que á grafía se refire. Téndomos en conta que o galego, a partir de aproximadamente o século XVI, perde o uso como lingua de cultura escrita por un espazo de trescentos anos, é lóxico pensarmos que cando os autores do XIX comezan a escribir de novo na súa lingua fanno seguindo o padrón que desde nenos aprenderon, é dicir, o español. A consecuencia disto, basearanse no modelo ortográfico do idioma dominante no momento, causándolles esta situación un conflito cando teñen que reproducir fonemas inexistentes no español, que se resollen de diferentes maneiras. Mais, aínda téndomos presente o mencionado, tentaremos establecer certas pautas ortográficas que caracterizan a obra de Ramón Armada Teixeira.

O apóstrofo é empregado, maioritariamente, para marcar o encontro que se produce entre dúas vogais na cadea falada: *t'atope* (NME 29), *n'a chouza* (CG 15), *qu'os meus amores* (AT 6), *com'os corvos* (MI 33) etc., así como para representar a crase entre a preposición *en* e o artigo: *n'as sebes* (CG 16), *d'espiñas* (MV), aínda que, ocasionalmente, tamén utiliza o hifen para sinalar este fenómeno fonético: *n-a nosa terra* (NME 17). Saco Arce (1967: 125-127) recollía na súa gramática os seus usos e indicaba que “el apóstrofo aunque frecuentísimo, no es sin embargo forzoso,

excepto con la preposición *de* y con los afijos *me*, *che*, *lle* seguidos del pronombre-artículo *o*, *a*"; outro importante gramático, Carré Alvarellos (1967: 28-29) considera que se usa "el apóstrofo, al igual que en otros idiomas, indicando que se ha suprimido una vocal para que las palabras suenen mejor al oído evitando el hiato". Mostra isto que o uso desta marca perviviu na nosa escrita até ben entrado o século XX, sendo rexeitada na actualidade.

A unión entre a conxunción *e*, representada como *y* ou *i*, e a palabra que a segue, sempre e cando comezar por vogal, é marcada sistematicamente co trazo, así como nos casos en que se produce a asimilación entre a preposición *por* e o artigo: *y-o vertelas* (NME 28), *y-as mozas* (MI 25), *pol-o contrario* (NME 22), *pol-as congostras* (MI 22) etc. O mesmo acontece coa representación do *i* epentético e a vogal seguinte: *yalma* (MI 39), moi habitual en toda a literatura do século XIX e aínda hoxe rexistrado oralmente nalgúns zonas da Galiza. Un último fenómeno representado co hifen é a asimilación consonántica de *-r* e *-s* co artigo que segue, fenómeno característico da fonética sintáctica: *libertal-o fillo* (NME 18), *todol-os berbes* (CG 86), *funcional-a máquina* (CG 91), *desfargallel-o ramo* (AT 22), *pasadal-a sega* (MI 21), *pr'agasallal-a no ceo* (MI 39), *sacal-as ô sol* (GG I, 2ª, 7), *veneral-as grorias* (GG II, 9ª, 8) etc. O intento de trasladar á escrita os trazos fonéticos característicos da fala deu orixe a exemplos como os sinalados con anterioridade, aínda que ao carón doutros onde non se representa a asimilación vocálica: *coller o fusil* (NME 18) ou *facen os cimentos* (GG II, 11ª, 8). Algunhas das contraccións e elisións vocálicas representadas nos textos a estudar están hoxe consolidadas na lingua escrita (*na*, *da*, *pola*, *polo*), mentres que outras, aínda que se manteñan oralmente, deben ser refugadas na súa representación gráfica (*pro*, *pr'a*, *vamol-a* etc.).

Outrosí, Armada utiliza a grafía *y* para representar a conxunción *e* cando vai seguida de palabra que comeza por vogal e a semivogal [j] en posición intervocálica: *Agremayor* (NME 12), *y-o vertelas* (NME 28), *Salayos*, (CG 11), *y-escrava sempre* (GG II, 10ª, 1), *y-orfo* (AT 5), *y-un* (MI 41), *y-ô decirllo* (MV). A presión do idioma imposto pode ser advertido tamén na utilización do *h* en palabras que non o levan: *hirmá* (NME 6), *ahí* (NME 12), *hōbos* (CG 16) etc. E, a respecto da distribución de *b* e *v*, dáse, en ocasións, unha coincidencia co español como *maravillas* (CG 16, AT 6), xa que a maior parte dos nosos devanceiros non tiñan en conta os aspectos etimolóxicos, contribuíndo isto a crear confusións.

Canto ao sistema de acentuación podemos sinalar que é un dos trazos máis característicos da obra deste autor e, aínda que se produce un elevado número de vacilacións, é posíbel trazarmos unha serie de normas que rexen a súa escrita. Utiliza tres tipos de acento: agudo, grave e circunflexo. O acento agudo (´) é empregado normalmente para marcar as palabras que se rexen polas regras comúns de acentuación que aínda se manteñen no galego actual: *bébedo* (NME 38), *opinión* (NME 52), *árbores*

(CG 25), *lástima* (AT 81), *peródicos* (GG II, 7ª, 8), *abofé* (GG I, 1ª, 6), *abóndame* (MI 17), *bendiciós* (MI 20), *pícara* (MV), *perderá* (MV). Fóra destas regras achamos outras xeneralidades en toda a obra canto ao emprego do acento agudo. Por exemplo, é moi común que acentúe as palabras oxítonas terminadas en -r: *matár* (NME 62), *ruár* (CG 23), *mestér* (AT 99), *mercár* (GG I, 4ª, 7). Apréciase certa vacilación en palabras onde se produciu un movemento acentual por ser a tendencia maioritaria en galego a paroxítona, mais que aínda na actualidade se segue a producir: *paxáros* (CG 59) e *páxaro* (AT 12). Cabe sinalarmos que tamén é posíbel acharmos unha palabra ou palabras semellantes con diferente marca acentual ou mesmo con ausencia dela: *emigración* (GG II, 11ª, 8) / *emigracion* (NME 64).

O acento grave (´) é utilizado por algúns autores decimonónicos para marcaren o timbre aberto das vogais de grao medio. Mais esta marcaxe só se produce dun xeito máis ou menos sistemático na súa peza teatral: *xògo* (NME 36), *sète* (NME 53), *bèrce* (NME 62), *òllos* (NME 65), *èla* (NME 59) etc. Nas restantes obras prescinde do acento grave –empregando en ocasións o agudo para sinalar o timbre das vogais– agás na tocata 4ª d’A *Gaita Gallega*: *dèmo*, *tèsta*, *tèrra* etc. Non resulta isto estraño se temos en conta que ambos os textos foron redixidos na mesma data, e posibelmente Armada Teixeira rexeitou esta marcaxe posteriormente. Pode ser revelador o feito de que o gramático que o noso autor admiraba e probabelmente seguise, Saco Arce (1967: 187), indique o seguinte a respecto do sistema de acentuación do galego: “Podemos distinguir en gallego dos acentos: el agudo (´) y el circunflejo (^)”, prescindindo por tanto do acento grave.

O acento circunflexo (^) marca normalmente a crase de dúas vogais, principalmente a contracción da preposición *a* co artigo: *Un menumento â muller* (NME 55), *Pois vas â miña terra* (CG 41), *exonxurado â cadea* (GG I, 5ª, 7), *dándolle forma â beleza* (AT 8), *dispostas todas â colleita* (MI 25). Porén, tamén podemos achar exemplos en que a contracción se marca cun acento agudo: *que teñen as frores ó orballo da’a primavera* (NME 21). Unha última singularidade que cómpre sinalar é o uso que Armada Teixeira fai da diérese en casos como: *cëo* (AT 15), *poëtas* (CG 3), *marëa* (CG 6) etc., empregándoa especialmente cando se produce a unión de dúas vogais fortes.

3.2. Nivel fonético

3.2.1. O vocalismo

Na lingua de Ramón Armada Teixeira reflíctese grande parte dos fenómenos fonéticos que se dan espontaneamente na fala. O sistema vocálico do século XIX non se diferencia moito do sistema actual: sete fonemas vocálicos que os nosos devanceiros, por veces, tentaron marcar nos seus textos escritos a través de distintos sinais gráficos –especialmente co acento grave– tal e como foi comentado.

O vocalismo tónico caracterízase por unha maior estabilidade respecto do átono, non se rexistrando nos textos que estudamos numerosas alteracións neste sentido. Mais se tivermos en conta as modificacións resultantes do contacto dos fonemas que conforman unha palabra, debemos prestar especial atención a un dos fenómenos máis singulares do sistema lingüístico galego-portugués, a metafonía, que consiste na alteración no timbre da vogal tónica por influencia das vogais finais *a*, *o* e en menor medida *e*, e que é definitorio da parte occidental da Galiza. Armada Teixeiro pon de manifesto que no territorio centro-oriental non se produce tal fenómeno fonético a través da acentuación grave, que como sinalamos anteriormente representa a apertura vocálica: *ðllos* (NME 65).

A respecto do vocalismo átono, a súa inestabilidade provoca numerosas alteracións. Por unha banda, aquelas que se producen por modificación no timbre das vogais *e*, por outra, as que obedecen a fenómenos de substracción ou aumento de sons vocálicos nunha palabra. Na actualidade só se rexistran na fala, mais pola procura de Armada por se achegar a esta, aparece ao longo das súas obras en numerosas ocasións. En posición inicial son dous os fenómenos rexistrados maioritariamente: a prótese ou adición dun son vocálico no comezo da palabra, normalmente un <a>: *amostrándolles* (NME 11), *amostr'a hoxe* (CG 9), *arrenégote* (MI 36) etc.; e a aférese ou supresión dun son no principio da palabra, sendo tamén a vogal <a> que máis maioritariamente se subtrae: *maxino* (CG 1), *inda* (AT 67) etc.

Frecuentes son tamén os casos de síncope, fenómeno que consiste na supresión dun son vocálico no interior de palabra, especialmente en contextos como o seguinte: oclusiva + vogal postónica + líquida (Freixeiro Mato 1998: 111). Algún exemplo recollido na obra de Armada Teixeiro é *esprito* (NME 22), *zreixas* (NME 66), *atruxan* (MI 22) etc. Moi común é a mudanza de timbre por influencia de vogais veciñas: *condanados* (NME 13), *título* (NME 7), *premeo* (CG 9), *número* (GG I, 2ª, 8), *señor* (GG I, 3ª, 8), *fertuna* (AT 51), *curazón* (MI 59) etc., que ben poden ser explicadas foneticamente por asimilación ou disimilación, ou ben por criterios diferencialistas. Outro fenómeno recorrente aínda nos nosos días na lingua falada é o da paragoxe, que consiste na adición dunha vogal ao final da palabra: *marchare* (NME 11), *mare* (CG 26), *amore* (MI 50), así como o fenómeno contrario, a apócope, isto é, perda dun son ao final: *san* (AT 84) ou *clas* (GG II, 11ª, 1).

Canto aos ditongos, convén indicarmos os resultados dos grupos latinos -ULT- e -OCT-, que en case todos os casos aparecen co resultado *oi*: *noite* (NME 9), *moito* (GG I, 4ª, 7), *troita* (AT 88) etc., solución propia da área mindoniense e de todo o bloque central (Fernández Rei 1991: 127). Os ditongos menos característicos do galego son *ie* e *ue*, o que provoca hipercorreccións que dan orixe a creacións artificiais na lingua escrita naqueles autores preocupados pola construción dun modelo culto de lingua. Armada Teixeiro, tentando fuxir dos castelanismos, fai as

seguintes correccións erróneas do punto de vista etimolóxico: *pacencia* (NME 24), *concencia* (CG 45, AT 5), *cencia* (GG II, 4ª, 8). Achamos tamén nos textos deste ortigueirés o caso contrario, quere dicir, hipercorreccións baseadas na correspondencia entre o español *e* e *o* co galego *ei* e *ou*, como *adourar* (CG 52) ou *mourado* (GG II, 9ª, 8). En consonancia co visto, e polo desexo do autor de se apartar da lingua privilexiada no momento, tende a vocalizar o primeiro elemento dos grupos consonánticos cultos *-ct-*, *-pt-*, *-cc-*, aparecendo formas como *leutor* (CG 71) ou *aución* (NME 29).

3.2.2. O consonantismo

Canto ao consonantismo, é de xustiza comentarmos en primeiro lugar o tratamento que o autor fai do fonema fricativo palatal xordo /ʃ/, pois a súa inexistencia en español provocou no século XIX un debate entre os que defendían a representación etimolóxica <j, g+e,i> e os que se denominan adoito foneticistas. Ramón Armada Teixeira escolle a solución predominante aínda na actualidade <x>: *lixeiros* (AT 85), *gorxa* (AT 72), *lexos* (CG11), *enferruxado* (NME 35), *feixe* (MI 33) etc. Máis unha vez, pode ser a influencia que parece que os preceptos do ourensán Saco Arce⁶ causaron na súa escrita, a que propiciara esta escolla.

O seseo, fenómeno dialectal do sistema lingüístico galego, consiste na ausencia, nunhas determinadas áreas xeográficas, do fonema fricativo interdental xordo /θ/ do galego común, mantendo nas mesmas posicións un *s*, aínda que este admita distintas realizacións (Freixeiro Mato 1998: 162). Aínda que Armada Teixeira non pertence a unha área lingüística seseante, nin o emprega como norma xeral, achamos nas súas obras algúns casos de seseo implosivo: *lus* (NME 9), *felis* (NME 6), *tal ves* (CG 27, MI 49), *capas* (CG 45), *catives* e *vellés* (MV). A utilización deste fenómeno fonético parece pór de manifesto a influencia lingüística que exerceron outros escritores e escritoras –especialmente a súa admirada Rosalía e o seu grande amigo Curros Enríquez– sobre o noso autor.

Non encontramos nas súas obras ningún caso de *gheada*, agás nun par de textos onde imita burlescamente persoas que tentan falar español: *¿No veis como los zarzetes / amarjullan en la mar?* (MI 43). Isto parece revelar a falta de aceptación deste fenómeno dialectal por parte de Ramón Armada Teixeira, pois ao igual que ao longo da súa vida foi adquirindo certos trazos doutras zonas xeográficas da Galiza que non se correspondían cos da súa, sempre rexeitou a *gheada*, cando menos nos textos escritos.

⁶ Saco Arce di ao respecto o seguinte: “El suave sonido de la *ch* francesa, propio también de nuestro dialecto [...] nos parece que debe representarse constantemente por la letra *x*” (1967: 186).

Un fenómeno fonético moi presente na lingua deste autor é a metátese, desprazamento dun fonema no interior da palabra: *frábecas* (NME 34), *dreitos* (CG 3), *probe* (AT 16), *Cruña* (MV), *sprito* (MI 90) etc. Un caso bastante frecuente é o da metátese por intercambio de posición entre líquidas contiguas: *bulra* (NME 56), *pelriña* (CG 2), *bulrarse* (CG 32). A variabilidade locacional da consoante *r* confírmase en casos como os do substantivo *pregunta* e o verbo *preguntar* que se recollen de dúas formas diferentes: *pregunta* (NME 56) e *preguntando* (GG I, 3ª, 7).

É de destacar tamén a alternancia que se produce entre a vibrante /r/ e a lateral /l/ no segundo elemento dos grupos consonánticos formados por oclusiva /p, b, k, g/ e fricativa /f/, reconvertendo Armada os grupos *-pl-*, *-bl-*, *-fl-* e *-cl-* en *-pr-*, *-br-*, *-fr-* e *-cr-*: *público* (NME 16), *refrexo* (CG 2), *fror* (AT 82), *aprausos* (GG II, 10ª, 1), *frores* (MI 69). É posíbel que utilice estas formas por diferencialismo xa que, tanto na evolución do latín ao galego como ao español, estes grupos consonánticos mantíñanse nas palabras cultas, en canto que nas patrimoniais evoluíron a /tʃ/. A pesar disto, achamos algún caso, aínda que minoritariamente, en que se conservan os grupos latinos: *sable* (NME 36). Temos na obra deste autor unha mostra de epéntese do fonema vibrante na preposición española *hasta*, adaptada para a nosa lingua baixo a forma *hastra* (NME 21, CG 17, AT 7, MI 42), hoxe desbotada.

Os procesos de asimilación e disimilación tamén son frecuentes no consonantismo, especialmente ao se produciren encontros por fonética sintáctica entre determinados fonemas. O fenómeno de asimilación máis importante é o do artigo á preposición *por* e aos verbos terminados en *-r* ou *-s*, de que xa foron expostos exemplos representativos cando falamos dos casos en que emprega o hifen.

3.3. Nivel morfosintáctico

A análise morfosintáctica das obras de R. Armada Teixeiro pon de manifesto unha constante en toda a literatura do XIX e comezos do XX: a pervivencia de formas de solución morfolóxica tradicional ao carón doutras tiradas directamente do castelán. Así como no que respecta á ortografía e á fonética non se observan grandes diferenzas entre a lingua empregada nunha e noutra obra, no tocante á morfoloxía veremos algunhas das mudanzas lingüísticas que experimentou o autor.

3.3.1. O Nome

Serán as particularidades referentes ás categorías de número e xénero as que centren a nosa atención a continuación. Canto ao plural dos nomes en *-n*, observamos unha clara preferencia polas formas que se corresponden coa súa variante dialectal

e que se caracteriza pola perda da consoante nasal: *refreusiós* (NME 22), *canciós* (CG 24), *ilusiós* (AT 80), *visiós* (GG II, 12ª, 1), *mazapás* (MV) ou *bendiciós* (MI 69). A partir da segunda obra comezan a aparecer vacilacións entre a forma propia do galego occidental e a do galego central e oriental, o que vén demostrar o posíbel influxo que outros autores do seu tempo tiveron sobre Armada Teixeira: *hirmáns* (CG 11), *máns* (MI 42) e *cans* (MV), sendo máis numerosa a solución occidental en *Milicroques*.

As palabras acabadas en *-l* presentan un maior abano de solucións. A primeira delas –na actualidade, segundo sinala Fernández Rei (1991: 65) fenómeno esporádico– rexístrase na obra de Armada Teixeira en varias ocasións: *reás* (NME 18), *papés* (NME 60), *urás* (GG II, 13ª, 1). A solución maioritaria nos seus textos é o sospeitoso castelanismo *-les*: *ánxeles* (NME 21)⁷, *trigales* (CG 60), *vendabales* (AT 97), *cereixales* (GG II, 11ª, 1), *xuncales* (MI 53). As palabras acabadas en *-il* resólvense maioritariamente en *-ís*: *civís* (NME 39), *pelengrís* (AT 34), *cadrés* (MI 69). O resto dos casos, exceptuando os que forman o plural de carácter popular como *léises* (GG II, 7ª, 8) ou *reises* (CG 80), non presentan características relevantes.

Canto ao xénero, Armada Teixeira non foi alleo á situación de conflito lingüístico, que caracteriza todo o século XIX e que aínda pervive hoxe. É común achar confusións canto á categoría gramatical que permite clasificar os nomes en masculinos e femininos. Apréciase isto especialmente nos vocábulos que terminan en *-axe*, pois exceptuando o caso de *a romaxe* (CG 68, AT 38, 72, 84, MI 97), *a imaxe(n)* (NME 66, MI 29) e *a friaxe* (MI 33), no resto emprega o xénero propio do español, é dicir, o masculino: *o viaxe d'a vida* (CG 89), *o seu linaxe* (NME 37). Posibelmente isto sexa debido a que *romaxe* e *friaxe* non teñen unha similitude co castelán como para que este influíse nelas, como si acontece con *viaxe* / *viaje* ou *liñaxe* / *linaje*. Tamén se nota a interferencia castelanizante en substantivos como *sangue*: *callada a sangue* (MI 37); *dor*: *delor profundo* (CG 28); *costume*: *e costume mui antigua* (NME 36); *cume*: *si n'a cume* (CG 75); *ponte*: *o ponte, o xardin d'as Burgas* (GG I, 1ª, 7)⁸. Porén, *mel* aparece en masculino: *doce como o mel* (MV).

Algunhas terminacións nominais tamén son merecentes de atención, pois presentan particularidades salientábeis que informan sobre o estado da lingua nese momento histórico. As terminacións latinas *-TATE* ou *-TUTE* rexístranse nas obras de Armada maioritariamente coa solución española *-dá e-tú*: *virtú* (NME 25),

⁷ Este vocábulo, formado sobre o castelanismo *ánxel* (AT 13), aparece en *Caldo de Grelas* e en *Milicroques* coa marca de formación de plural en *-es*: *anxes* (CG 2; MI 56).

⁸ N'A *Gaita Gallega* achamos algúns exemplos do substantivo *ponte* en feminino: *d'as pontes* (GG II, 13ª, 1).

verdá (CG 20), *soídás* (AT 26), *cibdá* (GG I, 5ª, 8), *libertá* (MI 32), aínda que tam pouco é infrecuente encontrar a solución propia do galego, especialmente nas súas obras máis tardías: *soiddades* (NME 62), *libertade* (CG3), *virtude* (CG 33, AT 63), *propiedade* (GG I, 1ª, 4), *xuventude* (GG II, 9ª, 8), *virtudes* (MI 89).

Cuestión importante con relación á evolución dos sufixos latinos cara á lingua galega é a que se observa nos resultados da terminación -BILE, competindo na actualidade dous resultados: -*bel* e -*ble*⁹. No século XIX e principios do XX, a forma xeral, máis unha vez por influxo da lingua prestixiada no momento é -*bre*, solución predominante nas obras de Armada Teixeiro: *posibre* (NME 50), *horribres* (GG I, 4ª, 7) etc., exceptuando algún caso illado en que atopamos -*ble*: *bailable* (CG 77), e non se rexistrando -*bel*.

Outras terminacións destacábeis para o estudo son as que proveñen dos sufixos latinos -ANUM e -ANAM, que teñen en galego dúas realizacións posíbeis: -*aol-á* ou -*á-l-án*. O primeiro dos resultados é o que triunfa na parte centro-oriental da Galiza (Fernández Rei 1991: 59-64) e, por tanto, será o predominante na obra do autor: *mao* (NME 19), *hirmás* (CG 23), *maus* (AT 57), *mau* (GG II, 9ª, 7; MV). Xunto a estas aparecen moi minoritariamente, as formas propias da parte occidental: *hirmáns* (NME 57), *mañán* (NME 56), *hirman* (GG I, 1ª, 8), *curmán* (MI 34) e *chan* (NME 16, CG 13, MI 44). Sobre esta última cómpre facermos unha reflexión, pois en canto no resto de exemplos expostos achamos a solución propia da área dialectal do autor ao carón doutras que triunfan no occidente, *chan* rexístrase unicamente baixo a forma predominante no oeste galego, o que nos leva a pensar que, posibelmente, se trate de unha forma aprendida dalgún dos seus compañeiros ben a través dos seus textos ou ben por medio da amizade que os unía. Consérvase a terminación -ANA, talvez por influencia do español, no xentilicio *Ribeirana* (AT 71), e -ANO no substantivo *ciruxano* (CG 32).

Canto ás terminacións -*cio*, -*zo*, -*cia*, -*za*, non encontramos firmeza na aplicación dun criterio por parte de Armada Teixeiro, aínda que podemos afirmar a predominancia de -*cio* e -*cia*: *perxuicio* (NME 16), *xusticia* (CG 53, AT 6), *inxusticia* (MI 19), *xuicio* (GG II, 11ª, 8). Xunto a estas achamos solucións tradicionais: *prezo* (CG 39) ou *indeferenza* (CG 45).

3.3.2. O Pronome

Respecto aos pronomes persoais tónicos, debemos comentar o uso maioritario do pronome suxeito *ti*, exceptuando algúns casos en que aparece a forma etimolóxica

⁹ Ferreiro (1997: 146-147) sinala que este sufixo tivo resultados diversos na lingua escrita (-*vell(e)*, -*vil(e)*, *bel(e)*, -*bil*) considerando a solución -*ble* como unha forma que aparece debido á presión do español.

tu (NME 60-61, MI 20). Para o masculino de P3 e P6 rexístranse maioritariamente as formas *el* e *eles*, mais tamén achamos as solucións típicas –especialmente nas colaboracións d'A *Gaita Gallega*– do galego do sur de Lugo e da maior parte de Ourense, *il* e *iles*: *d'il vou a ver* (GG I, 4ª, 7), *non negan iles* (GG II, 13ª, 1), *iles chegan* (CG 76). Igualmente, recollemos algún exemplo para o feminino: *como qu'a ila se debe* (GG I, 9ª, 8), *¡Honor a ila!* (GG II, 12ª, 1). As formas do masculino *il(es)* coñecerían durante o século XX unha produtiva utilización, en ocasións baixo a orientación do diferencialismo (Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei 2005: 310).

Con relación á P4 e P5 dos pronomes persoais rectos, cabe mencionarmos que o noso autor emprega maioritariamente as formas correspondentes ao seu padrón dialectal, é dicir, *nosoutros/as* e *vosoutros/as* (NME 20, CG 28, MI 54, MV). Ao lado destas existen as formas *nós* e *vós* que utiliza moi esporadicamente: *chega a nos tan axina* (MI 39), *pra entre nos* (GG II, 12ª, 8), *pra nos o chiculture* (MV). En *Non mais emigración* aparece o pronome español *nosotros* (NME 35), cousa estraña se temos en conta que é o único e, por tanto, cabe pensar que non sexa máis que un erro tipográfico pola súa proximidade con *nosoutros*.

Canto ás formas de cortesía documéntanse *vosté* (NME 17, CC I, MI 23) e *vostedes* (NME 33). Segundo indica Ferreiro (1999: 244-245), estas son formas refeitas a partir dun cruzamento coa forma habitual do español *usted*. Considera que o único pronome de tratamento específico en galego moderno é o descendente da antiga fórmula *vossa mercee* (<VOSTRA MERCEDE), que só se documenta nun caso: *vosas mercedes* (CG 52). Alén destes pronomes, recóllese n'A *Gaita Gallega* algún exemplo da forma castelán *usté* (GG I, 2ª, 8). Outra cuestión de interese é a utilización do plural de cortesía (*vos* por *tí*), considerado trazo arcaico na actualidade: *por non vervos teño a y-alma* (AT 26). Finalmente, sobre as formas oblicuas dos pronomes persoais destaca o uso da forma propiamente galega *comigo* (GG II, 7ª, 8) ao lado do castelanismo *connigo* (NME 24).

No que respecta á colocación dos pronomes átonos, non se documenta ningunha construción salientábel pola súa agramaticalidade, exceptuando algúns casos minoritarios que aparecen nas súas intervencións n'A *Gaita Gallega* (*Eu llo xuro*, GG I, 2ª, 7) ou en *Non mais emigración* (*Eu a seguía*, NME 58), mais que tamén poden ser explicados no contexto de cláusulas enfáticas, cando se pretende salientar por focalización o suxeito ou calquera outra palabra en particular. Tamén destaca o bo uso que fai dos clíticos de acusativo e dativo, utilizando este último en numerosas ocasións coa función pragmática de “dativo de solidariedade”: *Pois estache morrendo co gotero* (NME 56), *Vaiche na misa en Conxo* (NME 54), *eu sonche probe ablaíña* (AT 53), *¡eranche poucas as pagas...!* (MI 62). O emprego deste tipo de construcións é propia de contextos de informalidade, e por tanto é lóxico que apareza con maior frecuencia nos diálogos de *Non mais emigración*.

Débase notar tamén que na zona a que pertence Armada Teixeiro existe a oposición singular/plural nas formas átonas de P3 (*lle/lles*): *¡Teñolles envexa!* (NME 39), *dille a Galicia* (CG 11). Sería esperábel que cando este concorrese cun clítico de acusativo de P3 formase a contracción: *llelo(s)/llela(s)*, mais esta aparece en moi poucas ocasións: *conteillel-o todo* (CG 59), *Non desfargallel-o ramo* (AT 22) sendo a forma maioritaria *llo*, que é a propia da zona occidental de Galiza (Fernández Rei 1991: 80): *si, si, catámosllo* (NME 50), *dixoll'ôs criados* (CG 33).

Acháse no galego unha variedade notoria de subsistemas de paradigmas dos demostrativos que se manteñen na actualidade e que non difiren moito dos que podíamos encontrar no século XIX. O estándar actual propón como formas variábeis *este(s)*, *ese(s)*, *aquel(s)*, *esa(s)*, *esa(s)*, *aquela(s)*; e invariábeis *isto*, *iso*, *aquilo*. Tal e como sinala Fernández Rei (1991: 70-71), este paradigma correspóndese co que se rexistra no extremo nordeste da Coruña e no centro e sur de Pontevedra e, por tanto, sería o propio da zona a que pertence Armada Teixeiro. Mais a variedade é tal nos escritos deste autor que custaría adscribilo a un paradigma determinado. Para o masculino e o feminino variábel predominan, especialmente no seu primeiro libro, o uso das formas con vogal radical en *-e*: *ese viaxe* (NME 18), *d'esta xeitosa Cuba* (CG 8), *n'este mundo* (AT 36), *qu'ô paradeiro aquel* (GG I, 4^a, 7), y *n-este choyo xuntos* (MI 25). Cara ao final da primeira obra, e a partir desta, rexístranse formas hipercaracterizadas en *-i* no masculino: *iste lar* (CG 78), *si pra iste gaitero houbera* (GG I, 4^a, 7), *co'aquil pouporrit* (GG II, 8^a, 7), *qu'ise é o mes* (AT 98); e por analoxía tamén no feminino: *nace ista fror* (MI 18), *¡Honor a isa muller!* (GG II, 12^a, 1), *n'aquila retama* (CG 75). Armada emprega para as formas invariábeis maioritariamente a hipercaracterización co fonema vocálico tónico /i/: *¿Por qué dis iso?* (NME 26), *por iso co'as bágoas d'ela* (AT 32), *y-aquilo ponse* (MI 23), *anqu'isto* (GG I, 1^a, 8). Para alén destas formas hipercaracterizadas aparecen tamén algúns exemplos con *-e* tales como: *esto vai a ser un desconsolo* (NME 18), *por eso sinto sempre* (CG 62), *y-eso proba* (AT 75). Posto que na área dialectal do noso autor só estas formas invariábeis levan *-i* no radical, a utilización de *iste*, *ista*, *aquil* só pode ser explicada pola súa procura de diferenciarse do castelán, tal e como fixeron moitos dos escritores da época.

Cómpre facer referencia á utilización que fai dalgúns demostrativos acabados en *-o*, como por exemplo: *desos guerreiros* (NME 37), *¡Veñan esos cinco...!* (NME 58), *y-estos chegan* (MI 22), que deben ser considerados castellanismos morfolóxicos provocados pola presión constante do español. Rexístrase a forma arcaica reforzada nalgúñas das súas obras, aínda que cun uso menor que as formas modernas: *de aquesta obriña* (NME 4), *n'aqueste mundo* (CG 28), *D'aqueste / Verxél* (CG 68), *d'aquesta Gaita* (GG II, 7^a, 8).

Documéntanse usos do demostrativo *aquel* e *aquela* como substantivo n'A *Gaita Gallega* (*¡Con que aquel os ollaba!*) e en *Milicroques* (*con moita aquela*). Tamén

rexistramos casos de *daquela* con valor de adverbio de tempo equivalente a *entón*: *pois os mortos, d'aquela, foron votar* (GG I, 1ª, 7). Por último, no tocante aos demostrativos, achamos un composto moderno que actualmente é frecuente na Galiza mais non noutros países de fala galego-portuguesa. É o caso de *estoutra* (MI 49).

Os posesivos non presentan ningunha particularidade canto á súa morfoloxía, mais si son merecentes de comentario algunhas construcións en que estes aparecen. Está presente o sintagma formado por *posesivo + nome* sen artigo en casos que na actualidade si irían acompañados del: *teu xeito n'a muiñeira* (AT 41), *seus traballos* (CG 15). Isto é máis unha consecuencia do influxo do español sobre o galego. A posición habitual do posesivo cando acompaña o substantivo é a anteposta; porén, en ocasións, pode ir posposto. Así o valida Ramón Armada Teixeira a través do seguinte exemplo: *desfacendo as contas súas* (CG 35). Tamén cómpre destacar as formas átonas fosilizadas que acompañan certos substantivos como *madre* ou *señora*, das que só se rexistra unha mostra na súa obra: *mi señora gaita* (GG I, 5ª, 8). Estes pronomes que proceden do español están sempre asociados a contextos de respecto, e aparecen na nosa lingua coincidindo co momento en que a lingua galega comeza a sufrir a colonización. Xa por último, debemos destacar os valores afectivos do posesivo en construcións onde indica relación e non posesión: *¡Alma miña!* (NME), *meu ben* (AT 56), *meus filliños* (MV).

Dentro dos relativos, sinalamos o uso de *cal* con valor de conxunción comparativa: *Desfíxase cal o fume* (NME16), *Hermosas cal o luceiro* (CG 65), *nin amor cal seu amor* (AT 37), *a esa festa que, cal ela* (GG II, 7ª, 8), *cal anduriña aniñaba* (MI 70). Tamén é relevante a utilización do chamado relativo posesivo, mais sempre representado baixo a forma foránea: *Fillas hermosas dá hermosa Cruña / En cuyos peitos [...]* (CG 67), *a carretera de Santa Maria d'Oza, cuya parroquia [...]* (NME 30), *tal peródico en cuya redaucion figuran [...]* (GG I, 3ª, 7).

No tocante aos identificadores simples, aparece maioritariamente a forma *calquera*: *en calquera negocio*, (NME 17), *calquera larpeiro* (GG I, 3ª, 8) *calquera cousa* (MV), *que deixan pampo a calquera!* (MI 61), fronte á tradicional *calquer* que curiosamente se rexistra en *Caldo de Grelos* case en exclusiva: *calquer cousa* (1, 85). É de xustiza sinalarmos tamén a presenza da variante *calisquer*, documentada en *Aturuxos* e en *Milicroques* (*Calisquer día*), e que provén da forma medieval *qualquer* que admitía variación numérica (*quasquer*), e que no galego actual está practicamente desaparecida (Ferreiro 1999: 270).

O identificador *un* maniféstase na súa forma plural de tres maneiras diferentes: *ús* e *unhos* –formas propias da rexión a que pertence Armada Teixeira e por tanto máis habituais– e *uns*, por influxo de autores e autoras occidentais: *Todos somos uns*

(NME 54), *d'us e doutros* (NME 17), *y-us pendetes d'ouro fino* (CG 17), *por us cuantos lacazás* (MI 43), *c'unhos ungüentos* (CG 31), *unhos bochosavas* (AT 35), *y-unhos remexen* (MI 23) etc. Pola súa parte, o artigo, tal e como viamos no apartado dedicado a ortografía, represéntase contraído coas preposicións *a*, *en*, *para*, *por* cos pronomes como *nós*, *vós* ou *ambos*, e cos verbos terminados en *-r*; *-s*: *pol-as colinas* (CG 7), *ademiral-a hermosura* (AT 28) etc.

O cuatificador absoluto *ninguén* aparece, case en exclusiva, baixo a forma *naide*, formada sobre o pronome castelán *nadie*: *por naide chorar* (NME 20), *sin poder percatarse naide* (CG 26), *naide me deu razón* (GG I, 4ª, 7), *naide pode* (MI 26), aínda que ocasionalmente nas súas obras poéticas rexistramos algunha mostra de utilización da forma galega do pronome: *Ninguén com'hai Dios* (CG 69). Porén, debemos ter en conta que o uso de *naide* é aínda maioritario en toda a área mindoniense, tal e como sinalan González González / Fernández Rei (1982: 210). O resto dos referenciais imprecisos non presenta particularidades salientábeis, exceptuando o cuatificador multiplicativo *algún*, que na súa forma de plural, ao igual que *un*, ten varias realizacións: *aforrárr algús cartos* (NME 35), *d'algús labregos* (CG 38), *algunhos cativos* (CG 91).

3.3.3. O verbo

As vacilacións e fluctuacións de formas verbais vanse constituír como un dos trazos máis peculiares da lingua de Armada Teixeiro. As formas características da súa área dialectal son as que maioritariamente emprega, mais tamén outras que lle chegaron, ben a través do contacto con outras persoas da época, ou ben polo influxo do castelán.

A alternancia vocálica que manifestan os verbos semirregulares no presente de indicativo só é representanda nalgúns casos como *tóse con tetintín* (NME 29), *xa relócen* (MI 54), *pr'os que sofren* (MI 57). No resto afástase do que prescribe a norma actual: *di o que sigue* (NME 16), *o curso que sigue o río* (CG 77), *sube cando baixa o mar* (MI 32) etc. Non podemos establecer ningunha distribución xeográfica canto ao uso dunhas ou outras formas, mais si trazar na actualidade unha diferenza de usos que ten a ver cun factor xeracional.

O presente de indicativo proporciónanos algunhas singularidades a respecto da grande variedade nas formas do sufixo de número e persoa na P5. Maioritariamente emprega o afixo *-des*, que é o predominante no seu padrón dialectal: *¿Qué queredes rapaciño* (NME 50), *tedes* (CG 19), mantendo por tanto o *-d-* ao igual que no imperativo: *escoitade* (NME 13), *apadrínade o meu canto* (AT 10). Xunto a este, aparece excepcionalmente a terminación propia do galego oriental en que desaparece a oclusiva dental sonora: *Acompañaime* (NME 56); a forma característica que

actualmente se rexistra nunha pequena zona do occidente da provincia da Coruña¹⁰, producíndose tamén a caída do *-d-* intervocálico, cunha posterior asimilación e crase: *levás* (CG 19).

No tocante ao pretérito, destacamos o predominio da terminación *-che* (<ISTE) para a P2: *pintache* (NME 27), *pidechem'* (CG 65), *puxéche visgo* (AT 12). Mais tamén aparece nalgún caso para esta persoa a desinencia menos evoluída *-ste*: *alcontras-te* (CG 71). Está moi estendida na P2 de pretérito un *-s* final analóxico inducido pola desinencia de todas as segundas persoas do paradigma verbal (Ferreiro 1999: 295-296). Non rexistramos este fenómeno nas obras de Armada Teixeira.

Un dos aspectos máis relevantes do punto de vista xeográfico é a repartición da vogal temática na P3 dos pretéritos fracos da CII e CIII. Na área dialectal a que pertence o noso autor prodúcese a neutralización dos verbos de ambas as conxugacións a favor da segunda (*-eu*), tal e como se documenta nas súas obras: *veu* (NME 51), *sigueu* (CG 91), *escribeu* (GG II, 13ª, 1), *subeu* (MI 39), *saleu* (MI 98). Canto á P4 do pretérito, perviven na Galiza os dous resultados que se documentan na obra de Armada Teixeira: *vistes* (AT 82) e *viñéstedes* (MV), sendo esta última propia da zona dialectal do autor. No que se refire ao copretérito e ao pospretérito cómpre comentarmos que mantén o acento etimolóxico, característico do norte das provincias de Lugo e A Coruña: *chorábamos* (CG 66), *tiñámos* (GG II, 12ª, 1).

A interferencia do español déixase notar na confusión de usos entre o antepretérito do indicativo e o pretérito do subxuntivo en expresións como as seguintes: *por-qu'auqu'o dito fora certo* (NME 18), *si non fora certa o canto* (MI 62) ou *e si foran as sardiñas* (MV). Alén destas achamos outras en que o uso dunha ou outra forma se realiza correctamente: *si miña nai fose alí* (AT 38), *si unha estrela se fixase / Dondé houbèse máis vertú* (NME 55), *que nos concedese amparo* (CG 26), *qu'a gaita gallega fora a italiana* (GG II, 9ª, 8).

Do modo subxuntivo, alén do xa sinalado, é mester destacarmos o documentado ao respecto do futuro, tempo característico do sistema lingüístico galego-portugués, e que na actualidade se encontra en retroceso na Galiza por influencia do español. Armada Teixeira emprégao, cando menos, en dúas ocasións: *y-eu n'o meu colo o quixér* (AT 76) e *nin cometela quixér* (GG II, 10ª, 8). Por outra parte, o infinitivo flexionado é outro dos trazos singulares do noso sistema lingüístico e, ao igual que o anterior, desgrazadamente en recuamento na lingua oral. Nas obras decimonónicas

¹⁰ Segundo sinala Mariño Paz (1999: 440) estas formas "aparecen de contino tanto nos textos da Idade Moderna coma nos das décadas iniciais do século XIX, é dicir, en documentos nos que, dada a case total ignorancia de tradición escrita en que se compuxeron, non resulta aceptable pensar que gravitaba sobre eles o peso dalgunha autoridade literaria entón inexistente. Así pois, esa profusión textual debeu se-lo trasunto da grande popularidade nomeadamente en extensas áreas da Galicia occidental en que modernamente, nos últimos cen ou cento cincuenta anos, acabaron impoñéndose as formas con */-d-/* mantido: *cantades*, *cantabades* ou *cantábades*, *cantaredes*, *cantade* etc."

recóllense abundantes exemplos, rexistrándose tamén nos textos do noso autor: *dan tono de seren* (CG 31) ou *a cinza de seren* (MV), aínda que minoritariamente.

Chamaremos a atención a continuación sobre as particularidades dialectais rexistradas a respecto dos verbos irregulares, centrádomonos naqueles aspectos máis representativos. En primeiro lugar debemos comentar a presenza dun verbo regular que se fai irregular pola influencia do español, sendo cada vez máis común en falantes de menor idade. Trátase do verbo *andar* que se recolle, na obra de Ramón Armada Teixeiro, coa raíz de pretérito *adiv-*: *andiven*¹¹ (CG 91). Con relación á P1 do pretérito do indicativo do verbo *dar*, resólvese en galego en *dei* ou en *din*, que se pode explicar por analoxismo con *vin* ou como españolismo a partir da forma *di*. Armada Teixeiro emprega esta, característica do norte de Lugo e da Coruña: *si o que din as xentes* (NME 23), *y-eu díncho* (AT 92), *Qu'a maneira, a que din forma* (GG II, 11^a, 8).

Respecto ao verbo *dicir*, temos de comentar que alterna as forma típicas do galego mindoniense: *non dicen as historias* (CG 33), *dicen eles* (GG II, 9^a, 7), *y-ô fin dice* (MI 36) coas predominantes no resto do territorio galego: *o pícaro di* (NME 16), *si o que din as xentes* (NME 23), *díslle eu padezo* (CG 86). Canto a esta forma verbal, rexístranse nas obras de Armada Teixeiro algúns castelanismos como *decindo a pouco* (CG 40) ou *decíame* (MV). Outro españolismo sistemático é o copretérito do verbo *ir*: *s'iba salcochár* (NME 32), *ibas á espatar* (MI 45), *iban á mais* (AT 32), *ibame arrechegando* (MV). Como formas para a P4 e P5 do presente deste verbo rexistramos unicamente *vamos* e *vades*: *vosoutros si que vades a fuxir* (NME 52), *vamos axiña qu'o baile empezou* (CG 68).

O verbo *ouvir*, presente na lingua de Armada (MI 57), convive na Galiza coas variantes *oír* (CG 6) –a máis empregada polo autor– ou *ouír*, da que non se rexistra ningún exemplo. No referente ao verbo *poder* destacamos o uso sistemático –fronte a *pod*– da raíz *poid-* no presente de indicativo, característico do norte de Lugo e nordeste da Coruña (Fernández Rei 1991: 98) (*póido resistir*).

Destaca o uso das formas de P2 e P3 *quer* e *ques*, habituais no occidente da Coruña, norte de Lugo e galego exterior. Posibelmente tivesen unha maior densidade no XIX, pois son case en exclusiva as solucións que emprega Armada Teixeiro: *si non quéis que te machuque* (NME 24), *si outra cousa non quèr Dios* (CG 27) etc.

É recorrente, fronte á forma xeral moderna *traer*, a alternativa *traguer*: *tra-gued'unha bota de viño* (NME 54), *traguede feixes d'espiñas* (MV), que aparecerá habitualmente na lingua literaria dos autores desta área mindoniense. No modo

¹¹ Saco Arce (1967: 85) comenta que “en lugar de *estiveses* y *andivese*, Sarmiento dice *estese*, *andase*. Son contracciones parecidas a las latinas *iudicasset*, *audissem* por *iudicavisset*, *audivissem*”.

indicativo destaca no presente a forma con vogal temática irregular *i* en, por exemplo, *que diaños te trai por aquí* (NME 27), *conta que lle trái* (MI 27). Aliás, no tema de pretérito do verbo *saber*, o uso do radical *soup-*, en oposición á forma maioritaria *soub-*, é máis un trazo que revela a procedencia do noso autor: *soupe se honrar* (GG II, IX^a, 8), *soupen que viña destinado* (NME 59), *soupera amañar* (MI 44).

Emprega para a PI do Presente de indicativo e subxuntivo dos verbos *valer* e *saír* as raíces *vall-* e *sall-*, típicas, segundo Fernández Rei (1991: 100-102), da metade oriental da provincia da Coruña e do norte de Lugo: *Eu sallo* (NME 61), *¡Vállame a Virxen Santísima!* (MI 37). Armada utiliza estas para outras persoas, mais que segundo a nosa opinión teñen máis a ver cun problema de ortografía, utilizando o duplo *-ll-* por analoxía coa primeira persoa: *Salle Anxelo* (NME 55).

En definitiva, o estudo dos textos de Armada Teixeira revela un escritor fiel á súa fala no tocante aos verbos, mais que non puido escapar da presión que o español exercía na época, reflectida a través de distintas formas verbais: *podreiche* (NME 26), *habría* (CG 26), *podrás* (CG 45), *creera* (MI 24) etc. Documentábase minoritariamente a utilización de tempos compostos –inexistentes en galego– como *haber axudado* (GG II, 12^a, 1), *habías mandado* (NME 59) e *houberas sido* (AT 27).

Por outra parte, resulta interesante tamén a análise das construcións perifrásticas máis recorrentes nas obras do ortigueirés. Emprega en numerosas ocasións a perífrase temporal de futuridade *ir* + *infinitivo*, introducindo habitualmente a preposición *a* como elemento de relación: *vamos a tascar* (NME 10), *¡Boa farta vou á ter hoxe!* (MV). Tamén é moi produtiva a construída con *haber* + (*de*) + *infinitivo*: *has de facerme dono* (CG 64), *has de acougar* (MI 22), *hái morrer* (MI 39), con valor temporal de futuridade ou modal obrigativo. Frecuente é tamén o uso da perífrase imperfectiva *estar* + *xerundio*: *estabán parolando* (NME 24), *está decidindo* (CG 85), fronte á construción desta con *a* + *infinitivo*.

3.3.4. O adverbio

Aqueles adverbios que presentan algunha peculiaridade ou que sexan susceptibles de caracterización dialectal serán os que nos ocupen a continuación. Canto ás formas adverbiais de lugar absoluto obsérvase un predominio das formas da serie en *-í* –maioritarias na Galiza– especialmente en *Non mais emigración: aquí* (NME 30), *at-ahí* (NME 36), *alí* (CG 88). No resto de obras achamos outras como *eiquí*: *y-eiquí n'os maizales* (CG 52), *eiquí miñas cinzas* (AT 100), *s'aparece por eiquí* (GG I, 4^a, 7), y *eiquí me tedes* (MV) ou *ehí*: *Ehí vai!* (MI 37). Igualmente, documéntanse con frecuencia as formas da serie en *-ó, -á*: *D'aco / Pr'alá / D'a eira / O lar; D'alo / Pr'alo / D'o monte / ochan* (NME 21), *acó unha fonte que nace* (CG 74), *y-ela aló* (AT 21), pois son estas as que teñen unha maior presenza na zona dialectal do noso autor, aínda que alternado coas formas en *-á*.

Canto aos adverbios de dúbida, están presentes as variantes *quizais* (NME 19, GG I, 2ª, 8), *cicais* (CG 47, AT 80) e *quizabes* (CG 86, MI 48), que só se rexistra no extremo oriental e nororiental de Lugo. Dentro deste grupo destacamos tamén a presenza do adverbio *seique* (NME 18, CG 16, MI 24 etc.).

Dos adverbios de tempo relativo cabe destacar o uso da forma popular *inda* (CG 35), *qu'inda póida* (AT 67), *inda o sol non parecera* (MI 61), *Inda estades á tempo* (MV); e *namentras* que foi moi recorrente durante todo o século XIX e parte do XX, e que hoxe aínda se mantén na lingua oral: *chorosa namentras os coros cantan* (NME15), *namentras, c'o percura* (MI 25). Cómpre salientar o uso case exclusivo do adverbio galego *entón* (NME 12, CG 24, MI 25), mais non ten a mesma sorte *mentres*, pois rexístrase en exclusiva baixo a forma castelanizada *mentras* (AT 52). En relación ás formas adverbiais de tempo absoluto, é singular o uso de *onte*: *ás nòve d'a mañan d'onte* (NME 56), *Que se m'esquenceron onte* (GG I, 11ª, 8), sen o incremento do -s analóxico, tal e como sería de esperar pola procedencia do autor. Achamos tamén algún caso da forma dialectal *antronte* (AT 77). O adverbio de futuridade *mañá* aparece en Armada coas súas dúas realizacións posíbeis: *mañan* (NME 56) e *maña* (MI 43), que é a característica da área mindoniense. Finalmente, salientamos a colocación tradicional do adverbio de cantidade *máis*: *máis nunca* (CG 4), que hoxe tende a se pospor.

3.3.5. Nexos: conxuncións e preposicións

Tal e como foi exposto no apartado dedicado á grafía, sempre representa a conxunción copulativa *e*, cando vai seguida de vogal, como *i*, moi en consonancia coa tónica xeral en toda a literatura do século XIX e principios do XX. A condicional *se*, aparece maioritariamente baixo a forma *si* (CG 57, NME 27) e emprega como conxunción concesiva *anque* (NME 39, CG 64, AT 52 etc.), que posibelmente sexa unha adaptación do español *aunque*, que tamén se recolle nalgunha ocasión. A adversativa *pero* rexístrase, maioritariamente, so a forma popular *pro* (MI 32), aínda que achamos tamén algún caso do primeiro: *pero esquencéuseme o rabo* (MI 45). A conxunción *senón* aparece sempre baixo a forma española *sinón*.

Canto ás preposicións, destacamos o uso sistemático de *hastra*: *hastr'as miñocas no vrau* (CG 65), *hastr'os vermes* (AT 7), *hastra qu'o fin* (MI 37), e que non é máis que unha galeguización da forma foránea co acrecentamento do -r- epentético (Ferreiro 1999: 365). Utiliza indistintivamente as formas *desde* (MI 57; CG 27) e *dende* (NME 27; CG 57), sendo esta última moi común na lingua literaria debido á procura de se afastar do español. A conxunción *para* simplifícase en *pra*, o cal é curioso pois na área mindoniense o que se escoita aínda na actualidade é *pa*.

3.4 Nivel léxico

A fidelidade á lingua oral reflíctese tamén no léxico empregado por Armada Teixeira e, a través de cada unha das súas obras, observamos unha morea de palabras que por distintas razóns hoxe está a caer en desuso, ben polas mudanzas na sociedade ou pola presión do español, que xa se pon de manifesto na obra do autor. Para estudarmos o léxico en Ramón Armada Teixeira farase fincapé naquelas palabras que se afastan do modelo de galego actual, por seren dialectalismos, castelanismos ou diferencialismos.

3.4.1. Formas dialectais

A área mindoniense, a que pertence Ramón Armada Teixeira, presenta certas particularidades que a fan singular no que se refire ao léxico, aínda que, como xa comentamos, tamén ten trazos morfolóxicos e fonéticos de seu. En grande parte da Galiza, emprégase *pícaro* para designar unha persoa burlesca, maliciosa, porén, no padrón dialectal do noso autor é sinónimo de *nenó*. Armada Teixeira usa esta forma dialectal en numerosas ocasións en *NME* (18, 34, 36 etc.), en canto que nas restantes prefire outras formas como *cativo* (-a, -s) ou *nenó* (-a, -s). Outro termo que antigamente era maioritario nesta área é *golpe* (*CG* 15, *MI* 37), hoxe usado na lingua literaria como sinónimo do estendido *raposo*.

O noso autor utiliza como palabras sinónimas *mainzo* (*CG* 12) e *milló* (*CG* 16, *MI* 53), designando o primeiro nas súas orixes o cereal americano e o segundo unha clase deste máis pequeno. Actualmente, segundo sinala Álvarez (2002: 79), *milló* é a forma maioritaria e *maínzo* é a característica do norte da provincia da Coruña. Na parte nororiental da Galiza domina o termo que coincide co castelán, *maíz*. Así, Armada emprega, xunto á forma propia da súa área xeográfica, a dominante no país, unha vez máis polo seu contacto con homes e mulleres da parte occidental.

Utiliza tamén indistintivamente *cochos* (*MV*) e *porcos* (*CG* 31), pois segundo Fernández Rei (1990: 132) ambas son características da área mindoniense, aínda que apunta diferenzas entre a zona luguesa onde sempre se emprega a primeira forma, e a zona coruñesa –a que pertence o noso autor– e na que se documentan tanto *cocho* como *porco*. Interesantes son tamén as palabras *sacaveira*, réptil coñecido na maior parte da Galiza como *píntega* ou *sacarrancha* (*GG* I, 5ª, 8), e *tiligas* (*MI* 24, *MV*), forma nada frecuente no resto do territorio galego para o que se coñece como *cóxegas*. Para nomear a árbore froiteira que dá mazás temos en galego distintas posibilidades, de que Armada escolle a forma mindoniense en todas os casos, *maciñeiras* (*CG* 77, 87). Finalmente, o coñecemento lexical do noso autor evidénciase no uso de distintas formas dunha mesma palabra nos seus textos. Así achamos *bicos* (*AT* 13) ao carón de *beixos* (*AT* 47).

3.4.2. Castelanismos

É no ámbito lexical onde se mostra de maneira máis forte a presión que o español, como lingua dominante, estaba a exercer sobre o galego,. Algúns castelanismos aparecen recorrentemente e outros só ocasionalmente, en moitos casos alternando coas formas propiamente galegas. Canto aos primeiros destacamos os seguintes: *gallego* (-a, -s) (NME 39, 49, CG 3, 11, AT 8, 26, CC II, VI, MI 29 etc.), *dios* (NME 21, 56 etc, CG 51, AT 23, MV etc), *duda* (NME 15, 23), *lenguas* (NME 19, 29, AT 42), *carretera* (NME 30), *pasión* (CG 2), *siesta* (CG 7), *bellezas* (CG 7), *pobo donde nacin* (CG 25), *calles* (CG 36), *Villalba* (CG 38, MV), *merluzas* (CG 48), aparecendo a forma propiamente galega *pescada* (NME 32), *desayuno* (MI 23), *sangre* (MI 54), *adios* (MI 71, AT 4), *requesón* (MV), *hermosura* (AT 1), *anxel* (AT 13), *Reina* (AT 29) etc. Posibelmente, o uso de formas castelanizadas sexa menor nas obras posteriores a *Caldo de Grelos*, o que demostra o interese de Armada Teixeiro por mellorar a súa lingua afastándoa do español.

3.4.3. Diferencialismos

O uso destas falsas formas galegas débese ao afán dos escritores do século XIX de fuxiren da lingua que estaba a marxinar e subordinar o galego. Forman un grupo menor que os castelanismos e dialectalismos na obra do autor e destacan, entre outros, *paradiso* (CG 7), *pimpolo* (AT 8), *estrane* (NME 28), *concencia* (CG 83) etc.

3.4.4. Algúns procedementos para a formación de palabras

Canto á formación de palabras, cabe pórmos en relevo dous mecanismos utilizados con ampla frecuencia: a sufixación e, en menor medida, a composición. No referente á sufixación, destaca o uso do apreciativo -iñ-, maior en NME, talvez por se tratar dunha obra dialogada. O sufixo tivo unha grande rendibilidade ao longo de toda a historia do galego, provocando que, en ocasións, sexa utilizado como motivo de burla. O autor utilízao tanto con substantivos, como con adxectivos, adverbios ou pronomes. Tendo en conta o contexto, podemos sinalar que, con frecuencia, é empregado con valor apreciativo, dándolle así un matiz positivo: *mariquiña d'os meus soños* (NME 12), *¡Cantas veces hirmanciñas!* (CG 27), *Pombiña* (AT 80), *terriña* (GG II, 7ª, 8), *has de acougar Antonciño* (MI 22) etc. Nalgúns casos convértese nun intensificador, especialmente cando vai unido a unha base adverbial, adquirindo así certo carácter de superlativo: *cargadiño* (NME 56), *amodiño* (MI 47), *caladiñamente* (NME 58), *paseniñamente* (CG 91).

O resto dos diminutivos non chega a ter a presenza deste e algúns presentan connotacións diferentes. O sufixo -el- (-ol-a) ten pouca produtividade en galego debi-

do á extensión de *-iñ-*, e ficou en vocábulos que xa estaban lexicalizados na época: *cachelos* (CG 49), *cancela* (AT 4), *portela* (MI 33) etc. Máis un sufixo apreciativo diminutivo que aparece nestas obras é *-ech-(-o-)*, *-ach-(-o)*, que opera sobre nomes substantivos e adxectivos: *cornechos* (CG 49), *regacho* (CG 74).

Dentro dos sufixos nocionais salientamos pola súa produtividade o uso de *-eir-* (*a, o*) como formador de adxectivos e substantivos. Presenta moi diversos contidos, dos cales destacan os seguintes:

1. Indicador de oficio ou profesións: *taberneira* (NME 17), *caseiro* (NME 18), *mariñeiros* (CG 47), *zoqueiro* (MI 41), *fogueteiro* (AT 95) etc.
2. Sufixo locativo: *palleiro* (NME 16), *carreiro* (CG 45), *ribeira* (AT 6) etc.
3. Indicador de instrumento, utensilio ou obxecto: *sombreiro* (NME 34), *monteiras* (NME 16), etc.
4. Sufixo de acción, presenta frecuentemente forma feminina, e en xeral a forma do sufixo é *-deira*: *sentadeiras* (NME 49), *brincadeiras* (MI 24) etc.
5. Formador de substantivos colectivos: *silveiras* (CG 31, 64, 75), etc.
6. Formador de nomes de árbores froiteiras: *castiñeiro* (NME 27), *limoeiro* (CG 60), *figueiras* (CG 65), *ameneiro* (AT 79) etc.
7. Xerador de construcións adxectivais, especialmente sobre bases substantivas ou adxectivas: *mentireiro* (NME 27), *cativeiro* (CG 91), *larpeiro* (MI 24), *churrusqueira* (GG I, 6^a, 8) etc.
8. Formador de xentilicios: *betanceiros* (NME 37).

Canto aos sufixos nocionais formadores de verbos, é ponderábel nas obras de Armada Teixeira o uso de *-ar*, *-ear* e *-ecer*, por seren estes os que aparecen en maior número de ocasións: *tasca* → *tascar* (NME 10), *craro* → *crarear* (NME 52), *rúa* → *ruar* (CG 24), *noite* → *noitecer* (NME 27), *burbulla* → *burbullar* (MI 31) etc. Finalmente, aínda que os casos de prefixación son menores, temos de destacar o emprego de *re-*, nomeadamente con bases verbais, que proporciona un valor aumentativo: *rebulir* (NME 66), *relembra* (AT 94), *revoan* (MI 67).

Como foi comentado con anterioridade, outro dos fenómenos de formación de palabras máis produtivos na obra de Armada Teixeira é a composición, realizada a través de distintas combinacións, de que sobrancean as seguintes:

1. Verbo + verbo: *ruxe-ruxe* (CG 75), *lambe-lambe* (MI 42).
2. Adverbio + adxectivo: *mal pocado* (NME 38), *mal educado* (GG I, 5ª, 7).
3. Adverbio + verbo: *maldicir* (CG 46).
4. Substantivo + substantivo: *fusco e lusco* (NME 31).
5. Substantivo + adxectivo: *ollomol* (CG 48), *porco bravo* (CG 75), *pita-cega* (AT 28).

Como puidemos observar nos exemplos propostos, as palabras compostas, unha vez creadas, van manifestando un proceso de fusión entre as partes, que mesmo se reflicte na escritura, podendo representarse con trazo de separación ou ben aglutinadas, dependendo do seu grao de lexicalización.

5. Conclusións

Voltando ás palabras proferidas por Manuel Lugrís Freire para Armada Teixeira, “pensaba en gallego”, podemos dicir que o seu amigo non se equivocaba, e así parece ficar demostrado na nosa análise lingüística, pois tratou de dignificar a lingua a través das súas obras nun momento en que o idioma estaba a sufrir un forte retroceso por cuestións de tipo político-social. Resumindo o analizado, podemos sinalar que a falta dun modelo ortográfico propio, pois non coñecía a tradición medieval, fai que tanto o autor, como a maioría dos da época, tome como referencia o castelán, mais procurando unha representación gráfica acorde coa fonética e reflectindo todos os fenómenos sintácticos producidos na lingua oral.

Será no nivel morfolóxico onde se manifesten os aspectos máis característicos da lingua de Armada, mostrándose nalgúns casos fiel á fala mindoniense e noutros próximo aos autores que se tomarán posteriormente como modelos para establecer unha lingua literaria. Este influxo é practicamente inapreciábel do punto de vista léxico e domina neste ámbito o seu apego á lingua, que se ve deturpada en ocasións pola presión do español.

Xa para finalizar, cómpre sinalarmos que, por ser o obxectivo deste traballo dar unha visión xeral, non se profundizou especialmente en ningún aspecto, senón que se tentou mostrar aqueles trazos máis singulares da lingua empregada por Armada Teixeira. Alén disto, tentamos neste traballo dar a coñecer un autor esquecido, sinalando aqueles aspectos da súa vida máis relevantes, coa esperanza de, nun futuro, completarmos e mellorarmos este contributo.

5. Referencias bibliográficas

- Alonso Girgado, L. (2002): “Limiar”, en *Aturuxos (Edición facsimilar)*: 9-16 (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro).
- Álvarez Blanco, R (2002): “Viño novo en odres vellos: os nomes do millo”, en Álvarez Blanco, R. / Dubert García F. / Sousa Fernández, X. (eds.), *Dialectoloxía e léxico*: 69-95 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- AT = Armada Teixeira, R. (1898): *Aturuxos. Colección de Cantares Gallegos* (A Habana: Impr. e pap. “La Universal”).
- Carré Alvarellos, L. (1967): *Gramática Gallega* (A Coruña: Editorial Moret).
- Curros Enríquez, M. (1895): “Caldo de Grelos. Versos gallegos por R. Armada Teijeiro”, en *La Tierra Gallega*, 89: 1-3 (9.9.1895).
- CG = Armada Teixeira, R. (1895): *Caldo de Grelos. Versos Gallegos* (A Habana: A propaganda literaria).
- De la Iglesia, A. (1898): “Aturuxos”, en *Follas Novas*: 1-2 (A Habana: J. Ramil y A. Cea).
- Fernández Rei, F. (1991): *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).
- Ferreiro, M (1999) [1995]: *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega. I. Fonética e Fonoloxía* (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe* (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, X. R. / Sánchez Rei, X. M. / Sanmartín Rei, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- GG = Girgado, L. A. (dir.) (2006) [reproducción facsimilada da edición de 1885-1889]: *A Gaita Gallega. Repinica muiñeras, alboradas e fandangos unha vez ‘o mes* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia)
- González González, M. / Fernández Rei, F. (1982): “Anotacións á morfoloxía de Cunqueiro”, en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*: 186-245 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Mariño Paz, R. (1999): *Historia da lingua galega* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- MI = *Milicroques*, en Armada Teixeira, R. (1918): *Da Terriña. Versos Gallegos* (A Habana: Editorial Ruiz).

MV = Armada Teixeiro, R. (1912): “Mexamorno en Viveiro. Falando solo (Con retranca e sin ela)”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo 5, nº 54-55: 174-177.

Neira Vilas, X. (1994): “Significación de Ramón Armada Teixeiro”, en *Memoria da emigración*, I: 239-246 (Sada: Edicións do Castro).

NME = Armada Teixeiro, R. (1886): *¡Non mais emigración! Apropóseto libreco-dramático en dous autos e sete cuadros* (Habana: Imprenta d’a correspondenza de Cuba).

Saco Arce, J. A. (1967) [1868]: *Gramática Gallega* (Ourense: Gráficas Tanco).

TG = Alonso Girgado, L. / Monteagudo Cabaleiro, T. (2003) (eds.): *La Tierra Gallega (A Habana, 1884-1896)* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).

**Xosé Ramón Freixeiro Mato: *Lingua, Nación e Identidade*,
Edicións Laiovento, Santiago de Compostela, 2006, 271 páxinas.**

O profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato acaba de publicar o seu último libro (*Lingua, Nación e Identidade*, Edicións Laiovento, Colección Ensaio), traballo que vén completar e complementar unha súa anterior obra, *Lingua Galega: Normalidade e Conflito*. A presente miscelánea componse, por unha parte, de materiais xa publicados con anterioridade, como relatorios de congresos e artigos para diversas revistas, e, por outra parte, de materiais especificamente redixidos para a ocasión. A colectánea que nos ofrece Freixeiro Mato está conformada por seis capítulos de temática variada: a orixe do galego como romance diferenciado, a delicada situación da lingua ao encontrarse entre dous idiomas que contan co respaldo dun estado propio (o español e o portugués), a singular posición do galego no marco da Unión Europea, as recentes reformas normativas e, por último, a evolución do idioma na escrita a través de nove dos seus máis relevantes autores.

Para principiarmos coa recensión en si propia, debemos aludir aos conceptos tratados na obra e á definición que propoñen para estes algúns dos dicionarios galegos. De collermos por exemplo o *Dicionario da Real Academia Galega* (DRAG), veremos que o termo ‘lingua’ aparece definido como: “3. Código verbal natural usado polos membros dunha sociedade concreta, que está constituído por un variado repertorio de elementos e regras” (p. 713). Este vocábulo vaise converter nun dos principais signos identitarios de Galiza como nación, unha síntese da súa personalidade histórica, ou, como o propio autor o define no “Limiar” (p. 7-9), “principal sinal de identificación colectiva”. Canto á palabra ‘nación’, defínese como “Comunidade humana, instalada nun territorio definido, que pode estar ou non politicamente organizada como estado, e que se caracteriza por ter unhas tradicións históricas e culturais comúns, os mesmos intereses económicos, e unha unidade lingüística ou relixiosa” (p. 806). De aquí pode extraerse esa conciencia de compromiso político para co país en tanto que nación singularizada. Por último, o DRAG dinos o seguinte acerca da palabra ‘identidade’: “2. Conxunto de características ou elementos que definen unha persoa ou cousa fronte ás demais, o que fai que sexa recoñecida como tal” (p. 626). Aínda que nesta terceira definición poida botarse en falta unha referencia explícita aos grupos sociais e ás comunidades humanas (en

tanto que entidades “individualizadas” ou “identificadas”, en definitiva), o certo é que os trazos nela apuntados poden moi ben aplicarse ao caso galego. Xa que logo, podemos comprobar que os tres vocábulos se complementan facilmente entre si: a lingua (idioma) constitúe unha das características conformadoras do concepto de nación e, asemade, parece evidente que sen lingua propia non existe nación como tal, e que sen estas dúas resulta imposíbel posuír unha identidade propia e diferenciada. A partir destes conceptos base, inherentes a todo o pobo con conciencia de seu, o autor vai analizando o percurso da nosa lingua ao longo dos tempos até chegar ao momento presente.

Baixo a epígrafe “De Galego(-Portugués) a Galego ou Português” (p. 11-22) agóchase a xénese do sistema lingüístico galego-portugués. So a óptica do galego como base primitiva do portugués, denúnciase a manipulación interesada da nosa historia medieval por parte dos historiadores oficiais, así como a pretensión de estudar a nosa situación lingüística inicial sen coñecer as circunstancias externas que a condicionaron. En definitiva, preténdese pór de relevo o longo e profundo proceso de colonización española, así como a imprescindíbel necesidade de coñecermos a historia propia para avanzarmos máis un chanzo na conformación da nosa identidade.

Canto á denominación do sistema lingüístico, o autor pon de manifesto que o nome máis apropiado debe ser ‘galego’, xa que foi en Galiza (Gallaecia) onde se xerou a lingua en cuestión, deslocándose posteriormente cara ao sur en virtude de certos factores socio-políticos. De feito, as etiquetas ‘portugués’ e ‘galego-portugués’ son serodias: a primeira comezou a aplicarse tras a ruptura territorial da antiga Gallaecia e a creación do reino independente de Portugal, ao paso que a segunda emerge no s. XIX. En consonancia co que vimos de dicir, non debe estrañarnos que na *Historia Compostellana* o romance común a galegos e portugueses sexa chamado nunha ocasión *gallaeco vocabulo*, aínda sendo predominante a máis xenérica denominación *romanço*, á par de *linguagem* e *a nossa linguagem*, tamén empregadas nesa obra. Esta situación, porén, nunca foi ben asumida pola xeneralidade dos autores portugueses, salvando excepcións como Carolina Michäelis de Vasconcellos, quen chegou a afirmar que “Portugal xorde no interior da Gallaecia”, un aserto realmente coherente cos datos históricos expostos neste capítulo.

A segunda epígrafe, “O galego e o portugués ou O galego vs. portugués” (p. 31-64), versa, en palabras do autor, sobre “a negación ou minusvaloración do galego” por parte dos estudos portugueses. Esta negación plásmase claramente no constante e intencionado esquecemento do galego nas gramáticas quíentistas portuguesas, así como tamén nas gramáticas modernas e nos distintos estudos dialectolóxicos, sempre con contadas excepcións en que, a pesar de o incluíren como obxecto de estudo, non lle recoñecen o seu carácter de xerador do sistema. Máis en concreto, nos estudos dialectolóxicos chega a considerarse a lingua do norte como arcaica e

